



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 43

Sesión plenaria
12 de marzo de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 538 (12/PNP-000033)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis

Sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co apoio ao futuro Xacobeo 2027 ao abeiro da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

4.2 19277 (12/PNP-001517)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e dous deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación e regulación dunha «Valedoría da Igualdade» como autoridade independente de defensa cidadá contra a discriminación por razón de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

4.3 20038 (12/PNP-001597)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego destinadas a mellorar a situación laboral das mulleres en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f1, do 19.02.2025

4.4 20116 (12/PNP-001610)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para avanzar cara á consecución da igualdade real entre mulleres e homes e á superación da violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f1, do 19.02.2025

4.5 20353 (12/PNP-001632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre accións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da xestión en Galicia do Fondo de Transición Xusta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162f1, do 26.02.2025



4.6 20603 (12/PNP-001655)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e dezanove deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa vulneración do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres e coa desvalorización dos cargos políticos baseándose unicamente no seu xénero

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 162f1, do 26.02.2025

Punto 5. Interpelacións**5.1 1137 (12/INT-000050)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e quince deputados/as máis**

Sobre os concertos sanitarios como mecanismo do modelo de sanidade pública

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 10f1, do 12.04.2024

5.2 19844 (12/INT-000789)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre os resultados que está a ter o último plan do Goberno galego de transporte público por estrada e o grao de cumprimento dos contratos por parte das empresas concesionarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

5.3 20084 (12/INT-000805)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma**

Sobre a xestión das políticas de vivenda por parte da Xunta de Galicia, especialmente das dirixidas á mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 21103 (12/POPX-000035)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto do grao de equidade que está a conseguir no financiamento das administracións galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

6.2 21104 (12/POPX-000036)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as medidas do Goberno galego para avanzar na igualdade real das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 20074 (12/POP-003104)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre os eventuais estudos ou informes dos que dispón a Xunta de Galicia respecto do alcance dos estragos que está a producir o crecemento da poboación de xabaril

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

7.2 21081 (12/PUP-000085)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a xestión do tratamento dos residuos sólidos urbanos na planta de Nostián, na Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f2, do 05.03.2025

7.3 18601 (12/POP-002895)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e tres deputados/as máis

Sobre a creación e composición do Observatorio das Mulleres do Mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

7.4 19369 (12/POP-002998)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e dous deputados/as máis

Sobre as queixas relativas á calidade da comida na Residencia Dolores Díaz de Dávila, en Ortigueira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025

7.5 21091 (12/PUP-000087)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o tempo que tardará a Xunta de Galicia en aceptar o plan de condonación de débeda pública que lle propón o Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

7.6 19636 (12/POP-003040)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as medidas que está disposta a adoptar a Xunta de Galicia orientadas a afrontar o incremento de casos de agresión ao persoal sanitario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

7.7 19839 (12/POP-003057)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a dotación do novo centro de saúde de Moaña do servizo de urxencias sanitarias e doutros servizos incluídos no convenio asinado entrambas as administracións, autonómica e local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025



7.8 20143 (12/POP-003139)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis**

Sobre a adopción de medidas para mellorar a seguridade do persoal sanitario e dos usuarios do Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

7.9 17375 (12/POP-002755)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e nove deputados/as máis**

Sobre as actuacións que leva a cabo a Xunta de Galicia co fin de elaborar o plan de usos do Teatro Cine Fraga, de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 145f1, do 27.01.2025

7.10 20303 (12/POP-003205)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna**

Sobre o procedemento seguido pola Xunta de Galicia nas axudas ás explotacións afectadas pola enfermidade hemorráxica epizoótica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

7.11 21085 (12/PUP-000086)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da situación do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo denunciada polo seu propio persoal investigador

Publicación da iniciativa, BOPG5 nº 167f2, do 05.03.2025



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor presidente comunica a ausencia de dona Paloma Castro Rey (S). (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto do grao de equidade que está a conseguir no financiamento das administracións galegas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Gómez Besteiro (S). (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 13.)

Réplica do autor: Sr. Gómez Besteiro (S). (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas do Goberno galego para avanzar na igualdade real das mulleres. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 19.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 22.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, con motivo da conmemoración do Día Mundial da Síndrome de Down, que é aprobada por asentimento. (Páx. 23.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para avanzar cara á consecución da igualdade real entre mulleres e homes e á superación da violencia machista. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 25.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 25.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 31.) e Sra. Pérez López (P) (Páx. 31.)

A señora Rodríguez Dacosta (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 34.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da xestión en Galicia do Fondo de Transición Xusta. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 35.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Golpe Acuña (BNG).* (Páx. 36.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Iglesias Rey (S).* (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 41.) e *Sr. Lorenzo Gómez (P)* (Páx. 41.).

O señor Golpe Acuña (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 44.)

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e dezanove deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa vulneración do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres e coa desvalorización dos cargos públicos baseándose unicamente no seu xénero. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta, Candia López, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 45.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Espinosa Mangana (S).* (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 50.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 50.).

A señora Arias Rodríguez (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 52.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Cristina Sanz Arias e oito deputados/as máis, sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co apoio ao futuro Xacobeo 2027 ao abeiro da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 54.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Noa Olalla Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego da creación e regulación dunha «Valedoría da Igualdade» como autoridade independente de defensa cidadá contra a discriminación por razón de xénero: *rexeitada por 25 votos a favor, 38 en contra e 9 abstencións.* (Páx. 54.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as medidas que



debe adoptar o Goberno galego destinadas a mellorar a situación laboral das mulleres en Galicia: *aprobada por 47 votos a favor, ningún en contra e 25 abstencións.* (Páx. 54.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para avanzar cara á consecución da igualdade real entre mulleres e homes e a superación da violencia machista: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 55,)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da xestión en Galicia do Fondo de Transición Xusta: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e 1 abstención.* (Páx.) 55.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e dezanove deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa vulneración do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres e coa desvalorización dos cargos políticos baseándose unicamente no seu xénero: *aprobada por 39 votos a favor, ningún en contra e 8 abstencións.* (Páx. 55.)

Interpelación de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e quince deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os concertos sanitarios como mecanismo do modelo de sanidade pública. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 56.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño).* (Páx. 59.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 63.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño).* (Páx. 65.)

Interpelación de D. Paulo Ríos Santomé e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados que está a ter o último plan do Goberno galego de transporte público por estrada e o grao de cumprimento dos contratos por parte das empresas concesionarias. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 67.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 70.)

Réplica do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 75.)

Interpelación de D. Carlos López Font e de D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a xestión das políticas de vivenda por parte da Xunta de Galicia, especialmente das dirixidas á mocidade. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. López Font (S).* (Páx. 77.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue).* (Páx. 79.)



Réplica do autor: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Alle-gue)*. (Páx. 83.)

Suspéndese a sesión ás dúas e dezaseis minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

Pregunta de D^a Lara Méndez López e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os eventuais estudos ou informes dos que dispón a Xunta de Galicia respecto do alcance dos estragos que está a producir o crecemento da poboación de xabariil. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Méndez López (S)*. (Páx. 85.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Me-juto)*. (Páx. 86.)

Réplica da autora: *Sra. Méndez López (S)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 88.)

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a xestión do tratamento dos residuos sólidos urbanos na planta de Nostián, na Co-ruña. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 89.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Me-juto)*. (Páx. 90.)

Réplica do autor: *Sr. Trenor López (P)*. (91.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 92.)

Pregunta de D^a Patricia Iglesias Rey D^a María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos So-cialistas de Galicia, sobre o tempo que tardará a Xunta de Galicia en aceptar o plan de con-donación de débeda pública que lle propón o Goberno central. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Iglesias Rey (S)*. (Páx. 93.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 94.)

Réplica da autora: *Sra. Iglesias Rey (S)*. (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 96.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia a acumulación das preguntas que figuran na orde do día como puntos 7.6 e 7.8 para a súa formulación conxunta. (Páx. 97.)



Pregunta de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que está disposta a adoptar a Xunta de Galicia orientadas a afrontar o incremento de casos de agresión ao persoal sanitario. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a adopción de medidas para mellorar a seguridade do persoal sanitario e dos usuarios do Servizo Galego de Saúde. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención das autoras: *Sra. Amigo Díaz (P) e Sra. Espinosa Mangana (S)* (Páx. 98.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 99.)

Réplica das autoras: *Sra. Espinosa Mangana (S) e Sra. Amigo Díaz (P)* (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 102.)

Pregunta de D. Pablo Ríos Santomé e D^a María Monserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a dotación do novo centro de saúde de Moaña do servizo de urxencias sanitarias e doutros servizos incluídos no convenio asinado entrambas as administracións, autonómica e local. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 104.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 105.)

Réplica do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 107.)

Pregunta de D^a Carmen María Pomar Tojo e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que leva a cabo a Xunta de Galicia co fin de elaborar o plan de usos do Teatro Cine Fraga, de Vigo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. García Comesaña (P)*. (Páx. 108.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 109.)

Réplica do autor: *Sr. García Comesaña (P)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)*. (Páx. 111.)

Pregunta de D^a Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o procedemento seguido pola Xunta de Galicia nas axudas ás explotacións afectadas pola enfermidade hemorráxica epizoótica. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández González (BNG)*. (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)*. (Páx. 113.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández González (BNG)* (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)*. (Páx. 115.)



Pregunta de D. Secundino Fernández Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da situación do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo denunciada polo seu propio persoal investigador. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 116.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)*. (Páx. 117.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Fernández (BNG)* (Páx. 118.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)*. (Páx. 119.)

Remata a sesión ás cinco e cincuenta e cinco minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanúdase a sesión.

Antes de nada, desculpar a inasistencia á sesión de hoxe de dona Paloma Castro, polo pasamento dun familiar.

E tamén quero, en principio, saudar os alumnos de 1º de bacharelato do IES Rafael Puga Ramón, da Coruña, que hoxe nos acompañan. Benvidos ao Parlamento. E tamén aos nosos invitados que hoxe están na tribuna de invitados.

E xa, sen máis, comezamos co punto sexto, que é preguntas para resposta oral do presidente.

Comezamos coa pregunta de don José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto do grao de equidade que está a conseguir no financiamento das administracións galegas

O señor PRESIDENTE: Señor Gómez Besteiro, cando queira.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Evolución da débeda en Galicia dende o 2005, (*O señor Gómez Besteiro mostra uns documentos.*) 3.381 millóns de euros; 2008, 3.954 millóns de euros; 2024 —é dicir, hai dous días—, 12.154 millóns de débeda. Por tanto, a conta é fácil de botar: 4.000 por 3, 12.000; triplicaron vostedes a débeda pública de Galicia. Claro, en moitos momentos eran aqueles tempos —recordará, señor Rueda, aqueles tempos— de «imos facer máis con menos»; pois parece ser que fixeron menos con máis, con máis débeda pública.

¿Que dicía o Partido Popular por aquel entón? Decía: «*El Gobierno estudia la quita de 80.000 millones de deuda de las comunidades autónomas*»; (*O señor Gómez Besteiro mostra un documento.*) isto era o ano 2014, e dicíao o presidente do Goberno, Mariano Rajoy. «¿Hai algo que facer con esa débeda das comunidades autónomas?», Fernando López Miras, presidente do Partido Popular de Murcia. «*Montoro abre la puerta a condonar parte de la deuda de Cataluña*»; aquí era no 2017 e aquí si propoñían condonar a débeda soamente para Cataluña. Claro, eran os tempos tamén onde vostedes preferían amnistiar fiscalmente os defraudadores que condonarlles as débedas ás comunidades autónomas.

E estamos aquí ante a condonación, que a condonación é tamén financiamento. 12.000 millóns de euros temos de débeda e proponlle o Goberno unha quita de 4.010 millóns de euros, un terzo. Ben, ¿que pasaría este ano? Pois este ano destinámoslle dos orzamentos da Xunta



1.700 millóns a facer fronte á débeda, a amortizar e a pagar intereses; se tiveramos un terzo menos de débeda, teríamos liberado 570 millóns, aproximadamente, salvo que o presidente Rueda fora un presidente antisistema e non quixera nin tivera pensado pagar a débeda, porque ata agora a débeda págase con cartos, non en especie.

Están volcados absolutamente nunha posición que non a comprende ninguén. E dicía eu que condonar é financiar, claro que si, porque coa condonación xa hai criterios que debe seguir ese novo modelo de financiamento. A equidade; esta condonación faise para todas as comunidades autónomas do réxime común. E tamén a poboación axustada, que é algo que nós defendemos e creo que compartimos a inmensa maioría dos galegos e das galegas de ter en conta a poboación axustada para ese novo modelo de financiamento. As dúas cousas están presentes na proposta de condonación da débeda, tanto a poboación axustada como a equidade, e, nese sentido, creo que é bo para Galicia. Por tanto, o que pedimos é que se acepte, que se abrace a esa posición.

É certo que vostede se encontra nunha posición complicada politicamente, nun calexón no que se segue metendo pero que non ten saída. Ou di «si» á condonación, porque vai ter que facer unha declaración de vontade, vai ter que dicir se quere ou non quere, non vai ser unha cuestión automática; por tanto, vai ter que declarar vostede que quere a débeda. Se o fai, se di que «si», estará contradicindo as cousas que vén dicindo habitualmente nos últimos tempos; e se di que «non», cometerá un erro de proporcións absolutamente siderais. Por tanto, non se siga metendo, desde o meu punto de vista, nese calexón sen saída.

¿Que pasou hai quince días? Mandou ao seu conselleiro, o conselleiro de Economía, a Madrid. Fíxolle facer seiscentos quilómetros, non para negociar, para debater, para discutir; non non, para levantarse dunha reunión, para montar un *show*. O *show* continuou ao día seguinte no *prime time* matinal da Televisión Española, cando a preguntas directas de se se ía condonar a débeda por parte de Galicia ou non, as respostas foron: «non sei», «*es que no puedo decirlo en este momento*», «*lo decidiré a la vista del peso correspondiente y de lo que implique*». Ben, en definitiva, creo que non é un espectáculo moi edificante.

A pregunta que lle fago directamente é a mesma, señor presidente: ¿vai aceptar vostede a condonación? ¿Si ou non? Eu creo que si, que a vai aceptar e que a vai pedir, pero a resposta tena vostede. A pregunta é lóxica, á vista das diferentes posicións que se ven nos últimos días, e, por tanto, o que lle pido aquí, en sede parlamentaria, é que responda a esa pregunta que lle facemos: ¿acepta vostede a condonación? ¿Pedirá vostede a condonación? ¿Si ou non? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Besteiro.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.



Bos días, señor Besteiro.

É vostede ben mandadiño, jeh!, deixáronlle un recado a fin de semana e vostede chega aquí e cúmpreo: presionar para o que lle interesa ao señor Sánchez.

Antes de nada, permítame que o felicite. Esta fin de semana vostede foi reelixido secretario xeral; primeiro, felicítoos por vostede mesmo; segundo, felicítoos tamén polo señor Sánchez, e por isto que acaba de dicir; toparase —xa llo dixen moitas veces e acaba de demostralo outra vez— a alguén máis forofo e máis disposto a seguir o que lle mande o señor Sánchez, prexudique ou non prexudique a Galicia; niso ten moita sorte, non ten tanta sorte vostede.

Diciános na fin de semana: «toparémonos na...» —¿como era?— «...na gratuidade das peaxes». ¡E pumba! Onte xa anulada completamente calquera posibilidade de gratuidade das peaxes. ¡Noraboa, señor Besteiro!, (*Aplausos.*) ¡noraboa!

Terceira noraboa para a súa futura vicepresidenta, a señora Pontón. Traballa con tempo, xa quedan tres anos de lexislatura e xa sabe que, como moito, vai ser a súa vicepresidenta, porque —como ben dixo— vostedes van poder. Creo que así non levan bo camiño.

E cuarta noraboa. Sinceramente, para nós, para o noso partido, o noso grupo, e para min mesmo, electoralmente, de verdade que todas as opcións que había era coa que máis contentos estamos, sinceramente. (*Risos.*) Polo tanto, ¡noraboa tamén para nós! ¡Todos contentos! E cando a xente está contenta pois debería haber resultados.

E o señor Sánchez —que estivo aquí, por certo, despois de catrocentos días, máis dun ano, sen pisar Galicia— ao final tivo a ben vir aquí, non para falar de ningún asunto que lles interesa aos galegos, senón para entronizalo a vostede. Por certo, o mesmo, o mesmo do que dixo ao día seguinte das eleccións, que vostede fora o problema, que o problema do batacazo electoral fora vostede, e un ano despois vén poñelo como líder do Partido Socialista, demostrando que o señor Sánchez é capaz, unha vez máis, de contradicirse a si mesmo. Mentres sexan as cousas do Partido Socialista, nada que dicir, alá vostedes; cando son cousas de Galicia, a min preocúpame bastante máis.

E mire, non entendo nada. Vin dende a Arxentina algunha fotografía, vostedes estaban alí en complicidade, e eu agardo que nalgún momento da lóxica euforia que hai neses congresos ou nun momento un pouco de máis intimidade vostede lle dixera o que está dicindo aquí, o que está dicindo tamén a señora Pontón. Supoño que falarían de financiamento, porque, se non, este recado, este mandato que lle deixou enténdese mal. E supoño que vostede lle diría que o que está contando aquí é que eses máis de 4.000 millóns de euros que supoñen a condonación son cartos directos para a Xunta de Galicia. Agora xa os rebaixou: pasamos de 4.000, dixo 1.500 estes días e agora resulta que son 570. ¡Aclárese, señor Besteiro! Dixeron que onte non estivo na comparecencia do señor Corgos, probablemente aprendería bastantes cousas do que hai realmente.

En todo caso, mire, sobre esa ameaza que vostede acaba de repetir: se non a piden, non a terán, non queren condonación e logo queren financiamento, dígalle vostede ao señor



Sánchez que nós —segundo vostede mesmo— xa temos financiamento, que se pedimos a condonación dos 4.100 millóns, imos ter 4.100 millóns para investir —e cito palabras de vostede— en sanidade, en educación e en política social. Dígalle vostede que o que estou dicindo eu, o que está dicindo o propio señor Sánchez, que non vai ser así, estamos todos equivocados, que o que acerta é vostede. E, polo tanto, unha vez que o señor Sánchez se dea conta de que aquí en Galicia xa temos financiamento a través da condonación, dígalle tamén vostede que estamos completamente dispostos, que nos manden eses 4.000 millóns de condonación da débeda. Por certo, Galicia foi a comunidade autónoma na que nos últimos dez anos menos medrou a débeda; entérese ben, señor Besteiro, entérese ben.

Pero en todo caso —vólvolle repetir—, se temos eses 4.000 millóns que vostede nos promete, condonación enseguida; se non, ameazas, ningunha. Dígalle ao señor Sánchez que está equivocado; seguramente o señor Sánchez, se cadra, pedirá desculpas e mandaranos ese financiamento. Porque o Partido Socialista de Galicia, como todo o mundo sabe, cada vez inflúe máis.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, a ver, parece que vén cun *jet lag* pero serio, ¡eh!, desorientado, porque realmente, primeiro, non contesta á cuestión de se vai pedir —porque isto vai de pedir, claro que si—; hai un ofrecemento por parte do Estado, pero hai que aceptalo e pedilo. Isto non é unha cuestión automática, non é unha compensación bancaria; por tanto, nese sentido, vostede vai ter que tomar unha decisión. E é o que lle pido. Vostede é o presidente da Xunta de Galicia, e non contestou, non quixo contestar.

E segue e insístolle: está meténdose cada vez máis nese calexón sen saída. Por un lado, se di que acepta a condonación da débeda, estará contradicindo todo o que leva dicindo e o que leva dicindo ata o día de hoxe; e se di que non acepta a condonación da débeda, eu creo que comete un erro absolutamente de proporcións siderais, claro que si. E esa é a súa responsabilidade, iso é ao que se ten que enfrontar vostede: salvar o argumento que todo o mundo entende fóra de aquí pero que vostede non entende —ou que vostedes non entenden— de que a condonación é mala para as contas públicas de Galicia.

Ben, se persiste nesa situación, terá que dicir «non» á aceptación desa débeda. É unha declaración de vontade entre o Goberno do Estado e a Comunidade Autónoma. Por tanto, vostede terá que dicir algo, e o que lle pido é que diga aquí, en sede parlamentaria, que é o que vai facer, porque a estas alturas supoño que terá unha idea clara tomada e unha decisión tomada. O que non vale é dicir: si, non, depende, non, é que... Haberá que dicir claramente cal é a posición que ten a Xunta.



Por iso lle formulo a pregunta hoxe, porque a comparecencia do señor Corgos —por certo, atendina atentamente aquí nesta sala, informárono mal, totalmente, porque a escoitei de cabo a rabo—, (*Murmurios.*) e nese sentido... (*Murmurios.*) Si, si, si, si, si, si, si. ¡Claro!, totalmente. Por iso, fágolle hoxe esa pregunta, porque a posición do conselleiro xa a escoitamos onte, pero o que quero saber eu, e o que quere saber toda Galicia, é cal é a posición do presidente da Xunta, se vai aceptar esa condonación da débeda e a vai negociar ou non. Esa é a resposta que vostede nos ten que dar.

E eu xa llo dixen hai quince días: evite o ridículo no que está entrando e evítelle a Galicia o problema no que vostede se está metendo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Señor Besteiro, veño perfectamente centrado no que vostede me está dicindo. A resposta é facilísima. Vólvolle dicir: ¿vostede contoulle ao señor Sánchez o que nos está contando a nós, o que nos está dicindo, que imos ter 4.100 millóns de euros? ¿Contounolo? Si. ¿Contouullo a el? Temo que non. Polo tanto, esa ameaza, que non é máis que a primeira parte... Mire, unha cousa: vostede xa foi o dirixente do mes a fin de semana, xa tivo o seu momento de gloria. Agora céntrese en Galicia e non sexa tan submisos a cousas que sabe de sobra que non nos conveñen, señor Besteiro. O dicir «si, bwana» non leva a ningunha parte. Iso tamén o fai o Bloque, bastante mellor, por certo, cun resultado parecido, iso si: Galicia non saca absolutamente nada.

Polo tanto, vostede o que ten que facer é plantarse e darse conta de que o señor Sánchez veu aquí dicir o que está dicindo en todas as comunidades autónomas, nesa xira de congresos que fixo ultimamente. Cóntanos que o señor Feijóo é malísimo, que Vox é unha ameaza; supoño que non se atrevería a dicir que en Galicia tamén o temos aquí. Si, si, témolo, si. (*Murmurios.*) Probablemente vostede lle contou que Vox está en todas partes en Galicia. Así lle vai, señor Besteiro. Esa é a realidade paralela, e así o toma en serio o señor Sánchez e o Partido Socialista de España.

Tamén lles dixo, ben, aquí creo que non, aquí deixou o recado que tiñan que espabilar; iso que di que o Partido Socialista está moi ben en todas partes, aquí creo que non o diría. O que non dixo seguro é que a primeira condonación é a primeira fase para a segunda, que é a desconexión económica de Cataluña. Vostede sábeo de sobra. Iso non o conta o señor Sánchez. Por iso lle interesa tanto a condonación, por iso veñen ameazando, por iso veñen dicindo que, se non a pedimos, que nos atañamos ás consecuencias. ¿Diso faláron tamén? ¿Resulta que quen non pide a condenación non vai ter financiamento? ¿Van estar paradas as entregas a conta, como están ata o de agora? Si, si, señor Besteiro, unha chantaxe que vostedes, vostede especialmente, aplaude coas orellas, aínda que Galicia saia claramente prexudicada.

Mire, é moi triste facerlle de coro e aplaudirlle a quen vén falar do que realmente só lle interesa a el para seguir permanecendo onde está, que é que pidamos todos a condonación,



porque así lle perdoamos as débedas ao independentismo e as pagamos entre todos e despois sepáranse e rompen a igualdade económica de España. Ese é o plan e vostede sábeo de sobra. E vostede aplaude, porque lle dá igual, con tal de seguir ben con quen o mantén como secretario xeral do Partido Socialista, señor Besteiro.

Porque, postos a falar, eu dicíalle, xa que estivo aquí o señor Sánchez despois de máis dun ano: ¿falaron algo das cousas importantes, da débeda da dependencia que ten o Goberno central con Galicia, 2.500 millóns? Diso non falaron nada, ¿a que si? Falaron da condonación, porque lle interesa a Sánchez. ¿Falaron algo desas transferencias que a nós nos racanean mentres as dan a man cheas tamén economicamente ás comunidades autónomas que lle interesan ao señor Sánchez? ¿Falaron diso? Diso non falaron nada, ¿verdade?

¿Falaron dos fondos Next Generation que están en caixóns, que non lles aproveita tampouco ás empresas galegas que teñen proxectos e que supoñerían unha inxección importante económica en Galicia? Diso non falaron nada, ¿verdade? ¿Falaron da rebaixa do IVE ao peixe? ¿A que non falaron nada? ¿Falaron dos beneficios do Xacobeo, dos beneficios fiscais? Diso non falaron nada. Falaron ao final do que lle interesaba ao señor Sánchez, que son mensaxes que non son para Galicia, porque Galicia dálle igual; máis dun ano sen vir, señor Besteiro, e ao final poñendo aquel de quen dixo que era o problema do resultado electoral. Esa é a importancia que temos para o Partido Socialista.

Mire, se vostede aplaude estas cousas, nós non as imos aplaudir. Insisto: xa tivo vostede o seu momento, agora reaccione, reaccione se quere que as cousas lle vaian ben.

Eu non son quen para darlle consellos, nin vostede ten por que aceptalos, pero mire, voulle dar un. E aínda que electoralmente ao mellor nos conviña outra cousa, vostede ten que reaccionar, o Partido Socialista ten que reaccionar. Non pode seguir dicindo «si, bwana» a todo o que lle convén ao Partido Socialista, pero para outros sitios de España, o que lle convén ao señor Sánchez.

Insístolle: se a condonación consiste no que vostede nos está vendendo aquí, eu dígolle que si. Se a condonación, como me temo, como sei que consiste en que paguemos máis a outros para que outros deixen de pagarnos a nós, nós, dende logo, iso non o admitimos. E vostede aplaude coas orellas. Esa é a explicación de por que ao Partido Socialista lle vai como lle vai.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas do Goberno galego para avanzar na igualdade real das mulleres

O señor PRESIDENTE: Señora pontón, cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.



Señor Rueda, o pasado sábado, este pasado 8 de marzo, as mulleres deste país enchemos as rúas para condenar e loitar contra o machismo e tamén contra ese neofascismo que quere levarnos para atrás, e, mentres, vostede estaba abrazado ao Goberno de Milei, ao señor da motoserra, coa que tamén recorta os dereitos das mulleres. *(Aplausos.)* Aí é onde estaba vostede, toda unha declaración de principios.

Porque o Goberno do Partido Popular, lonxe de ser parte da solución, é parte do problema, e basta con repasar os feitos. Nada máis chegar ao Goberno, cunha man recortaron as contías das axudas ás vítimas de violencia machista e coa outra déronlle recursos públicos a unha rede antiabortista. Suprimiron o Servizo Galego de Igualdade, a Secretaría Xeral de Igualdade e puntos de información, deixando moi claro que lle sobran os mecanismos institucionais a favor das mulleres. Acaban de privatizar os centros de crise 24 horas. Casualidades aquí. ¿Para que? Beneficiar a Eulen. *(Aplausos.)*

A fenda salarial ronda os 5.000 euros anuais, sen que o seu Goberno mova un dedo. No ensino traballan 30.000 persoas, a maioría mulleres, e non teñen o Plan de igualdade que lles exige a lei, están incumprindo a lei. E o colmo do despropósito é que o seu Goberno vulnera os dereitos laborais de centos e centos de traballadoras nos servizos públicos, con condicións que en moitos casos, señor Rueda, deberían de avergoñalo. Aí está a precariedade que denuncian as traballadoras das casas niño, as denuncias das traballadoras das residencias; aí está tamén o Sergas, que é a principal ETT deste país, onde o 50 por cento das enfermeiras están en precario; e aí está o seu Goberno descargando sobre as mulleres os coidados e a atención á dependencia, condicionando o seu desenvolvemento persoal e profesional.

A discriminación das mulleres é intolerable sempre, pero moito máis cando se practica por parte de quen ten a obriga legal de traballar para que vivamos nun país en igualdade.

Por iso, señor Rueda, pregúntolle que medidas vai tomar o seu Goberno para traballar a favor da igualdade real das mulleres. E eu espero que por unha vez, por unha vez, conteste esta pregunta, como é a súa obriga.

En todo caso, o que si lle exixo é que nunca, nunca máis volva dicirme de que podo ou non podo falar eu neste Parlamento. Vostede rematou na pasada sesión, cando eu xa non tiña turno de réplica, dicíndome, literalmente: «A partir de agora non me volva falar de machismo na vida». Dicirlle a unha muller de que pode ou non pode falar *(Murmurios.)* é unha machistada, é unha machistada impropia, impropia... Señorías do PP, jé que non me van calar! Si, si, dicirlle a unha muller *(Aplausos.)* de que pode ou non pode falar é unha machistada impropia dun presidente da Xunta e impropia deste Parlamento.

Eu espero, señor Rueda, que non se volva repetir. O que xa lle digo é que vostede a min non me vai calar e que penso facer as preguntas sobre os temas que eu considere. Porque iso, señor Rueda, é liberdade e democracia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Besteiro, eu o que lle dixer...

O señor PRESIDENTE: Non, señora Pontón. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Ao final vai ter razón o señor Besteiro, ¡eh! *(Murmurios.) (Risos.)* En confundir os nomes nada máis. No importante para Galicia, señor Besteiro, o equivocado é vostede, pódollo dicir. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, eu o que lle dixer é que vostede non se atrevía a condenar a falta de respecto a unha muller. E vólvollo dicir, e vólvollo dicir por moito que se enfade. Agora xa me trae o machismo á primeira intervención, non á réplica. É vostede unha covarde. Vólvollo dicir porque é así, porque é así, *(Aplausos.)* porque é así.

E mire, eu, efectivamente, fun recibido por unha persoa moi importante dun goberno elixido democraticamente na Arxentina. Un respecto para os galegos gobernados por esa xente. Ese insulto —vostedes están acostumados aos insultos— resoou moito alí, e pódolle asegurar que non lles gustou aos galegos que viven alí, de todas as tendencias políticas.

Logo fun recibido polo señor Orsi, que os apoiou a vostedes nas eleccións. Iso, claro, xa non lle convén dicilo. *(Murmurios.)* Aí hai que calar. Dobre rasero sempre do BNG. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non mo agradecía ningún dos dous, fun como presidente de Galicia, porque a Galicia lle interesa. *(Aplausos.)*

E, en todo caso, señora Pontón, falando de abrazos, a quen nunca me verá abrazado nin a min nin a ninguén do Goberno nin deste grupo é aos señores de Bildu. Con eses non nos imos abrazar nunca, señora Pontón, nunca *(Aplausos.)*, por moitas cariñas que poña, como está poñendo.

Mire, pregunta vostede polas medidas do Goberno da Xunta para avanzar na igualdade entre as mulleres e os homes. Voullas resumir en tres: a unidade, a coherencia e a valentía. Con iso vai todo. Funcionan ben por separado, xa non lle quero dicir cando van xuntas.

E voullas explicar por separado, porque creo que vén moi acaído co que vostede dixo e co que está facendo. A unidade, primeiro, que é non dividir nun tema tan importante como este, non dividir como vostede fai, como acaba de facer, como fai sempre, entre feministas boas, que son as de esquerdas e nacionalistas, e feministas malas, que son as demais; entre homes que poden falar destes temas sen ningún problema, que son os homes da súa órbita política, e os que non podemos nin amentar nada nin dicir nada, dicirlle a unha muller, dirixirnos a ela practicamente, que é o que vostede acaba de soste e o que sostén sempre; e, sobre todo —o que máis me importa—, a división que fai vostede entre as mulleres que merecen ser defendidas e as que non. Pois eu dígolle: todas as mulleres merecen ser defendidas, señora Pontón, *(Aplausos.)* todas as mulleres merecen ser defendidas.



Segundo, a coherencia; coherencia para dicir sempre o que hai que dicir en defensa da igualdade real entre homes e mulleres. Dá igual quen o poña en dúbida, se son homes ou mulleres nacionalistas ou non; se está mal, está mal. E tamén coherencia para defender, como lle digo, todas as mulleres, sexan ou non sexan nacionalistas.

E, ao final, valentía; importantísima tamén, a que vostede non ten, señora Pontón, a que vostede non ten. Valentía para non ser ambigua cando se trata de criticar cousas que fan os seus e que non están ben. Tan xusticeira para o demais e tan ambigua, como mínimo, por non dicir —e dígollo directamente— covarde, para non condenar o que fan os seus.

Valentía para non calar fronte a cousas que están mal. Mire, a autora do cartel do 8-M do BNG dixo da presidenta Ayuso: *Le daría hostias hasta en el carné de identidad a Ayuso*. Autora do cartel do BNG para o 8-M. ¡Vaia exemplo e vaia coherencia! (*Aplausos*.) Non, non, non acabou. *Había que engancharla del pelo y tal*. E no «y tal» cada un que poña o que queira. *La veo escuálida*, xa para culminar a xogada.

Eu preguntolle, señora Pontón: ¿a unidade, a coherencia e a valentía da que vostede presume e da que carece, que suxiren de todo isto? ¿É vostede agora capaz, no segundo turno, de dicir que non está de acordo con isto, que é condenable, que non merecía facer o cartel, e dar un exemplo, por unha vez, de coherencia, de valentía e de unidade para defender as mulleres?

¡Ánimo!, señora Pontón, non é tan difícil.

Moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, a súa resposta deixa varias cousas claras.

A primeira é que en materia de igualdade non ten absolutamente nada que ofrecerlles ás mulleres, nada; (*Aplausos*.) impórtalle exactamente cero.

E a segunda é que vén aquí a darnos leccións de feminismo e a dicirlles ás mulleres quen son e quen non son feministas. Isto faino o señor Rueda, que di que quere unir as mulleres. Pero gustoume, señor Rueda, que dixera que todas as mulleres merecen ser defendidas; gustoume, señor Rueda. Eu non sei se vostede o lembra, eu si.

«A señora Pontón está moi necesitada». Isto dixo neste Parlamento o señor Feijóo mentres vostede ao seu lado lle ría a machistada e asentía coa cabeza. (*Aplausos*.) Pasaron, señor Rueda, sete anos deste estas palabras. Non o condenou ninguén do Partido Popular, tampouco vostede; non o condenou ninguén do Partido Popular, tampouco vostede.

Pero é que este non é o único exemplo. Miren, (*A señora Pontón Mondelo mostra uns documentos*.) o PP galego vota contra o rexeitamento dos discursos negacionistas da violencia de



xénero. Feijóo quita importancia a condena da violencia machista do candidato de Vox: tivo un divorcio duro. Feijóo define como violencia intrafamiliar e non machista que un pai mate os seus fillos por un problema coa súa parella. E o PP recupera o concelleiro da Illa condenado por violencia machista e di que é un exemplo de loita pola igualdade. Leccións de feminismo do Partido Popular, ningunha. (*Aplausos.*)

E mire, a miña posición sobre o cartel da CIG foi moi clara desde o primeiro momento. As mulleres... (*Murmurios.*) Escoite, señor Rueda, vén nervioso a esta pregunta, non sei se con *jet lag*, pero, desde logo, moléstalle moito escoitar. Pois escoite, señor Rueda. Fun moi clara desde o primeiro momento: ás mulleres en política, igual que aos homes, hai que criticarnos polas nosas actuacións políticas e non por calquera outra cousa, e a min nunca me vai ver criticando unha muller por como viste nin polo que fai na súa vida privada.

Pero isto a vostede dálle igual, porque isto non vai de igualdade, señor Rueda; isto vai das súas campañas contra o BNG, dos seus bulos, da súa infamia (*Aplausos.*) e de que son o Partido Popular máis ultra. Queren converter este Parlamento nunha lameira, señor Rueda, quere converter o Parlamento nunha lameira, importándonos aquí ese manual do trumpismo do Partido Popular. Aí non me vai encontrar nin a min nin ao BNG, nin tampouco á sociedade galega, que quere política de altura, señor Rueda, e non a lama que quere traer vostede a este Parlamento. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: E si, mire, fala tamén do cartel do 8-M do BNG. Non sei se lle molesta porque criticamos os neofascistas como Milei (*Aplausos.*), que recorta os dereitos adquiridos. En todo caso, as palabras que vostede cita non son do BNG, e xa lle digo que non as comparto en absoluto. E, se lle interesa coñecer cal é a miña opinión sobre a señora Ayuso, direilla: creo que debería de estar sentada nun xulgado polas sete mil persoas que faleceron nas residencias madrileñas polo protocolo da vergoña, un protocolo que non vin que condenara ninguén do Partido Popular, tampouco vostede, señor Rueda. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, se quere traballar a favor das mulleres, desde o BNG temos ideas e propostas. Eu quero deixarlle aquí tres: acabe coa precariedade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que hai nos coidados, na atención á dependencia, no Servizo Galego de Saúde, na atención nas residencias; incrementa os recursos que hai para favorecer que a atención aos coidados teña servizos públicos e non o descargue a prezo de saldo sobre as mulleres...;

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora PONTÓN MONDELO: ...recupere os centros de crise para xestión pública e incrementalmente as axudas ás vítimas de violencia machista.

Se quere traballar... (A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Terminou o seu tempo.

Grazas.

(Aplausos.)

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, vostede leva aquí tanto tempo xa que non se acorda nin das cousas que lle afectan a vostede mesma. O señor Feijóo retirou as palabras no momento en que as dixo, señora Pontón. (Murmurios.) Si, si, si, si, si, si, si, si, si.

E mire, segue sendo unha covarde. (Murmurios.) ¿Que estaría vostede dicindo se nós facemos un cartel así e a autora ten estas declaracións? Claro, tería que ser sobre alguén da esquerda para que vostede entendera que ten que ser algo molesto, porque, como se mete coa señora Ayuso, é sempre: depende con quen se meta. Non todas as mulleres para vostede merecen a mesma defensa. Acabamos de ver un exemplo máis, clarísimo, señora Pontón, clarísimo, e isto é así.

Mire, non se alporice vostede, con ese recurso que ten cando non ten argumentos; dime a min: non se poña nervioso. Agora xa o de machismo, de tanto gastalo, xa o devaluou. Todas esas cousas ao final o que demostran é o que realmente vostedes son. Como dicía Serrat: *nunca es triste la verdad, lo que no tiene es remedio*. E isto no seu caso ten pouco remedio, señora Pontón.

Mire, vostedes converteron a procura do que tiña que ser unha loita nobre pola igualdade pois niso, nunha loita, como fan con todo, onde hai bos e malos; os bos sempre son vostedes e os seus, e os malos somos os demais. Si, si. O da loita, que tanto lles gusta, xa o dicía o señor Beiras: isto é unha loita moi longa con moitas batallas. Esta é unha máis para vostedes. Xa o acaba de dicir a UPG: as estruturas de loita, a loita vai ser longa; e agora resulta que esta loita ás veces ten vítimas que deberían ser especialmente protexidas.

Teño aquí unha conselleira ameazada —si, si, vostede rise, claro, este é o BNG, (Murmurios.) si señor, este é o BNG, (Aplausos.) ¡que risa, que risa!—. Como se rin das ameazas cando pensan que a vostedes nunca lles vai tocar, porque veñen dun contorno que para vostedes non é unha ameaza. Pero é que hai unha ameaza a unha muller que o único que fai é traballar, co exemplo, as que merecen ser defendidas e as que non.



Mire, señora Pontón, teña unha cousa clara, non é máis importante —a ver se o mete na cabeza dunha vez— ser nacionalista que ser persoa, que ser muller. E, dende logo, todas as mulleres merecen o mesmo respecto, que nós o temos.

Pero, dende logo, voulle dicir unha cousa: por ser nacionalista ou por ser de esquerda radical, unha muller non é máis muller, nin son máis mulleres as mulleres nacionalistas ou de esquerdas que as mulleres do meu Goberno ou que as mulleres do meu grupo ou que as mulleres da miña familia ou que os centos de miles de mulleres que non son nacionalistas e que non lles votan e non lles votarán na vida, con este tipo de ameazas. (*Aplausos.*)

E mire, por suposto que o machismo mata e por suposto que a falla de igualdade é un enorme problema contra o que hai que loitar, pero tamén o sectarismo e a covardía, que vostede demostra un día si e outro tamén.

Mire, a vostede, que non perde ocasión de criticarme a min todo o día: machista, incorrrible, hai que ver as cousas que fago..., non lle escoitei, do moito que vostede fala, unha soa crítica pois por exemplo ao que estamos vendo estes días cos seus aliados, aos que vostedes sostén, aos que vostede apoiou, ao Goberno central, todo o que estamos vendo. Estaría botando as mans á cabeza ou ¿que estaría dicindo se fora ao revés? Nin unha soa crítica. ¿Dixo algo do señor Errejón?, ¿dixo algo do señor Monedero? Aí nunca di nada. ¿Por que? (*Murmurios.*) Porque son os seus e hai que atacar os demais. O de sempre, señora Pontón, o de sempre. (*Aplausos.*)

Tan brava aquí, señora Pontón, e tan mansa en Madrid; si, si, tan brava aquí e tan mansa en Madrid. Tan brava cos que non somos os seus e tan mansa cos que son os seus, cos que vostede apoia.

Mire, ¿sabe que? Nós imos estar sempre a favor das mulleres, voten ou non voten ao PP, sexan ou non sexan de dereitas, de centro-dereita, de centro-esquerda ou nacionalistas radicais. Hai que estar coa igualdade, hai que estar en contra do machismo.

Pero mire, ¿sabe o que creo? ¿Sabe cal creo que é o verdadeiro problema, señora Pontón? Que vostede, antes de loitar por defender a igualdade entre homes e mulleres, debería aprender a loitar por defender a igualdade entre mulleres, que diso non sabe nada.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Por favor, se non lles importa aos invitados que temos, vou facer unha declaración institucional e gustaríame que estiveran todos presentes; se non lles importa, atrasen un pouco a visita.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: É unha declaración institucional que me fan chegar os grupos con motivo da conmemoración do Día Mundial da Síndrome de Down, e que di:



«Ante a conmemoración do Día Mundial da Síndrome de Down, o 21 de marzo, o Parlamento de Galicia quere amosar o seu recoñecemento ás persoas con esta alteración cromosómica en Galicia, así como ao imprescindible movemento asociativo que as representa e que encabeza a Federación Down Galicia.

Así mesmo, instamos as institucións públicas, as organizacións privadas e a sociedade civil a se comprometeren activamente na eliminación de prexuízos e na mellora da calidade de vida do colectivo. A inclusión social é esencial para garantir a todas as persoas, con independencia das súas características ou capacidades, que poidan acceder aos recursos e ás oportunidades necesarias para a súa plena participación na sociedade e a súa realización como individuos. Así o indica a Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade da ONU, aprobada en 2006 e ratificada por España e por este Parlamento en 2008.

A discapacidade non reside na persoa, senón nas barreiras que dificultan a súa participación. Por tanto, é deber das administracións articular medidas que derruben estas barreiras e alentar a sociedade a facer o propio desde os seus ámbitos persoais.

Por todo isto, esta Cámara reafírmase no seu compromiso coa inclusión das persoas con síndrome de Down, para que poidan levar a vida que elas mesmas elixan, erixíndose en cidadáns e cidadás de pleno dereito. Mais para iso é mester pór en marcha medidas concretas, entre as que destacan loitar contra as causas da exclusión social desde o punto de vista da igualdade de dereitos, aplicando decididamente o enfoque da inclusión activa non asistencialista; asegurar a cobertura das súas necesidades sociais, sanitarias e sociosanitarias, garantindo a utilización dos servizos comunitarios; garantir a inclusión educativa gratuíta e de calidade, dotando as escolas ordinarias de todos os recursos precisos para que esta sexa unha realidade; fomentar a contratación das persoas con discapacidade, tanto no mercado laboral ordinario, a través do emprego, con apoio no sector público; establecer un plan urxente de accesibilidade que facilite o acceso á información das persoas con discapacidade intelectual a través da accesibilidade cognitiva; fomentar as axudas para a promoción da autonomía persoal e a prevención da dependencia fronte ao illamento no fogar, impulsando para tal fin os apoios personalizados e a participación nos recursos existentes para toda a poboación; dar resposta ao envellecemento prematuro e acelerado das persoas con síndrome de Down, creando protocolos sanitarios adaptados ás súas necesidades reais e facilitando o acceso aos recursos existentes para persoas maiores; crear un censo autonómico de persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, xa que os datos actuais son incompletos.

Por iso, dende esta Cámara, queremos ratificar a nosa aposta por unha sociedade inclusiva, garantindo os dereitos de todas as persoas e proporcionándolles os apoios necesarios para viviren como elas mesmas decidan. E instamos a sociedade a se sumar con respecto pola diferenza e pola diversidade, porque, como di o lema das entidades Down de Galicia, «contigo podemos máis».» *(Apróbase por asentimento.)*

Moitas grazas. Esta é a declaración. *(Aplausos.)*

Grazas tamén por quedar a escoitar isto.



Continuamos co punto cuarto, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para avanzar cara á consecución da igualdade real entre mulleres e homes e á superación da violencia machista

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Na parte resolutiva no apartado a) engadir ao remate do mesmo o seguinte texto: «Para tal efecto, a Xunta elaborará no prazo de tres meses unha avaliación do grao de cumprimento das medidas formativas contempladas na Lei 11/2007 e na actualización do Pacto de Estado e acordará, coa representación social das e dos traballadores do sector público, un Plan de formación actualizado, global e transversal con indicadores de avaliación e orzamento propio.»

No apartado b) engadir ao remate do mesmo o seguinte texto: «e cumprir o recollido no Artigo 6.5. da Lei 11/2007 que establece que as campañas de información e sensibilización contra a violencia de xénero serán avaliadas regularmente para o que deberá aplicar criterios cuantitativos e cualitativos e facer público, nos informes parlamentarios e nos foros de participación social e interinstitucional os seus resultados.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular esta proposición, ten a palabra a señora Rodríguez Da-costa.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Como ben dicía, antes desculpaba a miña compañeira Paloma Castro, que hoxe non pode estar aquí por motivos familiares, e dende aquí, obviamente, mandámoslle un grande abrazo.

Ben, a violencia, «*la violencia no tiene género*», segundo Milei; a suspensión de todas as políticas de igualdade é unha das primeiras medidas de Trump; ou, non tan lonxe, a creación por parte de Ayuso do primeiro centro de atención especializada en España para homes vítimas de violencia sexual, intentando equiparar esas vítimas cando o 87 por cento delas son mulleres, son algúns dos exemplos da aparición no Estado e no panorama internacional de posicións políticas que cuestionan de forma aberta e explícita as políticas de igualdade e de erradicación da violencia machista ás mulleres.

O outro día o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, dicía unha frase que cómpre reproducir: «*A veces, lo que algunos llaman sentido común ni tiene sentido ni es aceptable.*» Pois



ben, collendo ese recado, as socialistas galegas cremos que Galicia non pode aceptar certos posicionamentos, e, polo tanto, como institución que representa o sentir da cidadanía, dende o Parlamento temos que deixar clara a aposta de compromiso por garantir os dereitos humanos de todas as persoas, sen deixar ninguén atrás, e todo isto dende o convencemento de que a igualdade de homes e mulleres é unha conduta básica para a democracia e para o desenvolvemento sostible dos pobos, tanto humano e social como económico.

Pero non chega unicamente con manifestalo. Hai que traballar dende a Administración para que así sexa, porque a igualdade é un dereito fundamental que debe ser promovido e garantido en todos os ámbitos da sociedade. E todas e todos coincidiremos en que un dos sectores chave para acadar ese obxectivo é precisamente a Administración pública.

Os funcionarios e funcionarias públicas ou persoas que traballan para a Administración desempeñan un papel crucial na construción dunha sociedade máis xusta e equitativa, xa que son os encargados de implementar as políticas, xestionar os recursos e garantir a prestación de servizos á cidadanía. Dende a educación, educando con perspectiva de xénero ou sabendo xestionar situacións de abuso ou machismo que poidan darse; nos xulgados, esencial para unha atención e que non revitimice, cun trato que permita unha privacidade, unha linguaxe amable; nos centros de saúde, contemplando unha sanidade enfocada tamén ás singularidades dos corpos das mulleres ou as súas doenzas; nas forzas e corpos de seguridade do Estado, ou na Policía Local, en Protección Civil, na primeira atención ou asistencia; nas empresas que traballan no eido social, e digo empresas porque este ámbito está maioritariamente externalizado e é imprescindible que existan profesionais que estean formados en igualdade, para que poidan recoñecer as desigualdades existentes e actuar en consecuencia, promovendo a equidade no seu contorno laboral e no seu trato coas persoas cidadás.

Xa que aquí estamos a falar de persoas vulnerables, con discapacidade ou en situación de conflitos familiares, como sabemos, as causas de discriminación tenden a acumularse e interseccionar na realidade da vida.

Isto é moi evidente no caso dos estereotipos de xénero. A discriminación por razón de sexo faise unha causa de discriminación doadamente acumulable con outras discriminacións, dando lugar á intersección de varias clases de prexuízos: raciais, relixiosos, por mor das discapacidades, idadistas, ruralistas, etc.

Pero, para poder dar unha resposta axeitada dende a Administración, non só chega con coñecer os marcos legais que rexen a materia, senón que tamén cómpre desenvolver habilidades e actitudes que permitan detectar, previr e corrixir situacións de discriminación e violencia de xénero.

A falla de formación nesta área pode perpetuar estereotipos, prexuízos e prácticas discriminatorias, o que afecta negativamente a eficacia da Xustiza e dos servizos públicos. Unha boa asistencia pode detectar tamén situacións de discriminación ou situacións de maltrato e por ende salvar vidas.



Hai máis dun ano aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia, que contén, como saben, o seu título II, baixo a rúbrica de integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o sector público autonómico. Unha lei sobre a que mantivemos que era pouco ambiciosa e que aínda faltaban moitos compromisos específicos que avanzasen en medidas concretas para acabar con esta discriminación entre homes e mulleres. E refírome, por exemplo, entre outros, á formación dos diferentes profesionais que prestan servizos na Administración.

Transcorrido este tempo, cremos que cómpre xa facer balance do cumprimento desta lei, e, co fin de poder melloralas naqueles aspectos que teñen aínda eivas e deficiencias, valorar o seu grao de cumprimento e desenvolver, vía regulamento, aspectos que quedaron sen desenvolver ou concretar.

Respecto do seu grao de cumprimento, e de forma moi resumida, porque xa falamos onte na comparecencia, só insistir en que o Goberno galego é quen ten que tirar das orellas a algunha das súas consellerías, onde a igualdade brilla pola súa ausencia no nomeamento de altos cargos, como especificaba onte de forma pormenorizada a miña compañeira Paloma Castro; ou ten que cumprir co previsto en relación coa saúde, coa aprobación deste Plan de saúde feminino; a inclusión no currículo educativo da igualdade e a educación afectivo sexual, e a formación ao profesorado; o cumprimento do referido na Lei de igualdade no deporte; ou a formación no sector público, que, ademais, debe ser obxecto de desenvolvemento regulamentario.

Nós apostamos pola creación de plans de formación obrigatoria para os empregados públicos, baseándonos no disposto na Constitución española, nas leis de igualdade, no Estatuto básico do empregado público e nas directivas europeas relacionadas coa igualdade de xénero e o bo goberno, para garantir que os profesionais que prestan un servizo público cumpran cos principios de igualdade e xustiza social no seu traballo. E, por outra banda, incrementar o investimento en programas de formación continua, que sensibilicen e capaciten os funcionarios e funcionarias ou profesionais vinculados ao sector público en cuestións de igualdade de xénero e non discriminación.

Pero, ademais de formados, teñen que ter os instrumentos axeitados para combater ou facer fronte ás situacións discriminatorias que poidan xurdir, e para iso a Administración pública ten que asegurar a existencia de protocolos de detección actualizados para profesionais no ámbito educativo, sanitario, policial, xudicial, laboral e social, que permitan actuar de forma proactiva e coordinada para detectar casos de violencia contra as mulleres ou menores e encauzalos adecuadamente.

Por outra banda, dende o PSdeG consideramos fundamental o avance, o impulso ao feminismo como medio para transformar a sociedade, prestando a debida atención e apoio institucional ás organizacións feministas, promovendo un cambio nas relacións sociais que conduza á efectiva igualdade de mulleres e homes e á erradicación de todo tipo de discriminación e opresión por razón de sexo.

Para aclarar isto, é preciso e necesario concienciar a sociedade, mellorar a sensibilización da cidadanía, garantindo a existencia e permanencia no tempo de campañas e programas



institucionais, de concienciación social, dirixidos a toda a sociedade e, en particular, a homes e nenos.

Por iso, pedimos a aprobación desta iniciativa.

Grazas, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

En primeiro lugar, desde o meu nome e o do Bloque Nacionalista Galego, pois trasladar á señora Castro todo o noso cariño.

Ben, falamos agora dun dos problemas máis importantes da vida das mulleres, que é a violencia machista. E a violencia machista precisamente pois é un ámbito no que unha das cuestións que máis dano fixo ás mulleres, e que máis dano fixo a esta loita, pois é todo aquilo, aquel mantra que defendía tamén o Partido Popular, incardinado cada vez máis en Vox, das denuncias falsas. E agora vemos por que, porque é o Partido Popular o que está instalado nas denuncias falsas, por certo un argumento que defendía o señor Maroto, que era un señor tamén coñecido na historia do Estado español por pactar con Bildu.

Pero, en fin, señores do Partido Popular, unha e outra vez, onte repetín nesta tribuna tres veces as palabras literais da viceportavoz do BNG, da señora Olalla Rodil, condenando os feitos, inventados por outra parte, que vostedes nos pediron que condenáramos. E nin así lles vale, porque isto non vai de igualdade, non vai de condenas, non vai de solidariedade; isto vai dos bulos do Partido Popular para facer oposición ao BNG. (*Aplausos.*) Entón, pois nada, vostedes sigan instalados na posverdade.

A Fiscalía afirma que o 0,01 por cento das denuncias só foron falsas máis ou menos anualmente, e hai cargos políticos do Partido Popular, que o Partido Popular non condena nin reproba, nin fai dimitir, que seguen coa lea das denuncias falsas. Ben, o Bloque Nacionalista Galego condena os feitos, solidarízase coa señora conselleira por se se sentiu agredida, e o Partido Popular segue co seu rollito, e así con absolutamente todo.

Señores do Partido Popular, teñen un problema de saúde democrática, teñen un problema de respecto democrático, o seu principal adversario neste país. (*Aplausos.*) En todo caso, non vou perder un minuto máis e voume centrar nese gran problema de saúde democrática, que é que a día de hoxe a lexislación en materia de violencia machista siga sen desenvolverse, siga sen aplicarse en moitos casos. Ese é un enorme problema que vimos arrastrando desde hai moitos anos e que está agudizado no contexto polo rearmamento do machismo e polo cuestionamento das políticas públicas en materia de violencia machista.



Por iso, nós agradecemos a iniciativa do Grupo Socialista, á que presentamos unha serie de emendas para incrementar o grao de exixencia e de concreción. Porque é certo que na aplicación da lei hai resistencias. Vémosto singularmente no ámbito xudicial. Moito custou, moito sufrimento, moita mobilización social, moitas pancartas, afortunadamente, e moitos debates nos parlamentos, que a xudicatura, que os parlamentos asumiran tamén a necesidade de avanzar na protección, por exemplo, das e dos menores, na incorporación da violencia vicaria, que primeiro se dicía que non era necesaria e agora vemos que é fundamental, e vemos como hai resistencia nos operadores xurídicos na aplicación das leis, na formación e demais.

Pero vemos tamén como hai resistencia, porque en moitos ámbitos está habendo unha lexitimación das posicións abertamente machistas e abertamente misóxinas, e parte desa lexitimación son os discursos públicos que se manteñen por parte de quen ten responsabilidades.

Por exemplo, Feijóo adopta o discurso de Vox: «*Si un padre mata a sus hijos por un problema con su pareja, no es violencia machista.*» «*Feijóo justifica al condenado de Vox por violencia machista, diciendo que tuvo un divorcio duro.*» Cumpriu a sanción, é verdade, produciuse hai vinte anos; é verdade, tivo un divorcio duro; é verdade, é un gran maxistrado, é verdade; así, xustificando cuestións absolutamente brutais.

É un problema tamén para avanzar na loita contra a violencia machista —e fala disto a iniciativa— as campañas de sensibilización, que non funcionan ou que revitimizan as vítimas de violencia machista. E diso sabemos ben en Galiza, porque o Partido Popular leva moito tempo incumprindo algo que aparece no artigo 15 da Lei de violencia machista respecto da formación, pero tamén todo o que ten que ver coas campañas de sensibilización, pois inclúe o artigo 6.5 a obriga de facer unha avaliación.

E o resultado vémosto pois nunha penosa campaña da Xunta, que mantiveron ademais, que non só non condenaron, senón que non retiraron: «*La Xunta mantiene la campaña sobre la violencia sexual que señalaba a las mujeres por su forma de vestir y hábitos*». Hai que recordalo: (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) unha muller correndo polas rúas e unha mensaxe que di: «*Vístese coas mallas de deporte, vai correr pola noite, ¿que sucede agora? Non debería pasar, pero pasa*», culpándonos as mulleres de que non vaiamos correr se é de noite. (*Aplausos.*) Ou «*Unha moza camiña de noite, leva as chaves na man, ¿que sucede agora? Non debería pasar, pero pasa*», amedrentando as mulleres. Ou mesmo cando —como se defendeu no día de onte sorprendentemente neste Parlamento— hai concellos que instan as mulleres a perpetuar os roles en materia de discriminación de xénero.

Xa non nos chegaba con que o propio capitalismo e as institucións nos feliciten o *Día de la Mujer*, como se fose un día así anódino de festexar a nosa forma de presentarnos e a nosa identidade de xénero no mundo, que non ve o Partido Popular un problema en que no día de loita contra a discriminación das mulleres na sociedade se nos regale un kit de manicura, (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) non ve ningún problema o Partido Popular nesta cuestión que perpetúa absolutamente os roles de xénero.



En fin, todas estas cuestións perpetúan os roles de xénero, perpetúan a discriminación das mulleres na sociedade.

E, polo tanto, parécenos importante que neste contexto de apelacións xenéricas e baleiras de contido á unidade e apelacións xenéricas e baleiras de contido e a seguir aplaudindo, lonxe de non facer nada, se traia unha iniciativa en materia de violencia machista. Nós —como digo— propoñemos melloralas. No ámbito da formación hai unha lei que hai dezasete anos que establece a formación da totalidade das e dos profesionais. O propio Pacto de Estado que se acaba de renovar inclúe medidas que conducen cara á obrigatoriedade e á permanencia, que son dous elementos fundamentais.

E poño un exemplo. Falábase aquí do profesorado, ese profesorado que xunta máis de trinta mil persoas traballando e que non ten plan de igualdade. Pois ben, ¿cal é a formación que ten un docente ou unha docente en materia de violencia de xénero? Ben, primeiro, despois de que moitos anos se votase en contra neste Parlamento, por fin tense avanzado minimamente na incorporación de módulos específicos de violencia de xénero no máster de profesorado, un exemplo do que non se podía *hacer en defensa de la autonomía universitaria* e agora si se pode facer.

Ben, pero un profesor, unha profesora aproba a súa oposición, ten un curso bastante mello-
rable, que deixa bastante que desexar, *on line*, dunhas cantas semanas, e aí acabouse; pode botar vinte anos exercendo a carreira docente sen formarse unha soa hora máis se non é por vontade propia e se non é pola súa propia iniciativa.

Mentres, pois temos unha Xunta que eliminou a materia de Igualdade, que non fai a formación afectivo-sexual á que obriga a Lei galega de violencia machista, etc., etc. Polo tanto, nós o que propoñemos é que faga a Xunta unha avaliación no prazo de tres meses do grao de desenvolvemento da formación á que obriga a lexislación galega e que incorpora agora ao Pacto de Estado, e que faga un plan específico con orzamento, con seguimento.

A segunda cuestión que aborda son as campañas. O que propoñemos é que se faga unha avaliación para evitar estes bochornos aos que nos ten acostumados o Partido Popular.

E, en último lugar, pois abórdase tamén todo o que ten que ver cos protocolos, co que estamos de acordo, e que aí o que habería é que, desde logo, ter un maior compromiso por parte da Xunta. Temos o exemplo máis recente nesa lesiva privatización dos centros de crise 24 horas, que non só os privatizaron e regalaron recursos públicos a empresas amigas do Partido Popular, senón que aínda a día de hoxe están empezando a comunicar aos CIM cal é o protocolo con estes centros; unha absoluta falta de respecto e falta de vontade.

Iso é o que hai detrás dun partido político que se parapeta nos bulos, nos ataques e na desinformación para tapar o que hai diante, que é un incumprimento flagrante por parte do grupo de goberno da propia lexislación galega en materia de violencia machista e unha ce-
rrazón absoluta a escoitar as propostas.

Onte fixéronse aquí trinta propostas á conselleira de Política Social e Igualdade, (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) trinta propostas fronte á única proposta do Partido



Popular, que é atacar a portavoz nacional do BNG. Destas trinta propostas, vinte e cinco están centradas no ámbito da violencia machista. O día que decidan deixar de difamar e de facer folga de brazos caídos e traballar pois terán o BNG en diante facendo as propostas que vostedes non son capaces.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Antes de dar paso ao seguinte interviniente, damos a benvida aos alumnos e alumnas de 5^o e 6^o de primaria do CEIP Plurilingüe da Laxe, de Marín. Benvidos e benvidas ao Parlamento, a eles e ao equipo docente que os acompaña.

Damos agora a palabra ao voceiro do Grupo Mixto, que renuncia á súa intervención.

E pasamos entón á voceira do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Noelia Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Ben, bo día.

En primeiro lugar, dende o Grupo Parlamentario Popular queriamos enviarlle o noso cariño tamén á señora Castro nestes momentos tan difíciles para ela e para a súa familia.

E eu quería comezar dándolles un dato, señorías. Cada ano a Universidade de Georgetown elabora un informe considerado un dos máis prestixiosos á hora de avaliar cales son os mellores países para ser muller: o Índice de mulleres, paz e seguridade. O dato é que no informe do ano 2019-2020 España baixou do quinto posto que tiñamos, cando aínda gobernaba neste país o Partido Popular, ao décimo quinto posto. Pero é que no informe máis recente, o de 2023-2024, España xa está en caída libre e estamos ocupando o posto número 27. É dicir —o resumo—, desde que governa Pedro Sánchez, España pasou de situarse como o quinto país con maior benestar para a muller a caer ata o posto 27. Debería facelos reflexionar de a quen teñen que ir darlle leccións de igualdade nestes momentos.

E dito isto, ¡ai!, xa non está a señora Pontón; é unha mágoa, porque levamos dous días falando de igualdade nesta Cámara e non estivo presente en ningún debate. Eu pensei que ía quedar a escoitar agora esta deputada do Partido Popular, pero tampouco. (*Murmurios.*) Agora podemos entender por que falou hoxe de recortes en Galicia, porque non está nesta Cámara e despois non se entera do que está a facer o Goberno galego. E é unha mágoa que non estea, porque eu quería dedicarlle pois hoxe unha canción, «O noso canto», a canción que naceu coa Xunta de Galicia da unión das mulleres galegas, mulleres ás que non se lles pediu ningún tipo de carné para que se uniran. (*Aplausos.*) E naceu, señorías, para converterse no símbolo do feminismo de Galicia, porque todas xuntas, á diferenza do que levan buscando anos dende o Bloque Nacionalista Galego, que é dividirnos, todas xuntas resoamos máis forte. Por certo, felicitacións á directora xeral.

E, señorías, todos coincidimos en que traballar pola igualdade de oportunidades é esencial en todos os ámbitos. E, de feito, nesta Cámara, por unanimidade, logramos grandes avances



para Galicia: a Lei de violencia vicaria, a Lei de violencia dixital, a de igualdade real na universidade e na investigación. Ata que o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego quitaron a careta, preto das pasadas eleccións, porque a súa loita pola igualdade tamén depende de se lles interesa ou se non lles interesa no momento, e decidiron non apoiar a Lei de igualdade, á que fixeron alusión hai un momento.

Pero miren, para acadar a igualdade real, esa da que tanto falan, eu pediríalles que parasen a pensar por que son tan importantes as medidas e os feitos que se están a poñer en marcha dende o Goberno galego, como a coherencia de quen di defendela. E aquí é onde se poñen de manifesto as contradicións, as escandalosas contradicións da esquerda. E non ía volver falar delas, pero, vendo a prepotencia da señora Pontón esta mañá e as súas falsidades, as mulleres do Partido Popular tampouco imos calar, (*Aplausos.*) señora Presas, tampouco imos calar.

Mire, e si que temos algunha lección que darlles, temos máis dunha lección que darlles, porque, grazas ao Partido Popular, puido reformarse a Lei do só si é si, e ímoslle repetir unha e outra vez, porque, grazas a vostedes, e se por vostedes fora, están as rúas cheas de centos de agresores sexuais que vostedes permitiron que saísen do cárcere. E —o que é peor— non lles pediron perdón ás vítimas; e, se non lles pediron perdón ás vítimas, ¿como lles van pedir perdón ás conselleiras?

E, señores do Partido Socialista, esta é a imaxe do feminismo que acompañará sempre ao Partido Socialista. (*A señora Pérez López mostra unha fotografía.*) É que me queima nas mans. Decía o señor Ábalos que o feminismo estaba no ADN do socialismo. Declaráronse nesta Cámara abolicionistas, iso si, sen darlles ningunha alternativa a esas mulleres. Dicían que ían perseguir os proxenetas, pero levamos anos con declaracións de intencións sen ningún avance. E agora entendemos o porqué, porque, se tiveramos avanzado, o señor Ábalos pois non tería esa relación particular que o acompañara a trinta e tres viaxes entre actos oficiais e actos de partido, e tampouco podería ter escollido as mulleres por catálogo. Tratan as mulleres como obxectos. Ese é o feminismo do Partido Socialista e o que leva no seu ADN. (*Aplausos.*)

¿Ten sentido? Pregúntolles ás deputadas socialistas: ¿ten sentido? ¿É aceptable? Recoilo as palabras que vostede mesmo dixó hai un momento que pronunciou o señor Sánchez. Pois miren, mentres sigan mirando para outro lado e mentres deixen pasar os días sen exixir dimisións ou consecuencias políticas por este escándalo de corrupción, de abuso de poder e de prostitución que envolve o Goberno, non están lexitimados para vir aquí nin a ningún sitio falar nin de igualdade nin de loita contra a violencia de xénero.

E despois está a dobre vara de medir do Bloque Nacionalista Galego; podemos chamarlle feminismo intermitente, co mando, ¿non? ¿Recordan o mando a distancia que trouxo onte a señora Rodil a esta Cámara? Pois cun mando similar acenden e apagan o seu feminismo e a súa igualdade. ¿Onde estaba a señora Pontón ante a viñeta da CIG que atacaba a conselleira de Política Social? (*Murmurios.*) Si, moléstalles que llelo digamos, pero é que a día de hoxe aínda non pediron perdón á conselleira. Dígolle onde estaba. Deulle a señora Rodil ao mando —porque nestes momentos ten mando— e a señora Pontón estaba calada e apagada, porque



en ningún momento criticou a CIG. E ao Partido Popular non nos valen os sucedáneos que nos queren vir vender aquí.

Pero miren, agora que está documentado, señorías —que non son bulos, (*A señora Pérez López mostra unha fotografía.*) señora Presas, que está documentado—, que entre os participantes nas ameazas á conselleira Ángeles Vázquez estaban integrantes de equipos municipais do Bloque Nacionalista Galego, preguntolle: ¿onde está a señora Pontón? (*Murmurios.*) Está documentado xa. Onde está a señora Rodil xa o sabemos, que nos dicía vostede... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dándolle ao mando, para apagar a señora Pontón (*Aplausos.*), para que estea calada.

Miren, dicía a señora Pontón o pasado sábado: «*Este 8-M dicimos, alto e claro: mulleres libres e iguais*». E eu preguntome: ¿cales son as mulleres que poden ser libres e que poden ser iguais? Mire, o que evidenciaron este 8 de Marzo —e que seguen evidenciando hoxe, por certo— é que hai mulleres en Galicia de primeira e de segunda para o Bloque Nacionalista Galego, que hai mulleres para as que piden respecto e que hai mulleres ás que non lles ten ningún respecto o Bloque Nacionalista Galego. E iso, por moito que nolo queiran vender, non é feminismo; iso é sectarismo, con todas as letras, señorías. (*Aplausos.*)

E están a xerar división debaixo do paraugas da igualdade. E a inmensa maioría das mulleres de Galicia estamos fartas de que o Bloque Nacionalista Galego nos use para os seus discursos, mentres despois temos que soportar os seus machismos, os seus desprezos e os seus paternalismos.

E miren, despois do dito, o que van someter hoxe á aprobación pois é unha mostra máis da súa dobre vara de medir. Queren exixir hoxe formación obrigatoria en igualdade para todos os funcionarios, primeiro, sen lexislación que o permita. Están vostedes gobernando en Madrid, ¡lexislen! Pero, miren, din que os funcionarios teñen que recibir esta formación porque xestionan políticas e servizos públicos —dino así na súa iniciativa—, e os políticos —pregunto eu—, ¿que maiores servidores públicos hai que aqueles gobernando? Pois eu pediríalles que se aplicasen o conto, porque os funcionarios teñen como xefes a Errejón, a Monedero, a Ábalos, a moitos políticos que teñen comportamentos que deixan moito que desexar en canto ao respecto e á igualdade das mulleres.

Pero, claro, é máis fácil vir aquí sinalar a outros —remato xa, señora presidenta—, é máis fácil vir aquí sinalar a outros, antes de impoñer formación aos nosos. Pois deberían, antes de impoñer formación a terceiros, dar exemplo nos partidos e alí onde gobernan.

En todo caso, señorías, eu quería rematar dicíndolles que a formación en igualdade en Galicia está garantida e con resultados. Está garantida e con resultados grazas ao esforzo e ao traballo da Xunta de Galicia, e grazas aos funcionarios da Administración autonómica de Galicia, aos que vostedes, segundo tamén lles convén ás veces, tamén atacan: 1.289 prazas de formación o pasado ano en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero; programas específicos e protocolos en Xustiza, en sanidade, en seguridade, na Policía; formación especial para os CIM e para as persoas que traballan coas vítimas no 2024. Continuaremos no 2025 e continuaremos sensibilizando a toda a sociedade.



Porque repítolles que a igualdade pasa por remar todos xuntos, todos, e non por dividir.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Peche, señora Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, unha mensaxe a Rueda, que antes llo ía dicir pero esquecinme. A José Ramón Gómez Besteiro non o escolleu Pedro Sánchez, escolleuno a militancia, que é como facemos no Partido Socialista (*Aplausos.*) estatal e tamén no PSdeG-PSOE.

E agora, centrándonos no tema, eu a verdade é que pensei un momento que estaba asistindo a un mitin do Partido Popular. Eu non acudo aos mitins do Partido Popular, pero, como estaba sentada neste hemiciclo, creo que teño que escoitala ata ao final e aí me mantiven para... Pero, ben, a verdade é que falou da iniciativa —e conteino— no tempo de desconto, e pode dar fe a propia presidenta, no tempo de desconto. A iniciativa que presentan as socialistas impórtalle ben pouco, unha iniciativa que pedía, mire: establecer formación básica progresiva e permanente en materia de igualdade para todo o persoal dos poderes públicos. ¿Non lle parece...? (*Murmurios.*) —Si, si—. ¿Non lle parece isto bastante preciso, señora Noelia? E mellorar a sensibilización da cidadanía. ¿Non lle parece bastante necesario tal como está a situación? ¿Cantas mulleres morreron este ano en Galicia, señora Pérez? Entón, ¿parécelle ambicioso este punto? É que non tiñamos nin que pedilo, tiñan que facelo de necesidade, e asegurar a existencia de protocolos de detección actualizados para profesionais do ámbito educativo, sanitario, político, xudicial, laboral e social. É que isto é básico. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, estou facendo, pero non quere aprobar a iniciativa, porque resulta que o que non queren é avanzar en igualdade; queren quedar quietos nese ámbito.

Porque, mire, as persoas que están na marxinalidade, nas marxes, son as que máis necesitan da igualdade que prometen as leis e as políticas nesta materia. De aí a importancia de que nas políticas de igualdade se integre ese enfoque institucional, no que vostedes non cren para nada.

As mulleres están máis á marxe, tanto por raza, por etnia, por situación económica, por relixión, por discapacidade, e precisan máis de igualdade que prometen as nosas leis antidiscriminatorias e reclaman os movementos sociais —eses que vostedes non escoitan, claro—, tomalos en conta en equilibrar a loita pola igualdade cara ás persoas e colectivos con maior necesidade de igualdade.

Pero vostede non entraba nesa materia, vostede prefería entrar no barro directamente, aquí un enfrontamento co presidente do Goberno ou falando doutros grupos políticos. Os retos pendentes e o negacionismo crecente que non pode obviar, señora Pérez, do mesmo presidente, ou sexa, do mesmo presidente, do que non é presidente porque non quere, do señor Feijóo, obríganos a profundar e a loitar contra a violencia machista, defender os dereitos



sexuais e reprodutivos das mulleres; avanzar na corresponsabilidade, na conciliación, incorporando a igualdade no emprego como factor clave; loitar contra as formas, todas as formas de explotación da muller: a prostitución, a pornografía, os ventres de alugueiro. En definitiva, a combater a desigualdade e todo tipo de discriminacións que padecen as mulleres en todos os ámbitos da sociedade.

Señora Pérez, o Goberno galego ten que garantir un contorno máis inclusivo, respectuoso...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Termino, señora presidenta, agradecendo ao Bloque Nacionalista Galego o apoio. Tamén dicir que admitimos as emendas que complementan esta iniciativa.

E dicir que non é cuestión, señora Pérez, de que as mulleres do Partido Popular non falen en cuestións que teñen que falar. Teñen que falar as mulleres que teñen medo, as que velan...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...pola saúde dos seus fillos, as que precisan dunha solución. E ten que darlle solución un goberno que non exerce en materia de igualdade...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...e que nesta iniciativa ben demostrou que lle importa ben pouco. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da xestión en Galicia do Fondo de Transición Xusta

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido: «1. Suspende e modifica as bases reguladoras e convocatorias de axudas financiadas co Fondo Europeo de Transición Xusta que non contén cunha resolución firme, para conceder as axudas públicas aos



proxectos subvencionables unicamente nos concellos que forman parte das dúas zonas de transición xusta de Galicia.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defender a proposición, e por tempo de oito minutos, ten a palabra o señor Golpe.

O señor GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Quero comezar a miña intervención saudando as convidadas e convidados do Bloque Nacionalista Galego, que hoxe non nos poden acompañar na tribuna de invitados. Alcaldes e alcaldesas, portavoces municipais, benvidos a este Parlamento e que saibades que estades na sala Domingo Fontán en vez de estar onde vos corresponde, nunha decisión arbitraria da Presidencia deste Parlamento, (*Aplausos.*) cunha clara intención de amordazar a oposición parlamentaria.

Xa falamos o pasado 25 de febreiro do Fondo de Transición Xusta neste Parlamento. Nesa ocasión unha iniciativa do Partido Socialista pedía que se axilizara a posta en marcha dos fondos da Xunta a respecto da transición xusta. Pouco éxito tivo esa iniciativa. O Partido Popular escudouse en que todo estaba xa en marcha, todo estaba rodado, pero non damos creto a esta afirmación, sobre todo cunha falta de proactividade no *Diario Oficial de Galicia* palmaria, ¿non?

Hoxe vimos falar unha vez máis destes fondos de transición xusta, pero como se reparten dentro do territorio ou, máis ben, como non se reparten.

E quero dar lectura a un documento ou un extracto dun documento que elaborou a Xunta en xuño de 2023: Fondo de Transición Xusta, situación do programa, onde se di textualmente que a Comisión Europea crea este mecanismo de transición xusta como ferramenta clave para garantir a transición cara a unha economía climaticamente neutral e que ocorra de maneira xusta. Este mecanismo asegurárase de que as comunidades afectadas, autoridades locais, interlocutores sociais e as organizacións non gobernamentais estean involucradas no desenrolo destes fondos.

Queda moito por facer ao respecto. E enuméranse como obxectivos da transición xusta mitigar os efectos negativos da transición climática, prestando apoio aos territorios máis prexudicados e os traballadores afectados, e promover unha transición socioeconómica equilibrada.

Cómpre dicir que este programa foi aprobado por unha decisión da Comisión Europea do 20 de decembro de 2022, logo da elaboración deste programa por parte do Estado, en colaboración coas comunidades autónomas afectadas, e que a súa aplicación vai dende o ano 2021 ao 2027.

O marco normativo comunitario aplicable a estes fondos europeos estruturais e de investimento no período referido, no período 2021-2027, está constituído basicamente polo Regu-



lamento 1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas, entre outros, ao Fondo de Transición Xusta.

E este regulamento recolle no seu artigo 63.1 e define que a subvencionalidade do gasto se determina baseándose nas normas que os propios fondos establezan, unhas normas específicas. E, recollendo este precepto, o Ministerio de Facenda aproba a Orde HFP/1414, do 27 de decembro, pola que se aproban normas sobre os gastos subvencionables dos programas de fondos europeos de transición xusta.

A cantidade asignada do Fondo de Transición Xusta para Galiza foi duns 111 millóns de euros, un 12,8 por cento do total, como xa se dixo no pasado pleno, moi por debaixo do que debera corresponder atendendo aos criterios de emprego destruído.

Os obxectivos e actividades que figuran no programa do Fondo de Transición Xusta 2021-2027, que no relativo ao ámbito territorial das axudas subliña —e leo textualmente— «especial atención aos concellos na transición xusta que se establecerán nos protocolos de actuación dos convenios de transición xusta da Galiza, de Meirama e As Pontes», nomeadamente son cinco concellos no caso da primeira zona da transición xusta: Carral, Cerceda, A Laracha, Ordes e Tordoia; e catorce no segundo: Cabanas, A Capela, Cerdido, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Muras, Ortigueira, As Pontes, San Sadurniño, As Somozas, Vilalba e Xermade.

Nos orzamentos da Xunta para o presente ano, para o 2025, figuran uns 54,7 millóns de euros do Fondo de Transición Xusta, xestionados na súa maioría pola Consellería de Industria, a través do Igage e a través do Inega, e menor contía pola Consellería de Emprego.

Na actualidade a Consellería de Industria ten abertas distintas convocatorias de mellora da sustentabilidade enerxética para empresas, industrias e instrumentos financeiros para grandes empresas xeradoras de emprego. Ten outras xa pechadas, pero sen resolver (o caso das axudas a pemes), outras xa resoltas, como as dos centros dixitais, e unhas seis liñas que aínda están pendentes de convocar.

Pois ben, nas bases das convocatorias públicas de todas estas axudas non se respecta o dito principio de repartición territorial, de atención especial a eses dezanove concellos que conforman as dúas zonas de transición xusta, tal como se establece no programa e tal como se recolle no dito programa; no mellor dos casos pondérase positivamente con 10 puntos sobre 100 ou 5 sobre 103. E o máis grave de todo isto é que hai tres concellos da provincia de Lugo que quedan excluídos: Muras, Xermade e Vilalba; quedan excluídos deste tipo de axudas.

No caso da Consellería de Emprego aínda é máis preocupante esta repartición, dado que os case 7 millóns de euros do fondo para a formación estanse destinando, estanse artellando sen convocatoria pública, de forma unilateral, sen información e —o que é máis grave— deixando fóra a formación regrada nos concellos de transición xusta. Non hai un só ciclo de formación profesional relacionado coa transición xusta nas propias zonas de transición xusta.



E por isto demandamos da Xunta de Galicia que reformule estas convocatorias e discrimine de xeito positivo os concellos das zonas de transición xusta.

O primeiro que facemos na nosa demanda é solicitar a paralización de todas as actuacións e convocatorias de axudas con cargo aos fondos de transición xusta. E por se teñen pensado acharnos que isto pode ser ilegal ou que esta demanda pode ter efectos retroactivos nocivos, convén puntualizar que estamos solicitando a paralización daquelas convocatorias que non contén cunha resolución en firme, para non causar prexuízos a terceiros.

E, como segundo punto, pedimos a revisión das actuacións e das bases das convocatorias de axudas con cargo aos fondos de transición xusta definidas no protocolo de actuación, e que non se exclúa ningún concello e se pondere positivamente aqueles concellos da zona de transición xusta; é dicir, focalizar as accións subvencionables nas zonas de transición xusta. Isto supón cumprir co que di o programa, nada máis nin nada menos.

E igual que fixen na primeira demanda, vou poñer a venda antes que a ferida, e voules citar o Regulamento 1059 do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de maio do 2023, polo que se establece a nomenclatura común de unidades territoriais estatísticas, as coñecidas como NUTS. Este regulamento di explicitamente no artigo 2.5 que os estados membros teñen posibilidade de crear unidades máis detalladas, unidades adicionais ás NUTS 3, que corresponde coa definición de provincia, que é á que se agarra a Xunta de Galiza para artellar estas axudas. É dicir, que sen dar de lado as definicións de NUTS, si que podemos chegar á definición de concello. Só fai falta vontade para facelo.

E voules citar un par de ordes ministeriais que si recollen este precepto e que focalizan as axudas aos concellos da zona de transición xusta, que son a Orde 10/1476 de 2021 e a Orde 10/1239 de 2022. Mesmo a Deputación da Coruña, señorías do Partido Popular —Deputación da Coruña, cogobernada polo Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego—, sacou o pasado 11 de febreiro catro convocatorias do Plan de emprego local destinadas á promoción do emprego autónomo, á promoción de pequenas empresas e ao fomento emprendedor, que puntúan positivamente a creación de emprego nas zonas de transición xusta. É dicir, poñemos de manifesto con isto que, incluso fóra da propia xestión dos fondos de transición xusta, se existe vontade, pódese facer.

Isto non é máis que é un problema de impericia na xestión da Xunta de Galiza e ten unha solución rápida e efectiva. Por tanto, cómpre parar, dar marcha atrás, para non seguir cometendo unha discriminación cos concellos que sufriron o peche das centrais térmicas e, sobre todo, con aqueles que se exclúen palmariamente das convocatorias.

Agardamos, señorías, velos no consenso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra a señora Iglesias.



A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

En nome da nosa compañeira Paloma Castro, grazas aos grupos representados neste Parlamento polas condolencias que se manifestaron.

Aplaudimos, evidentemente, que o BNG se sume e copie, con matizacións, a nosa iniciativa do Fondo de Transición Xusta debatida no anterior pleno e que contou co apoio do BNG, que agradecemos.

Señorías do grupo da oposición, o normal é que sexan coincidentes as nosas reivindicacións. Evidentemente, temos que facer que se poña de manifesto polo Goberno galego a inacción e a falta de apoio no meu territorio, que comprende a comarca de Bergantiños e a Costa da Morte. A política é como un maratón, e eu pretendo exercelo con deportividade.

Dito isto, o que digo é que, realmente, votou en contra o Partido Popular, pero, señor Lorenzo, eu non desalento; xa sabe que as carballeas somos moi teimudas. Señoría, xa lle dixen no anterior pleno que os fondos europeos de transición xusta deben ser empregados para mitigar o impacto do cesamento da actividade de xeración eléctrica de carbón naqueles municipios onde a dita actividade incidía de xeito manifesto na promoción do emprego, na dinamización das comarcas destes territorios. O Goberno galego —e coincido tamén co compañeiro do BNG— está a abandonar —e leva dezaseis anos de goberno— estes concellos, incluídas as dúas zonas afectadas polo peche das centrais de carbón nas Pontes e en Cerceda; concellos que están claramente delimitados e figuran no anexo de dous convenios que asinou a Xunta de Galicia —a Consellería de Economía e Industria— co Instituto de Transición Xusta e coa FEMP en novembro de 2021. E como dicía tamén o compañeiro do BNG, no convenio de Meirama, inclúense, no anexo, 5 municipios: Carral, Cerceda, A Laracha, Ordes e Tordoia, e no de transición, 14 municipios: 11 da provincia da Coruña —Cabanas, A Capela, Cerdido, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Ortigueira, As Pontes, San Sadurniño e Somozas— e 3 municipios da provincia de Lugo —Muras, Vilalba e Xermade—.

E falo sen reservas de abandono do Goberno galego dos concellos afectados polas dúas zonas de transición xusta. ¿Por que? Por tres motivos moi clariños: o primeiro, pola ineficiencia e o atraso manifesto da Xunta de Galicia en convocar as axudas con cargo ao Fondo Europeo de Transición Xusta, 111 millóns de xestión directa do Goberno galego. O segundo, polo abandono por estender estas subvencións a todos os concellos da provincia da Coruña e non só aos concellos que citei, e delimitase nos dous convenios de transición xusta. E o terceiro motivo é pola falta de lealdade institucional manifesta cos concellos cabeceiras das dúas zonas de transición xusta: As Pontes e Cerceda. Pregúntome eu, señorías, se será porque estes concellos están gobernados por dous alcaldes socialistas. Responsables da Xunta non se reuniron cos concellos e non foron consultados á hora de deseñar estas liñas de axudas públicas. Foron simplemente silenciados; sempre opacidade, sempre falta de transparencia do Goberno galego. A Xunta de Galicia, como sempre digo, non lles pertence, non é da súa propiedade. Ábranse ao diálogo, porque é bo.



Respecto do atraso da mobilización, como lle dicía hai escasos meses, publicáronse no 2025 as principais liñas de axuda que mobilizan: como ben se dixo, sustentabilidade enerxética do INEGA, 12,5 millóns de euros, e proxectos empresariais tractores e grandes empresa por parte do Igape, 37 millóns de euros. Como reitero, os convenios asináronse en novembro do 2021 e as convocatorias publicáronse no DOG hai escasos meses; polo tanto, no 2025. Fagan as sumas.

E falamos tamén de convocatorias, non de resolución de concesión firmes, e logo tamén de distintos avatares administrativos, de axudas que se declararon desertas, que non contaron con solicitudes, da ampliación de prazos por fallar, do novo aplicativo de xestores de expedientes administrativos do Igape... Todo o exemplo de bos xestores —je mira que sempre poñen o gorro de bos xestores!— cae polo seu propio peso. E aínda que as comparacións son odiosas, e hai que poñer os datos a través do Instituto de Transición Xusta, que é un organismo autónomo que depende do Miteco, o propio Miteco, o Ministerio de Transición Ecolóxica, xa concedeu, polo tanto, resolucións de concesión firme, axudas a estes concellos afectados polo peche das dúas centrais: 120 millóns de euros; 85,7 millóns nas Pontes e 34,3 millóns en Meirama. En total, mobilizarán preto de 534 millóns de investimento, ¡igualíño que o Goberno da Xunta de Galicia! Como dicía tamén o compañeiro, nas ordes do Ministerio téñense en conta estes criterios de prioridade nos concellos afectados polo peche das centrais, e tamén na Deputación da Coruña, como ben mencionou.

Tamén o 26 de decembro do 2024 saíu convocado no BOE o concurso do nó de transición xusta de Meirama, que vai liberar 408 megavatios de capacidade e que é imprescindible para que moitos dos proxectos industriais vinculados a estas zonas de transición xusta se materialicen; ese binomio de transición ecolóxica e industrias sostibles no noso país. ¿E aquí que temos? Sempre o digo: 80 parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; de primeira a cuarta potencia en España.

Tamén quero remarcar que entre 2025 e 2027, por ser un fondo de regulamentación europea, teñen que estar feitos todos os despregamentos, os investimentos, a execución total e os proxectos financiados. É dicir, que imos xa moi tarde por parte das axudas que se convocaron no DOG hai escasas semanas. E a conclusión que podemos sacar destes datos é que o Goberno galego non deseñou unha estratexia, unha planificación, con fitos e obxectivos definidos para unha xestión eficiente deses 111 millóns de euros, que, como digo, son de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

Eu preguntome se perderemos de novo o tren. ¿Poderalle Rueda botar de novo a culpa a Pedro Sánchez? ¿Como llelo pode explicar aos veciños e ás veciñas das comarcas afectadas polo peche das centrais de carbón?

O segundo motivo que amosa o abandono da axuda é que, evidentemente, estas axudas se estenden a toda a provincia da Coruña, que é xa unha incongruencia na notificación establecida. E aquí quero remarcar que supoño que será coñecedor o señor Lorenzo da carta que se enviou polo Concello de Cerceda e polo Concello das Pontes o 24 de outubro de 2024 (*A señora Iglesias Rey mostra un documento.*) á señora Lorenzana. Ía dirixida á directora do Igape e tamén ao secretario xeral de Industria. Seguen esperando no día de hoxe unha resposta.



Nin sequera teñen unha resposta telefónica, nin foron recibidos os alcaldes, e mira que tanto Juan como Valentín creo que son alcaldes de bo talante, cos que se pode falar. Ben, pois no día de hoxe, como digo, seguen a esperar.

Polo tanto, si apoiaremos a iniciativa do BNG. Fixemos unha emenda modificativa unicamente para matizar que, en vez de paralización e anulación de altas resolucións que non sexan firmes das subvencións públicas, sexa unha modificación das bases reguladoras para, en certo modo, posibilitar xuridicamente esa facilidade por parte da Xunta de Galicia. Claro que se poden paralizar e modificar as bases reguladoras; de feito, está prevista a modificación nas propias bases publicadas.

En definitiva, as socialistas galegas pedimos que o Goberno galego rectifique e non abandone as dúas zonas afectadas polo peche das centrais de carbón das Pontes e Meirama. Cumpran coa finalidade do Fondo Europeo, que está moi marcado, e que a transición nestas zonas sexa verde, sexa xusta, sexa social e competitiva. Escoiten, gobernen e xestionen de maneira eficiente.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Comunicame o voceiro do Grupo Parlamentario Mixto que renuncia á súa intervención.

Pasamos, entón, á intervención do Grupo Parlamentario Popular, dándolle a palabra ao señor Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: Moi bo día a todos.

Grazas, presidenta.

Miren, señorías, ou se condena ou non se condena. *(O señor Lorenzo Gómez mostra un cartel manuscrito.)* Pero é que hoxe aquí non só non condenaron, senón que tamén chegaron a xustificar en certo modo os ataques a Ánxeles Vázquez, á señora Ayuso... Aquí a señora Ayuso xa é unha máis a sumar, logo dos ataques que se fixeron neste mesmo hemiciclo á conselleira do Medio Rural e incluso nalgunha comisión á miña compañeira Nicole Grueira, tachándoa de incompetente. ¡Basta xa, señores do Bloque, de repartir carnés de bos e malos galegos!, ¡basta xa de repartir carnés de boas e malas mulleres, de boas e malas feministas! E o que é peor: logo, cando veñen aquí e ven que perden os debates, non tardan nin un segundo en vitimizarse, algo que fai a señora Pontón cada vez que perde un debate; é dicir, cada quince días na sesión de control. *(Aplausos.)* Grazas.

Foi un goberno socialista o que executou o peche das centrais térmicas en Galicia, e fíxoo, señora Iglesias, sen antes plantexar ningunha alternativa que minimizase o impacto destes peches. Foi a señora Teresa Ribera —esa que aquí en España se esmeraba en pechar as centrais nucleares— a que, agora que está en Europa, artella fondos para o seu mantemento, porque as considera imprescindibles para unha transición que fose o menos lesiva posible.



Este é o comezo da situación de risco na que se atopan as zonas afectadas das que hoxe debatemos. Comezaron a casa polo tellado, señora Iglesias, e agora Galicia está a sufrir as consecuencias de decisións precipitadas no marco dunha transición inxusta que agora emendan, pero fano tarde e fano mal.

O Fondo de Transición Xusta é un instrumento financeiro no ámbito da política de cohesión cuxo obxectivo é prestar apoio aos territorios que enfrontan os retos socioeconómicos graves derivados do proceso de transición cara á neutralidade climática marcada de aquí ao ano 2050 e evitar así o aumento das disparidades rexionais. Este fondo conta cun orzamento global de 17.500 millóns de euros para o período 2021-2027. Execútase mediante as regras de xestión compartida, o cal implica unha estreita cooperación coas autoridades nacionais, rexionais e locais. Todo isto co fin de acceder ao apoio deste fondo, polo cal os estados membros teñen que presentar plans territoriais de transición xusta. Estes plans indicarán así mesmo as áreas concretas de intervención, baseándose nas repercusións económicas e sociais derivadas da transición.

A tradución deste fondo en España realizouse a través do Programa de transición justa de España, que inclúe o Plan territorial de transición justa, polo cal España recibía 868 millóns de euros do Fondo Europeo. Este orzamento recalará nos territorios elixibles de seis comunidades autónomas afectadas polo peche de minas de carbón e centrais térmicas de carbón, entre os que, como sabemos, está Galicia. A repartición baseada nos mesmos criterios que utilizou a Comisión Europea para distribuír o fondo foi así nos diferentes estados membros. A nosa comunidade de Galicia, concretamente a provincia da Coruña, é beneficiaria de algo máis de 111 millóns de euros; e digo ben, a provincia da Coruña, porque o programa de axudas titulado «Programa del Fondo de Transición Justa de España 2021-2027» foi deseñado polo Instituto de Transición Justa, órgano dependente do Miteco, e aprobado pola decisión da Comisión Europea, como ben dicía o señor Golpe, o 20 de decembro do ano 2022; un acordo que chegou tarde e chegou mal, porque foi precisamente este acordo o que xerou o problema que vostedes agora apuntan na súa iniciativa. Chega tarde porque este atraso impediu, como xa dixen na PNP dos socialistas do anterior pleno, que as axudas xa se puidesen activar ao longo do ano 2022, e deixan fóra tamén as grandes empresas e as instalacións suxeitas ao comercio de dereitos de emisións. E chega mal porque polo que rexe o funcionamento dos fondos é neste plan territorial onde se exclúen os tres concellos da provincia de Lugo xa mencionados, que si se recollen nos convenios aos que vostedes xa fixeron referencia. Explícome: o Plan territorial de transición justa indica as provincias máis afectadas e identifica unicamente a provincia da Coruña, especialmente os municipios máis afectados polo peche das centrais das Pontes e Meirama, algo que xerou un impacto de 639 postos de traballo directo, máis 150 empregos do porto de Ferrol; ademais —continúa o plan—, avaliando os retos para a transición para cada un dos territorios.

Pero, señorías, unha cousa é o Plan territorial e outra ben distinta son os convenios de transición xusta, convenios que Galicia subscribiu en dúas ocasións sen dotación económica —é dicir, sen financiamento—, e asináronse en novembro do ano 2022. Asinaron o Miteco, a Vicepresidencia segunda, a Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia naquel entón e tamén a Federación Española de Municipios e Provincias. Delimitábase a 14 municipios da área das Pontes, onde se incluían tres concellos afectados



da provincia de Lugo: Muras, Vilalba e Xermade, e no caso de Meirama, a cinco municipios da provincia da Coruña.

En resumo, respecto das súas críticas en relación ao ámbito territorial de repartición dos fondos de transición xusta en Galicia, creo que lles quedou ben claro que vén marcado polo Programa do Fondo de Transición Justa de España 2021-2027, aprobado pola decisión da Comisión Europea no ano 2022, que establece que o ámbito de ampliación será o da provincia da Coruña.

En consecuencia, señorías, as axudas artelladas pola Administración autonómica non podían facer outra cousa que non fose a de seguir os criterios marcados polo Goberno central e por Europa. E isto deberíanllo explicar vostedes aos seus alcaldes, tamén aos que non están hoxe aquí, señor Golpe. Porque eu lémbrolle que hai unha norma, unhas normas, nesta casa. E como di un alcalde que vostede ben coñece: «*No las hagas, no las temas*». (Aplausos.)

O que si que pode facer o Goberno galego, e así se fai, é favorecer os concellos máis directamente afectados polo peche das térmicas que astán recollidos nos convenios que acabo de citar, de xeito que, por exemplo, se priorizan concellos como o das Pontes ou o da Laracha sobre o da Coruña. E vostede tamén o acaba de apuntar agora na súa intervención. Insisto, outra cousa son os convenios de transición xusta, que Galicia si asinou xa no ano 2021, pero ningún dos dous tiña ningunha asignación económica.

Polo tanto, aínda que o das Pontes facía referencia a eses tres concellos da provincia de Lugo, non é vinculante para que os instrumentos galegos os tivesen en conta. Polo que, aínda que se quixesen incluír estes tres concellos, non se pode facer. Polo tanto, non podemos apoiar a súa iniciativa, señor Golpe. E neste caso téñolle que engadir que se equivoca na porta á que petar.

Xa vou rematando, presidenta.

É difícil de entender, señora Iglesias —recoñezo que non son capaz de entendelo—, como pode ser que vostede viñese aquí hai quince días, a este hemiciclo, pedir que se axilizasen as axudas do fondo e hoxe asine unha emenda na que solicita suspender as bases reguladoras dos convenios destas mesmas axudas. A ver se mo pode explicar. (O señor Lorenzo Gómez mostra un documento.) ¿Vostede está sendo consciente da súa incoherencia? Eu sigo sen entendelo. E o peor de todo é que o BNG a apoiou naquel momento e hoxe volven pedir eles mesmos o mesmo.

Miren, agora que saen renovadísimos do seu congreso, creo que deberían facer unha profunda reflexión de a onde queren levar o seu partido. E dígollo con todo respecto: así van moi mal, señora Iglesias. Deberían de pasar do discurso aos feitos e desmarcarse, como dixeron esta fin de semana, do BNG.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor LORENZO GÓMEZ: Xa remato, presidenta.



Pechen esa franquicia sanchista na que están embarcados; estou seguro de que lles iría moitísimo mellor e de que serían quen de frear esa hemorraxia de votos que están a sufrir nos últimos anos.

Señor Golpe, para paralizar e anular as axudas ás empresas galegas non poden contar co Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para o peche, ten novamente a palabra o señor Golpe, o autor da proposición.

O señor GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Vou empezar por pronunciarme a respecto da emenda do Partido Socialista. Ímola aceptar, porque cremos que corrixe un pouco o estilo no que estaba redactado o primeiro punto. Pero agora permítame, señora Iglesias, que quite o puñal das costas, ¡eh!, porque dicía vostede que lle copiamos... Eu non sei que copia sería, pero quero recordarlle que o único concello da provincia de Lugo que iniciou accións xudiciais contra as decisións da Xunta de Galiza — que nos tribunais se verán — foi o Concello de Muras. Que eu saiba, nin Xermade nin Vilalba, gobernados polo Partido Socialista, fixeron nada. (*Aplausos.*) Entón, non sei onde está a copia.

Iso si, As Pontes e Cerceda envían cartas á Xunta. Sigán vostedes con esa relación epistolar coa Consellería de Industria, a ver se chega a algo máis, pero eu creo que pouco froito lles vai dar. Hai que actuar. O noso alcalde de Muras, Manolo Requeixo, actuou con contundencia. Xa ten dous contenciosos- administrativos presentados, e todo vai polo bo camiño. Por iso demandabamos hoxe aquí paralizar esas ordes para non ter a necesidade de estar xudicializando as decisións arbitrarias da Xunta de Galiza.

E agora permítanme que me dirixa á xente que nos está escoitando dende a sala Domingo Fontán e a toda a xente que nos escoita desde a casa. Acaban de ver a intervención do voceiro do Partido Popular —por certo, ¡vaia papelón, señor Lorenzo, eu compadézoo—. Pois isto é o que vivimos aquí pleno tras pleno, dá igual o que traías. Este é un pleno centrado —como ten que ser— no 8M, e aproveitan calquera cousa, calquera moción, calquera pregunta, para sacar «*la condena.*» Agora que volve estar de moda a bachata, ímoslles facer unha composición destes ritmos latinos con «*la condena y la condena.*». Esta lameira na que nos quere somerxer, na que nos quere involucrar o Partido Popular, que non leva a nada... (*O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor.

O señor GOLPE ACUÑA: Estou no uso da palabra, señor Trenor, faga o favor de ter respecto.

¡É un papelón, señor Lorenzo! Entendo que é un papelón vir aquí e dicir que non se pode facer nada e que a culpa é doutros. ¡É mentira! Isto ten unha clara intencionalidade, e é moi clara. Vou—



lles explicar unha das liñas que está xa artellada, unha das liñas que xa está en funcionamento. Hai 5 millóns de euros destinados á cidade das TIC da Coruña. Non quero aquí ocasionar tensións territoriais, pero iso é unicamente para que o señor Lorenzo, ou o outro Lorenzo —Miguel Lorenzo—, faga a fotografía co señor Rodríguez. Non ten outra intención. Porque eses fondos deberían estar focalizados, tal e como din os convenios de transicións xustas e tal e como di a orde do Ministerio de Facenda, nas zonas de transición xusta. Non nos faga comungar vostede con rodas de muíño, porque isto é mentira. O que vostede dixo aquí é taxativamente mentira. ¡Si, si que o él, non lle dea á cabeza. Pero, bueno, eu entendo que esas ordes do señor Tellado dende Madrid, de ter que enlamalo todo, hai que seguilas ao pé da letra. (*Murmurios.*)

Creo que perdemos unha vez máis unha oportunidade de facer as cousas ben, perdemos unha vez máis unha oportunidade de ser consecuentes co que está pasando en dúas zonas importantes onde a destrución do emprego está deixando un páramo industrial e un páramo social. Eu xa llelo dixen outra vez nunha intervención aquí: tristemente vexo como o concello das Pontes está seguindo a mesma liña que seguiu, no momento da reconversión naval, o concello de Ferrol, e vostedes o único que fan é sacarnos <<la condena.>>

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¿A emenda, que non llo escoitei? ¿Acéptaa? (*Asentimiento.*)

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e dezanove deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa vulneración do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres e coa desvalorización dos cargos públicos baseándose unicamente no seu xénero

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Paloma Castro Rey.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

Emenda de supresión.

O punto 3 da parte resolutiva da iniciativa débese suprimir.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para a súa defensa ten a palabra a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, bos días.



Celebramos este pleno xusto despois da conmemoración do Día Internacional da Muller, o 8 de marzo, e isto nótase na conformación da súa orde do día, onde todos os grupos trouxemos iniciativas sobre igualdade; un tipo de propostas nas que historicamente neste Parlamento intentamos chegar a acordos unánimes, porque a igualdade non pode entender de siglas políticas, igual que non pode entender de razas nin de fronteiras.

O 8 de marzo conmemora a loita polos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero. Serve de reflexión sobre o que se leva feito en materia de igualdade, e de reivindicación do que queda por facer. É a data para lembrar e recoñecer ás mulleres valentes que nos momentos máis complicados traballaron para que hoxe herdemos unha sociedade máis igualitaria e, por tanto, máis xusta, pero tamén para comprometer o noso traballo para deixar a nosa heranza no mesmo sentido.

Por iso pensamos que se fai imprescindible a reflexión conxunta e a condena dun dos ataques machistas e sexistas máis graves dos últimos tempos sobre unha muller con responsabilidades públicas. Xa foi reprobada por todos os sectores da sociedade galega, agás polo Bloque Nacionalista Galego e pola súa lideresa. Aínda que estou segura de que todos saben a que me estou a referir, vou detallar un pouco o sucedido.

O pasado luns, 17 de febreiro, (*A señora Arias Rodríguez mostra un cartel.*) no edificio administrativo da Xunta, en Santiago de Compostela, apareceron uns carteis publicados polo sindicato Confederación Intersindical Galega, coñecida como CIG. Os carteis representan á conselleira de Política Social e de Igualdade, Fabiola García, sentada nun sofá, sostendo un bolso de marca e respondendo ás demandas do sector das residencias privadas de maiores: «*Buf, me aburren. Dígales que no molesten y se pongan a trabajar, como yo. Las rebajas me matan*».

O primeiro impulso é pensar que se trata dunha falcatuada de pésimo gusto de calquera machista trasnoitado que pasaba por alí, e que inmediatamente a CIG e o partido que a sustenta, o BNG, sairían dicindo: «*Desculpas, non temos nada que ver con este cartaz, que, por suposto, condenamos. Pedimos desculpas á conselleira e solidarizámonos con ela*». Pero non foi así. Igual que seguen sen condenar expresamente o ataque sufrido a pasada fin de semana á conselleira de Medio Ambiente na súa propia casa, ou á señora Ayuso ou a calquera muller que non pense coma eles. Dende o pasquín machista da CIG contra a conselleira de Política Social e Igualdade pasaron 23 días, máis de tres semanas, e nin a CIG rectificou, nin Ana Pontón, nin ninguén do BNG condenou a viñeta. Cartaz que de xeito inmediato si condenaron desde xornalistas e comentaristas dos medios máis dispares a alcaldes como o de Ames, ou a alcaldesas como a da Coruña, Inés Rei, que o fixo ata en dúas ocasións. «*Absolutamente vergonzoso que Pontón sea incapaz de condenar el panfleto asqueroso de la CIG*», dicía a alcaldesa da Coruña.

E é así, porque resulta vergonzoso e inconcibible, en primeiro lugar, porque na sociedade de hoxe non teñen cabida as actitudes machistas e sexistas. Tamén porque Galicia está á vangarda da promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero, tanto a nivel lexislativo como de medidas de apoio. Pero aínda é máis inconcibible que os que se vanglorian de feministas e defensores dos dereitos das mulleres empreguen argumentos deste tipo cos que se perpetúa o sexismo e a desigualdade entre mulleres e homes, ao suxerir que a actividade profesional dunha muller é inferior á dos homes.



Porque claro que nós estamos a favor de que se critique o labor profesional de calquera muller, igual que o de calquera home; claro que si, pero o seu labor profesional, sen vencello ao seu xénero, non que a crítica se velle unicamente ao feito de ser muller. E diso é do que vai a campaña da CIG contra a conselleira Fabiola García, esa que Ana Pontón, o Bloque e a CIG seguen sen condenar. E iso é machismo. E, ao non condenalo Ana Pontón, demostra que é covarde, e normaliza o trato vexatorio cara a unha muller que exerce responsabilidades públicas.

E tampouco se loita a prol do feminismo cando unha muller que queda sen argumentos no debate político usa a súa condición de muller para non ser atacada. Iso é o que fai unha e outra vez a señora Pontón neste Parlamento. E digo isto porque, dende o BNG, durante estes días, se pretendeu asimilar ambas cousas. E miren, non, non son iguais, nin sequera similares. O de Ana Pontón é simplemente vitimismo.

A viñeta da CIG e a actitude de Ana Pontón e do BNG ao non condenala expresamente van en detrimento dos principios de igualdade e de equidade, ademais de representar un descrédito profesional ao desvalorizar o traballo dun profesional simplemente polo seu xénero.

Desde o Grupo Popular de Galicia, consideramos que este tipo de actos non axudan en absoluto ao recoñecemento do valor da experiencia profesional das mulleres e ao traballo que se desenvolve pola igualdade das mulleres e dos homes, algo no que o Parlamento de Galicia, e principalmente os seus grupos parlamentarios, debemos ser un exemplo. E, de feito, fórmolo moitas veces. Aquí aprobáronse por unanimidade a maioría das medidas encamiñadas á promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero, esas que nos converten nun referente; unha unanimidade á que se chegaba independentemente de quen fose o grupo proponente, ata que a finais de 2023 —nas vésperas das eleccións autonómicas— PSOE e BNG non apoiaron a Lei de igualdade efectiva entre homes e mulleres, que é das máis vangardistas de España e na que se aceptaron a maioría das súas propostas.

E porque este Parlamento debe seguir sendo un exemplo é polo que o Grupo Parlamentario Popular presenta hoxe esta iniciativa. Ana Pontón e o BNG aínda teñen unha oportunidade para rectificar durante o tempo que dure o debate dela. Ana Pontón quedaría de dez con estas dez palabras: condeno a viñeta machista da CIG referida a Fabiola García. (*Aplausos.*) Quedaría de dez, non co Partido Popular, (*Murmurios.*) non coas deputadas e deputados deste hemiciclo, quedaría de dez con Galicia. Non facelo é deixar en evidencia outro día máis que ou Ana Pontón é machista ou non ten ningún poder para poder enfrontarse á CIG e á UPG, e calquera das dúas opcións incapacítana para ser lideresa de nada, e moito menos do feminismo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra a señora Espinosa.



A señora ESPINOSA MANGANA: Bo día, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Levamos dous días falando de igualdade e de como temos todos e todas que remar para conseguir unha sociedade en equilibrio dende o punto de vista laboral, social e xurídico. Ben, pois creo que é importante que falemos tamén de igualdade na política.

Esta iniciativa que trae aquí hoxe o Partido Popular, á marxe do seu interese político —que é evidente—, reflicte algo que á maior parte das mulleres que estamos en política non nos é alleo. Se preguntamos a cantas de nós durante a nosa carreira política nos teñen cuestionado polo noso aspecto físico, a nosa forma de vestir e incluso se nos teñen relacionado sentimentalmente con algún cargo do noso partido, creo que a maior parte de nós levantaríamos a man á primeira. ¿E isto por que se produce? Pois porque a política segue hexemonizada pola perspectiva masculina, porque a estrutura social e democrática existente se asenta nunha base patriarcal onde as mulleres estivemos sempre relegadas ao privado, e o público correspondía aos homes. Isto provoca que neses espazos de decisión as mulleres sigamos sendo vistas como intrusas ou invitadas e, polo tanto, que suframos un cuestionamento persoal ou no noso traballo, que é algo recorrente.

A participación política das mulleres non foi tarefa fácil, basta con pensar que hai menos dun século non podíamos votar, por entender que non estabamos plenamente capacitadas para iso. E nese debate cara á consecución dese dereito, liderado por Clara Campoamor, algúns políticos alegaban cousas como que estabamos xeneticamente concibidas para os coitados e non para as tomas de decisións, ou que eramos débiles e influenciábeles. E eran políticos de esquerdas e de dereitas, co denominador común de que eran homes, porque cando se trata de limitar os dereitos das mulleres e de impedir que a metade da poboación poida vivir en condicións de igualdade que o resto, o patriarcado impónse á ideoloxía co único fin de seguir perpetuando os seus privilexios e a súa situación de poder.

E así foi ao longo da nosa historia, xa non só no sufraxio feminino, senón nos debates sobre o aborto, as leis de igualdade, a violencia de xénero, a liberdade sexual e outras moitas. E un claro exemplo disto vézomolo na Lei contra a trata de explotación sexual. A presión que se está a exercer é enorme e a postura de moitos partidos en relación coa explotación dos corpos das mulleres é inconcibible, polo menos para min. Outro exemplo vízomolo nalgúns casos recentes, como é o de Errejón ou Monedero, eses que eran máximos expoñentes do novo feminismo, tildando de clásica toda a loita anterior.

Pois ben, vemos nas tertulias televisivas e nas redes como na defensa das súas condutas é sorprendente que se unen homes de esquerdas e de dereitas. Con isto o que quero dicir é que as mulleres temos que empezar a ter tamén autoconciencia colectiva, porque isto nos dará unha situación de poder para poder avanzar cara á igualdade real. A garantía legal da paridade non garante a igualdade, senón que é un dereito que garante unha democracia xusta; pero que unha persoa que ocupa un alto cargo sexa muller non implica que loite pola igualdade nin que sexa feminista. Que a igualdade avance depende de decisións tomadas polas mulleres e homes feministas; e isto implica, entre outras moitas cousas, condenar as con-



dutas machistas, veñan de onde veñan. Iso no noso partido témolo moi claro. E refírome tanto a condenar un anuncio baboso e cheo de prexuízos sexistas dun sindicato, como a rexeitar unha campaña contra a violencia de xénero que poña o foco na vítima ou a permitir que se incorpore un maltratador, alegando unha conduta exemplar. (*Aplausos.*) O machismo hai que illalo, veña de onde veña. (*Aplausos.*) E nunha sociedade como a nosa non está libre ningún partido político de ter entre as súas filas homes ou mulleres machistas; pero o que hai que facer é identificalos, reeducados e, no caso de que as súas condutas sexan inadmisibles, condenalos ou condenalas e afastalos, non cubrilos nin xustificalos.

En relación coa campaña da CIG, a verdade é que, aínda que temos camiño percorrido, nos sorprenden cousas, e creo que ás veces pensamos que pouco avanzamos nalgúns aspectos. Para nós, os socialistas, o cartel da CIG é intolerable, pero non polo que di o Partido Popular na súa iniciativa, que desvaloriza o traballo dun profesional polo seu xénero, senón porque xulga a conselleira polo seu aspecto físico e pola súa forma de vestir, caendo nun estereotipo machista e cheo de prexuízos inaceptables. ¿Para ser boa xestora hai que ser morena?, ¿hai que vestir mal?, ¿hai que levar un bolso...? ¿Ou levar un bolso de marca afecta a súa capacidade de xestión? É absolutamente ridículo. E, ademais, é innecesario, porque obxectivamente hai moitos motivos para denunciar a mala xestión que se está a facer da dependencia e moitas razóns para criticar as últimas decisións tomadas pola conselleira neste eido que non supoñen ningún ataque persoal.

Con todo, nós presentamos unha emenda que quero explicar aquí. Apoiaríamos os puntos 1 e 2 desta proposta por entender —como dicía— que a campaña é intolerable e por sentar un precedente en poder condenar dende agora e de cara ao futuro calquera campaña ou manifestación pública que vulnere o principio de igualdade e de trato entre homes e mulleres ou onde se denigre a dignidade das mulleres. Isto último está perfectamente en consonancia co que falaba antes. Nisto diría que deberíamos ter unanimidade; e, de non ser así, quedaría reflectido canto lle custa ao BNG cuestionar os señores da CIG.

Pero en relación co punto 3, non vemos lóxico acordar que o Parlamento queira impor unha vontade á portavoz do BNG, parécenos frivolar con isto; é algo que non ten moito sentido, e explicareime. Se rexeitan o cartel da CIG e votan a favor do punto primeiro, queda clara a postura; se non o fan e non rexeitan esta campaña, manifestarían que están, dende logo, dándolle o si a ese cartel. Pero manifestar a vontade de que Ana Pontón, como representante do BNG, rexeite sinceramente o redundante, traduce a iniciativa nun instrumento partidista e, dende o punto de vista formal, non sei como se admitiu esa fórmula, porque...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: ...—remato xa, presidenta— a vontade de rexeitamento é algo persoal e non o pode asumir o Parlamento. o Parlamento xa rexeitaría a campaña co punto 1 e 2.

Polo tanto, dende o Partido Socialista pedímoslle a retirada do punto terceiro, por ser unha reiteración, por non ter encaixe formal nunha resolución e por frivolar e usar de maneira partidista un cartel que xa é de por si baboso e machista.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Indícame o voceiro do Grupo Mixto que renuncia ao seu turno de intervención.

Pasamos, pois, á intervención do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Esta é a última iniciativa dun dos plenos que vai pasar á historia como un dos máis tristes da historia do parlamentarismo galego polo que reflicte. (*Risos.*) —si, si, non rían, porque é moi serio—. Porque o que vivimos neste pleno, nestas últimas semanas, deixa ás claras dous modos de facer política, dous modos moi distintos, que é o que queren tapar con todas as súas difamacións: o do Partido Popular dos bulos, as posverdades e as difamacións; (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento cunha man.*) e o do Bloque Nacionalista Galego, unha alternativa que traballa a favor do feminismo, (*A señora Presas Bergantiños mostra outro documento coa outra man.*) (*Aplausos.*) a favor da igualdade das mulleres e que trouxo propostas políticas concretas a esta Cámara. (*Aplausos.*) Reflicte estes dous modos de facer. A única campaña do Partido Popular e da Xunta de Galiza para o 8 de marzo é atacar a portavoz nacional do Bloque Nacionalista Galego, e mentres o BNG, facendo o seu traballo de líderes na oposición. (*Aplausos.*)

E é moi profundo isto porque o que nos amosa todo o acontecido nas últimas horas é ese renovado e rearmado Partido Popular de Rueda, o máis ultra da súa historia, sen ningún tipo de límite moral. E bendito o *Diario de Sesións*, que vai permitir que algún día se estude a absoluta barrena dun Partido Popular de Rueda entregado ás peores prácticas, que non se vían neste Parlamento, que non se vían na sociedade galega e que están importando vos-tes do peor do Partido Popular máis ultra de Génova e do peor do rearme reaccionario e misóxino que hai a escala mundial. (*Aplausos.*) É o que están facendo, e algún día estudarase. (*Aplausos.*)

Porque, claro, levamos aquí dous días nos que vivimos autenticamente a posverdade á que nos quere levar o Partido Popular; dous días pedíndonos condenas por distintas historias. Ou sexa, o Partido Popular, que xa sempre nos caracteriza, pleno si pleno tamén, ao Bloque Nacionalista Galego como «*los terroristas*»; ese Partido Popular sen límites, sen escrúpulos, sen ningún tipo de límite moral, nun novo capítulo, cando pensabamos que xa viramos todo. Entón, agora, primeiro, vimos nas últimas horas —incluso na propia pregunta ao presidente— esa negación, ese empecinamiento, co bulo dunha presunta agresión e ataque a unha conselleira, que ao BNG se lle pediu que condenara e que condenou literalmente. O problema era que non se dicía a palabra «condena». Díxose varias veces. Eu repetino aquí e quedan no *Diario de Sesións* as palabras da viceportavoz do Bloque Nacionalista Galego. Pero dá igual, seguen vostedes instalados na posverdade; dá igual o que diga o BNG diante desa difamación sobre a xente que lexitimamente loita contra a Altri e dá igual o que diga ou



deixe de dicir o BNG sobre un cartel —que xa dixó que non lle parecía adecuado—, porque vostedes veñen aquí pretendendo que o BNG sexa o ventríloco do que decide o Partido Popular que temos que dicir. *(Aplausos.)* E incluso cando o dicimos, non lles vale. ¿Pero que se cren vostedes? ¿Que se cren vostedes?, ¿que a xente nos votou para vir a este Parlamento a facer de ventríloco das mentiras do Partido Popular? Mire, se non lle funcionou esa estratexia nos últimos corenta anos de historia, non lle vai funcionar agora; non lles funcionou na campaña electoral, non lles vai funcionar agora. Porque o problema... *(Murmurios.)* O que queren tapar, o que queren tapar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Se pode falar...! Xa sei que non lles gusta, pero, de momento, aínda... *(Aplausos.)* Aínda non acabaron de perverter este Parlamento de todo e aínda podemos falar neste hemiciclo.

O que queren tapar é o seu nerviosismo, porque teñen diante o Bloque Nacionalista Galego máis forte da historia, con máis capacidade de intervención social, de xeración de alternativa política e ao que cada vez vira máis xente; tamén as persoas que apoian o Partido Popular. Iso é o que lles molesta e iso é o que queren tapar con esta campaña de bulos do Partido Popular, que non vai de igualdade. É que o peor desta trapallada de iniciativa *(A señora Presas Bergantiños mostra un documento.)* é que non vai de igualdade. Isto non vai dos dereitos das mulleres, non vai diso, vai doutra cousa, e amosa que a única proposta do Partido Popular é atacar a única portavoz muller que ten este Parlamento. *(Aplausos.)* A única, por certo, muller dun grupo parlamentario propio de toda a historia do Parlamento galego. E, por riba, *el paradigma del feminismo, el Partido Popular.* Cando non se lle di que «está moi necesitada» e non se condena, por certo, esa afirmación, acúsaselle de vitimizarse e, cando non, dise algo moi feminista como que nas mulleres do BNG, e singularmente en Ana Pontón, *mandan los coroneles de no sé quién.*

¡Vaia leccións de feminismo, señores do Partido Popular, cando o que queren tapar é o seu nerviosismo ante unha líder consolidada, avalada e nun momento de absoluta unidade do BNG! *(Aplausos.)* Porque nós si practicamos o feminismo, si practicamos o feminismo, e facemos verdade aquilo de que, se nos tocan a unha, atácanos a todas e respondemos todas, señores do Partido Popular. E non imos caer na súa estratexia de leccións, cando realmente o que vemos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡É que é iso!, ¡o que vemos é iso!: o Partido Popular máis retrógrado da historia *(A señora Presas Bergantiños volve mostrar un documento nunha man.)* e o Bloque Nacionalista Galego, feminista, construtivo e traballando na xeración de alternativas políticas *(A señora Presas Bergantiños volve mostrar outro documento na outra man.)* Niso non nos van distraer, señores do Partido Popular, porque isto non vai de igualdade, isto vai dun Partido Popular absolutamente en barrena, que queda sen argumentos e que non ten máis que inventar difamacións do Bloque Nacionalista Galego, cando as súas afirmacións foron tremendamente claras. *(Murmurios.)* Porque sempre, sempre que na vida política galega se xulgou algunha muller por estereotipos sexistas, por como viste, en lugar de por como actúa, o Bloque Nacionalista Galego estivo aí. Sábeo perfectamente a vicepresidenta deste Parlamento galego e sábeo perfectamente toda a política galega, porque o Bloque Nacionalista Galego sempre tivo a dignidade que lle faltou ao Grupo Parlamentario do Partido Popular e que lle falta ao Partido Popular como partido en innumerables ocasións. Porque eu poderíalle poñer aquí *el ventilador de la mierda* e recordar desde o señor Baltar, poñendo na súa voz o acoso directamente a unha persoa para intercambiar sexo por postos de traballo; poderíamos poñer unha e outra vez declaracións que xa citei aquí dos líderes do



Partido Popular de Galiza e do Estado; poderíamos recordar casos absolutamente lamentables como o de «chacha para todo», da señora Carmela Silva, que o Partido Popular tampouco condenou... E unha e outra cousa. Podería recordar aquí unha vez máis que son vostedes tan faltos de decencia que ao Bloque Nacionalista Galego xa o atacaron nunha xornada de reflexión acusando de maltrato o seu candidato e portavoz nacional, sen pedirlle perdón nin a el, (*Aplausos.*) nin á súa familia, nin ao Bloque Nacionalista Galego, xogando con algo tan terrible como a violencia machista. Teñen un historial que non me chegaría todo o tempo do día para respondelo.

Polo tanto, non admitimos leccións de feminismo, non admitimos leccións tampouco de lexitimidade política, e non imos caer na súa estratexia de someter este Parlamento cada vez máis a un ámbito de difamación e de bulos, a un ámbito de deostar a política nun momento no que realmente deberíamos estar defendendo o modo de facer política á galega, o modo de facer política construtivo, precisamente ante ese rearme reaccionario e misóxino no que vostedes están participando.

Nós estamos por riba diso, porque para iso nos escolleron os galegos e galegas. E nós non nos imos distraer nin un milímetro de seguir avanzando en disputarlles a vostedes a hexemonía electoral e social, como estamos facendo, que é o que lles preocupa, cunha gran líder, cun gran grupo parlamentario, cunha gran organización e con cada vez máis apoio social. Porque isto —insisto— non vai de igualdade, isto vai doutra cousa, e non imos caer niso, por respecto a este Parlamento e polo respecto e a dignidade das mulleres deste país, que merecen propostas concretas e actuacións, e non caer nesta historia.

Non vou perder un minuto máis e non imos participar deste circo do Partido Popular, ¡non imos participar! (*Murmurios.*) ¡Xa está! Vostedes poden seguir así, que nós temos moi claro o noso camiño e seguiremos traballando por el, por Galiza e polas mulleres e polo feminismo. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Empezarei por contestar a emenda do PSOE. Por certo, unha emenda moi empática, pero non empática coa persoa que foi vítima, senón empática, ao final, con aquelas persoas que tiveron actividades e actitudes machistas: coa señora Pontón e o Bloque Nacionalista Galego. (*Murmurios.*) Talvez sexa porque vostedes viron que este era o momento para agradecerlles o que eles fixeron cando aquí non quixeron reprobar o señor Tomé, cando el se dirixiu á nosa vicepresidenta tamén con actitudes machistas pola súa vestimenta. Aquela reprobación saíu tamén sen o voto do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) Ao mellor, é por iso ou ao mellor é tamén porque, visto o visto no Congreso que vostedes tiveron esta fin de semana, o que queren é desautorizar a señora Inés Rey cando di: «*Absolutamente vergonzoso que Pontón sea incapaz de condenar el panfleto asqueroso de la CIG*». A pesar destas declaracións, hoxe o señor Besteiro preferiu aliarse con aqueles que teñen actitudes machistas.



Concepción Arenal recalca que a igualdade non é unha concesión, que é un dereito. Pero para aqueles que ostentamos cargos públicos a igualdade non é só un dereito, a igualdade é tamén un deber, un deber de loitar cada día para rachar todo tipo de machismo; algo que lles esquece ao Bloque Nacionalista Galego e a Ana Pontón, porque hoxe, 23 días despois, seguen sen condenar a viñeta machista da CIG contra a conselleira de Política Social e Igualdade.

Tamén a señora Presas perdeu os oito minutos que tivo aquí para poder manifestarse nese sentido e, en vez de botar aquí máis trapalladas, en vez de buscar argumentos... Por certo, unha señora deputada —a señora Pontón, que é deputada— que non estivo nin sequera un minuto nos debates nos que se falou de feminismo durante todo este pleno. Unha Ana Pontón absolutamente deslaxada para falar de igualdade e feminismo, porque Ana Pontón cada vez que ten que elixir entre nacionalismo e igualdade, elixe nacionalismo; cada vez que ten que elixir entre CIG e feminismo, elixe CIG. (*Aplausos.*) Unha Ana Pontón que se presenta como unha feminista absolutamente combativa, pero que cando a vítima do machismo é unha muller que non pensa coma ela, mira para outro lado, lanzando unha mensaxe letal de que hai mulleres que merecen menos protección que outras.

E, miren, a deriva do Bloque neste Parlamento empeza a ser preocupante. (*Murmurios.*) Hai só unhas semanas un deputado desas bancadas acusaba a conselleira de Medio Rural de que tal vez tiña ese cargo porque tivera padriño, e Ana Pontón calou. Pero é que poucos días despois outro deputado desa bancada, do Bloque Nacionalista Galego, acusaba a deputada do Partido Popular, Nicole Grueira —iso si, con paternalismo—, de que posiblemente alguén lle facía as súas intervencións. (*Murmurios.*) Miren, o mesmo Bloque que foi —e lembráremoslo sempre— quen apoiou a «Lei do só si é si», a lei máis lesiva contra as mulleres e que nin sequera votou a favor da súa modificación.

En definitiva, señorías, o acordo que propoñemos nesta iniciativa é necesario para deixar claro que a igualdade e o feminismo é un principio ético universal e que este Parlamento non tolera nin tolerará o uso político e interesado da igualdade, nin o silencio ante agresións machistas a ningunha muller, calquera que sexa o seu partido; voten a quen voten, a ningunha muller.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular, a iniciativa de don Borja Vereza.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.



Votamos.

Votación do texto transaccionado do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Cristina Sanz Arias e oito deputados/as máis, sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co apoio ao futuro Xacobeo 2027 ao abeiro da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Noa Olalla Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a demanda ao Goberno galego da creación e regulación dunha «Valedoría da Igualdade» como autoridade independente de defensa cidadá contra a discriminación por razón de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 38; abstencións, 9.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados máis.*

Estaba pendente unha transacción. (Pausa.) Non hai transacción.

Entón, votámolo tal como está.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego destinadas a mellorar a situación laboral das mulleres en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 47; abstencións, 25.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de dona Paloma Castro... Non a levou ela, que non estaba, ¿quen a levou? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, levouna a señora Rodríguez Dacosta.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que se acepta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para avanzar cara á consecución da igualdade real entre mulleres e homes e a superación da violencia machista.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Manuel Golpe.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da xestión en Galicia do Fondo de Transición Xusta.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, a iniciativa de dona Raquel Arias.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Perdón? ¿Si? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



¿Aceptaa? (Negación.) *Non acepta a votación por puntos.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e dezanove deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa vulneración do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres e coa desvalorización dos cargos políticos baseándose unicamente no seu xénero. (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: Presentes na Cámara: Aquí pon 47, pero son 71 máis 1. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O dereito a votar ou a non votar téñeno todos, pero presentes son 71 máis 1.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 8. (Hai 25 deputados e deputadas que non participan na votación.)

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as proposicións non de lei.

Abran as portas xa, por favor.

Continuamos coas interpelacións.

Interpelación de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e quince deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os concertos sanitarios como mecanismo do modelo de sanidade pública

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Montserrat Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Moi bo día, conselleiro.

Vanme permitir que antes de empezar coa interpelación que hoxe trae aquí o BNG, referida á Área Sanitaria de Vigo e ao contrato con Povisa, lle pida que se ocupe das súas obrigas.

O BNG trouxo en numerosas ocasións a este Parlamento as deficiencias nos helicópteros que prestan a atención ás urxencias extrahospitalarias, unha peza fundamental, tendo en conta a realidade do noso país. Entre o mes de xaneiro e febreiro, vostede, como máximo responsable, permitiu que non estivesen operativos durante 25 días —8 en Santiago e 17 en Ourense— estes helicópteros. Agora acaban de mandarme que teñen problemas co combustible, que non llelo surten, que teñen que ir ao aeroporto. Polo tanto, vostede, á parte de facer de monoloxista, ocúpese e resolva os problemas que ten a sanidade pública. (*Aplausos.*)



Mire, o Partido Popular volveu á Xunta de Galiza no ano 2009 coa firme decisión de contribuír á estratexia neoliberal de asaltar o público para engordar a conta de resultados das empresas privadas, e se son amigas do PP, moitísimo mellor. E leva dezaseis anos servíndose desde a Xunta para poñerlle en bandexa os recursos de Galiza a ese gran capital, fomentando o espolio enerxético, financeiro e o dos recursos naturais e dos servizos públicos, e, nomeadamente, da sanidade pública do noso país.

Como fieis executores desta estratexia puxéronse mans á obra desde o minuto un para re-alizar ese asalto aos recursos públicos. E deseñaron e executaron todo para garantir ese máximo negocio ás empresas, ás que lles foron entregando cada vez máis e máis servizos da sanidade pública; empresas privadas na súa inmensa maioría de fóra de Galiza, e na actualidade cada vez fondos de investimento que parasitan o noso sistema sanitario.

A Área Sanitaria de Vigo é o maior expoñente desa política sanitaria do Partido Popular. Usárona desde o minuto un, como dixeran, de banco de probas nesa estratexia de converter o público en negocio para as empresas privadas. E todas as decisións que foi tomando o Partido Popular foron na dirección de condicionar a área sanitaria para facilitar o negocio das empresas privadas. O primeiro ring, o primeiro asalto que fixeron foi coa construción do Álvaro Cunqueiro. O Partido Popular tomou a decisión de multiplicar o orzamento, que estaba previsto en nada máis e nada menos, como ten dito o Consello de Contas, que en 470 millóns de euros —é dicir, podíase ter construído outro hospital con eses cartos—, para construír un hospital máis pequeno, con menos servizos e seguir condicionando a área sanitaria, e para que, ademais, estea en mans dunha multinacional ata o ano 2035.

O 70 por cento da sanidade pública existente en Galiza xa está en mans de empresas foráneas que buscan o negocio, que lles posibilitan cada vez máis a vostede e ao o Partido Popular que condicionen máis a sanidade pública e que lles posibilitan cada vez máis que sexan estas multinacionais as que toman as decisións e condicionen. E o máximo expoñente disto é o hospital privado Povisa, que neste momento está en mans dunha multinacional, Vivalto Santé —francesa, luxemburguesa ou non sei...—, con fondos de todo tipo.

O Sergas vén mantendo con este hospital uns concertos dos máis caros, xa non da sanidade pública, senón de todo o Estado. Realiza este hospital as prestacións de asistencia sanitaria a miles de veciños e veciñas da Área Sanitaria de Vigo: dos concellos de Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Gondomar..., e dunha parte importante do propio Concello de Vigo, na que traballan arredor de 1.400 profesionais. Digo sempre «arredor» porque todo o que está arredor de Povisa é unha nebulosa: a opacidade como bandeira, a non transparencia como bandeira. Que non coñezamos como se invisten os recursos públicos dos galegos e galegas esa é a máxima do Partido Popular.

E o Partido Popular actuou permanentemente como valedor deste hospital privado. Primeiro Silveira, despois este procedeu a vendela a unha multinacional que naquel momento era de Estados Unidos, Centene, a un prezo de ganga, arredor de 20 millóns de euros. O Partido Popular non quixo saber nada de mercar este hospital para darlle saída e ter que darlle prestación nun hospital privado a unha parte moi importante da Área Sanitaria de Vigo. Vostedes, non, porque, claro, vostedes están na Xunta para facilitar o negocio, non para facilitar unha



atención sanitaria de calidade á veciñanza da área sanitaria; diso nunca se ocupou o Partido Popular.

E logo, cando Centene a vendeu a esta última multinacional, tampouco quixeron facer absolutamente nada, cando a lexislación os ampara e lles permite que poidan facer algo. Tanto llelo permite, que neste momento a prestación sanitaria que está dando Povisa desde agosto do ano 2024 está baixo a cuestión de interese público, que é que a vostedes os obrigan a seguir dando un servizo porque ese servizo está por encima dos intereses da empresa. Ou sexa, que si teñen ferramentas para poder actuar e para poder facer que á veciñanza da Área Sanitaria de Vigo se lle preste a atención sanitaria nun centro público. Pero vostedes iso só o fan para facilitarlle que a empresa o tome con tranquilidade.

Pois, neste contexto, no 2014, o Partido Popular lle asignou un concerto a Povisa, que xa lle asignara outro no 2000 e outro no 2014, que teoricamente remataba no ano 2022, e concedéronlle a prórroga por dous anos —que o permitían os pregos—, ata o ano 2024. Como tampouco foron arranxando, foron ao interese público, ata o 31 de decembro. Como tampouco estaba solucionado e a empresa non estaba polo labor, volveron facer outra declaración de interese público, teoricamente ata o 1 de abril. E a principios de xaneiro sacaron, despois de anunciálo no Consello da Xunta, un negociado sen publicidade, un contrato de servizos. Ata agora era por cápita: por tanta poboación adscrita, pagábaselle un tanto, 540 euros; que logo vostedes foron aumentando por moitos servizos que lle foron pagando por fóra desa cápita. Agora volven ao contrato de servizos, que é que van facturar por todo aquilo que preste Povisa.

Todo isto sabémolo a través da prensa e da nota de prensa que mandou a Consellería. Non temos noticia de cal é o contido deste contrato de servizos. Porque a opacidade —insisto— é a máxima coa que actúa o Partido Popular.

Ben, fixéronlle esta oferta a principios de xaneiro, co prazo límite dun mes, o 3 de febreiro; dixeron que ese era o límite. Como non presentou, o límite pasou a ser o 11 de febreiro. Como non presentou, o límite pasou a ser o 17 de febreiro. Incluso con declaracións súas —do señor conselleiro—, dicindo que non contemplaba que a empresa non presentase nese tal... Pois non presentou, e volveron darlle o prazo límite do 24 de febreiro. E, como xa era o límite, porque a lei non lle permitía dar máis prórrogas, presentaron. ¡Ah!, pero presentaron, pero para empezar a negociar. Vostedes din que o prazo vai empezar o 1 de abril. Entón, a primeira pregunta é: ¿que están negociando exactamente, señor conselleiro? ¿Que están negociando exactamente? ¿Cantos cartos? ¿Como? ¿Para que? ¿Que condicións lle están poñendo á empresa? Porque o que sabemos do que se está trasladando cara aos medios de comunicación é que é a empresa quen pon as condicións. Si, que é a empresa quen pon as condicións, que di como, cando e para que, e que o único que fai o Sergas —e vostede como máximo representante— é estender os cheques. As empresas poñen as condicións, deciden que sanidade, como e a que prezo, e o único que fai o Partido Popular é estender cheques a custa da sanidade pública deste país. (*Aplausos.*) Esa é a realidade, jesa é a realidade!

Ademais, como era pouco, auméntanlle os cartos que se lle viñan pagando ata agora por menos servizos e por menos poboación atendida, e os casos complexos para a pública. Claro,



os que poden consumir recursos e orzamento, deses que se ocupe a pública. Entón, as cuestións máis complexas pasan para a sanidade pública. E a maiores deses cartos que lle pagan, establecen que o 3 por cento teña que ir para equipamento e obras. Ou sexa, que vostede contrata un servizo a unha empresa —que lle presta un servizo—, e ademais págalle a tecnoloxía e o mantemento das instalacións. ¡Negocio redondo, claro!, pero negocio redondo para as empresas; evidentemente, redondo para as empresas e ruinoso para os galegos e para as galegas e, neste caso, para a poboación da Área Sanitaria de Vigo, unhas 600.000 persoas. *(Aplausos.)*

O Partido Popular leva dezaseis anos aplicando en Vigo a fórmula do neoliberalismo máis salvaxe, poñendo a ganancia e o negocio por encima do benestar da poboación. Os resultados están á vista, porque este era o obxectivo: o neoliberalismo; é dicir, negocio a custa da sanidade, a custa do benestar da poboación.

E os datos están aí: 73.700 persoas en lista de espera na área sanitaria; 8.863 para intervencións cirúrxicas, que son 1.218 máis que hai un ano. Se lle sumamos —e é un aumento só nun ano do 16 por cento— as de Povisa, os 2.496 de Povisa, estamos en 11.362; as máis altas de todo o país. Para unha primeira consulta: 38.739; 6.500 máis que hai un ano. Para probas diagnósticas: 23.599; 300.000 máis que hai un ano.

Obxectivo cumprido, ¿verdade, señor Gómez Caamaño? ¡Obxectivo cumprido!

Cantos máis cartos destina o Partido Popular á sanidade privada, a engordar a conta de resultados das empresas privadas, peor sanidade pública teñen os galegos e as galegas. *(Aplausos.)* Esta é a proba do nove. Levan dezaseis anos actuando para entregarlle a sanidade de Galicia en xeral, pero da Área Sanitaria de Vigo en particular..., e os resultados están aí á vista: máis negocio tanto para as empresas donas do hospital...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora PRADO CORES: ...Álvaro Cunquerio como para Povisa, e peor sanidade pública.

Polo tanto, señor conselleiro, ¿que vai facer para cambiar esta situación, e, sobre todo, explíquenos que está negociando con Povisa e en que vai mellorar a calidade asistencial da poboación da área sanitaria.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

Antes de darlle paso ao señor conselleiro, imos dar a benvida aos alumnos e alumnas de 4^o da ESO do IES Manuel García Barros, da Estrada. Dámoslles a benvida ao Parlamento, e que-remos dicirlles que están na súa casa.

Ten agora a palabra o señor conselleiro de Sanidade, o señor Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Moitas grazas, presidenta.



Señora Montse Prado, imos co monólogo. Resulta sorprendente que vostede traia aquí unha interpelación preparada e rexistrada ao comezo da lexislatura, en abril do ano pasado, concretamente o 8 de abril; (*Murmurios.*) concretamente, o 8 de abril. ¿Sabe vostede onde estaba eu o 8 de abril do ano pasado? Pasando consulta de cancro de próstata no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela. (*Aplausos.*) Nin sequera sabía que ía ser conselleiro de Sanidade. ¡Nin sequera iso! Se me chegan a dicir aquel día que ía estar un ano despois no Parlamento de Galicia como conselleiro de Sanidade contestando unha interpelación incluída nese día..., ¡miña nai querida!

Ademais, é unha cuestión que rexistraron como urxente. Está rexistrada como urxente, pero non viron a necesidade de traela a este pleno ata un ano despois. ¡Tremendas urxencias as súas! ¡Menos mal que non dirixen o 061!

Entendo que queiran falar de Povisa, pero actualizar unha iniciativa que está totalmente desfasada era realmente moito esforzo.

Na Xunta preocupámonos moito pola sanidade viguesa, por iso destinamos a ela 1 de cada 5 euros de orzamento da Consellería de Sanidade este ano. Por iso tamén traballamos duramente e conseguimos que as listas de espera en Vigo sexan as máis baixas de Galicia, ¡as máis baixas de Galicia! (*Aplausos.*) E, desde logo, son moitísimo máis baixas que na media estatal. E isto é así: datos, non opinións.

Permítame dicirlle que os vigueses agardan de media 52 días menos para operarse que no resto de España. Reducimos os tempos de espera, a pesar de que operamos máis que nunca. Iso é o que facemos desde a Consellería de Sanidade pola sanidade en Vigo, mentres vostedes nin se esforzan en actualizar un texto de hai un ano para adaptalo a todas as novidades que se deron en relación ao contrato con Povisa, que, por certo, non son poucas. Porque vostedes preguntaban daquela, por exemplo, sobre se a Xunta estaba negociando un novo contrato con Povisa. Esas cuestións, señoría, están máis que explicadas e respondidas. Desde finais do pasado ano autorizamos o contrato para a prestación sanitaria especializada na área de Vigo.

Semella que non atoparon o momento para sacar rédito político deste tema, pois ese é o único interese que parece movelos, como demostran en cada pleno desta Cámara. Só os move o afán de empregar politicamente a sanidade pública.

En todo caso, señoría, voulle explicar todo o que quere saber sobre a prestación sanitaria especializada na área de Vigo, sobre ese novo contrato de servizos que está en marcha e que entrará en vigor en abril e sobre as vantaxes que supón, tanto para os usuarios como para os traballadores do hospital de Povisa como para a propia Administración pública.

Como debían de saber, o contrato con Povisa é un procedemento negociado, e en todo momento, durante as negociacións do novo contrato, o noso obxectivo esencial e prioritario foi velar por garantir a equidade e a calidade asistencial da poboación de referencia asignada a Povisa.

Comprenderán, señorías, que se trata dun procedemento complexo, que levou o seu tempo, o que motivou que se tivese que prorrogar o contrato vixente por razóns de inte-



rese público. A finais de decembro, o Consello da Xunta autorizaba, por importe de 195 millóns de euros e un período de vixencia de dous anos, o contrato para a prestación da asistencia especializada na Área Sanitaria de Vigo. O obxectivo dese contrato é prestar asistencia a unha poboación estimada de arredor de 116.000 persoas, que libremente así o elixan. ¡Liberdade de elección! Por certo, tamén nisto está bastante desfasada a súa iniciativa.

Nesta nova contratación, impulsamos un cambio no modelo. Xa non se trata dun contrato cun pagamento por cápita, senón dun contrato de servizos, polo o que a Administración só paga polos procesos realmente realizados e polos importes establecidos nos pregos para cada actuación.

Damos con isto cumprimento ás recomendacións do Informe do Consello de Contas, de fiscalización do contrato de Povisa, que estimaba que o contrato debía ser un contrato de servizos. Espero que isto non lles pareza mal.

Polo tanto, señorías, co novo contrato pagaremos só polos procesos que realmente se realicen á poboación de área, e ademais reforzamos o control sobre a actividade prestada pola adxudicataria. Para tal fin, contaremos cunha unidade de supervisión e control para o seguimento do contrato, que nos permitirá garantir o perfecto funcionamento do servizo e velar pola calidade asistencial.

Tamén vai haber un responsable do seguimento do contrato, ademais de preverse outras formas de control, como a posibilidade de requirimento ao adxudicatario da documentación completa e verificable sobre o cumprimento das condicións fixadas no convenio colectivo, ou ben a necesidade de valoración polo Servizo Galego de Saúde da relación de profesionais que como plantilla estrutural vaian desenvolver os servizos contratados.

En canto á atención especializada, o contrato inclúe moitas cousas: asistencia especializada en consultas, hospital de día, cirurxía maior ambulatoria, hospitalización en réxime de internamento, domiciliaria, procedementos diagnósticos, terapéuticos e urxencias.

A nova carteira de servizos reserva as prestacións hospitalarias de maior complexidade para o Hospital Público Álvaro Cunqueiro, grazas á súa vangarda diagnóstica e tecnolóxica. (*Aplausos.*) Este hospital público, de referencia e vangarda —aínda que vostedes traten de negalo unha e outra vez—, será o eixo fundamental da área sanitaria para os casos de alta complexidade, o que nos permite optimizar ao máximo todos os recursos asistenciais. Unha novidade importante: co fin de velar pola equidade, Povisa debería realizar todas as actuacións precisas para implementar e poñer en funcionamento a historia clínica Ianus.

Tamén tomará as medidas necesarias para integrar a información do rexistro de pacientes e da actividade asistencial no sistema de información corporativo do Servizo Galego de Saúde. Para asegurar a calidade da infraestrutura, da instalación e dos equipamentos tamén imos obrigar á adxudicataria a realizar investimentos en obras para a mellora da instalación e a adquisición de equipamentos.



Debe destinar Povisa a este fin un mínimo dun 3 por cento do importe anual do contrato; é dicir, Povisa deberá investir como mínimo case tres millóns de euros cada ano en mellorar a atención sanitaria dos vigueses.

Pero non establecemos garantías só nas infraestruturas e no equipamento, tamén queremos garantías para o persoal. Neste sentido, o contrato recolle a aplicación dos incrementos retributivos pactados no convenio colectivo, que neste ano supoñen un incremento do 3 por cento, e imponse como condición especial de execución do contrato o cumprimento do convenio de aplicación e o compromiso de cumprir coas melloras retributivas que resulten dos acordos aplicables ao seu persoal.

Espero que tampouco teñan nada que alegar a isto. Señorías, unha vez transcorrido un ano desde a entrada en vigor do novo contrato, cada exercicio establecerá un período de 30 días naturais para que os usuarios que o desexen poidan exercer o seu dereito de elección da asistencia sanitaria na área de Vigo. Polo tanto, tamén máximas garantías para que os cidadáns poidan decidir en cada momento onde recibir asistencia sanitaria especializada.

Quixera deixar clara unha cousa: a existencia deste contrato de servizos co hospital Povisa non condiciona os pacientes do Hospital Público Álvaro Cunqueiro. Xa se está a dar de forma inicial o servizo de maxilofacial no Hospital Álvaro Cunqueiro, e estase preparando o servizo de queimados. En todo caso, señoría, e por aclarar, ao ser un procedemento negociado, enviouse unha invitación ao hospital Povisa. Fixémolo o 2 de xaneiro, co fin de que puidese formular a súa oferta.

As aclaracións solicitadas pola empresa en relación aos pregos, levaron a que tivésemos que ampliar o prazo, co fin de que a empresa puidese presentar unha oferta acorde, evitando dúbidas interpretativas. Iso foi o que fixemos, seguindo o previsto na Lei de contratos. Fixemos varias ampliacións de prazo conforme a normativa.

A partir de aí, e tal e como está establecido, a proposta é estudada pola Comisión de Valoración, e unha vez avaliada por esta comisión, elevouse ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato e procedeuse a requirirlle a Povisa a documentación prevista nos pregos e no artigo 150 da Lei de contratos, fase na que nos atopamos no día de hoxe.

Polo tanto, señoría, unha vez recibida e analizada esa documentación necesaria para a adxudicación, procederase á resolución da adxudicación e á posterior sinatura do contrato nas vindeiras semanas, co obxectivo de que o novo contrato de servizos de atención especializada na área de Vigo estea vixente en abril, garantindo unha asistencia sanitaria de calidade.

Polo momento, nada máis, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rolda de réplica.

Ten novamente a palabra a señora Prado Cores.



A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Mire, señor Gómez Caamaño, xa lle dixen máis veces que o mundo non empezou cando vostede chegou a conselleiro, aínda que vostede considere que é estupendo e que coñece moita xente interesante no seu cargo. Vostede vén aquí para seguir coas políticas sanitarias do Partido Popular. E vostede é herdeiro *para lo bueno y para lo malo*. (Aplausos.) Entón, paréceme moi ben.

Mire, o BNG leva presentando e traendo a debate a este Parlamento iniciativas sobre a situación de Povisa porque nos preocupa moito —agora lle explico— que se gasten máis de cen millóns de euros ao ano, porque ao concerto hai que sumarlle o contrato marco, hai que sumarlle as derivacións de radioloxía, hai que sumarlle o que lle pagaban por maxilofacial, hai que sumarlle o que lle pagaban por queimados. Hai que..., hai que... É dicir, máis de cen millóns ao ano. E preocúpanos como os están vostedes usando. Por iso o traemos aquí continuamente.

E presentamos esa iniciativa hai un ano porque estaba rematando a prórroga. Queriamos saber que tiñan pensando facer e pedimos información polo artigo 9. ¿Que fixo o Partido Popular? Muro, e aquí non pasa nada.

Entón, volvemos rexistrar a iniciativa, señor Gómez Caamaño, pero un erro —un erro humano— fixo que a interpelación non se rexistrase —rexistráronse todas as outras—. E nós, no BNG —xa que vostede non vén aquí *motu proprio*, porque vostede non vén aquí nunca dar explicacións da nefasta política sanitaria que está facendo—, collemos unha que estaba rexistrada e que falaba do mesmo, porque un ano despois seguímonos facendo as mesmas preguntas. (Aplausos.) ¡As mesmas preguntas!, ¡exactamente as mesmas preguntas! E obtemos as mesmas respostas: absolutamente ningunha.

Vostede di que as listas de espera da Área Sanitaria de Vigo son as máis baixas. ¡Váiallelo dicir ás 73.700 persoas que están en lista de espera na Área Sanitaria de Vigo, a ver se lles parece que a súa espera é baixa! Ou vaia dicirillo vostede ao doente da Mariña, que denunciou hai uns días que leva cinco anos en lista de espera por un problema urolóxico. ¿E que lle contesta a súa consellería e vostede? Que é un problema leve, e que se o seu médico de cabeceira considera que ten que pedir unha cita rápida, que o faga.

¿Para que son as citas rápidas, señor conselleiro? Para cando se sospeita que hai un cancro. Ou sexa, vostede están dicíndolle que aguante, que non faga revisión, que non faga controis ata que haxa sospeita de que poida haber un cancro. Si, as listas rápidas só son para cousas urxentes, para cando se sospeite que son prioridade 1. (Aplausos.) E vostedes consideran que unha persoa que ten un problema de próstata, que ten que seguir tendo revisión, ao que teñen que axustarlle medicación, que non pasa nada porque non o faga, e que se se sospeita que iso está moi agravado, que vaia por unha vía rápida.

Esa é a súa política sanitaria. Esa é a política sanitaria do Partido Popular: vir aquí presumir de que os casos graves se atenden, cando son vostedes os que deixan que as cousas sexan graves. Deixan tirada a poboación. Pero, bueno, ¡tremendo!



Povisa non ten que investir o 3 por cento, 3 millóns de euros ao ano; a Povisa vanlle pagar 3 millóns de euros ao ano para tecnoloxía e para obras no hospital. ¿Desde cando eu chamo a un fontaneiro, me pon un prezo polo servizo e á parte lle digo: non, á parte vou pagarche a furgoneta? Iso é o que está facendo o Sergas, contratarlle un servizo, e a maiores pagarlle a tecnoloxía, pagarlle a infraestrutura... *(Aplausos.)* ¡Pero de que está falando! Máis e máis capitalización para o hospital.

Mire, este modelo privatizador do Partido Popular na Xunta de Galiza, derivando inxentes cantidades de orzamento á sanidade privada, é incompatible coa atención sanitaria de calidade. Estámolo demostrando. A Área Sanitaria de Vigo é un banco de probas, está máis que demostrado, xa non o poden tapar; é como tapar a lúa cun dedo. Xa é unha evidencia: un sobrecusto millonario para a construción do Álvaro Cunqueiro, e non dá resposta ás necesidades da poboación. Máis e máis cartos para Povisa e non dá resposta ás necesidades da poboación; máis e máis cartos para que solucionen as listas de espera Povisa e outros hospitais privados, porque ese é o obxectivo: se funciona ben a pública non teñen xustificación para meterlle cartos á privada; por iso actúan constantemente para que funcione mal a sanidade pública. E, insisto, a Área Sanitaria de Vigo é un banco de probas.

O Partido Popular xa traballa para que prime a conta de resultados das multinacionais, das súas empresas amigas —¿repítolle, se quere, as do Álvaro Cunqueiro? Florentino e todos eses, si..., ben—, *(Aplausos.)* a custa da atención sanitaria da poboación. *(Aplausos.)* E cantos máis cartos lles entrega o PP ás empresas amigas, peor atención sanitaria se está prestando.

E, si, hai máxima preocupación na Área Sanitaria de Vigo porque non saben que están negociando, cantos cartos e para que —e vostede hoxe aquí non o explicou—, e tampouco entregan a documentación a este Parlamento. Polo tanto, o primeiro que teño que pedir é transparencia, señor conselleiro. Déixese de opacidade; os cartos non son seus, son dos galegos e das galegas e temos dereito a saber que se fai con eles. *(Aplausos.)* ¡Temos dereito a saber que se fai con eles! *(Aplausos.)* Teñen que ir destinados á sanidade pública da poboación, non a que teñan máis beneficios as empresas privadas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Deterioración da sanidade pública para engordar a privada. Cada vez que lle aumentan os cartos, sempre vai para aumentar a conta de resultados; non para mellorar a calidade asistencial, non para mellorar as condicións laborais dos traballadores e das traballadoras, por exemplo, de Povisa. Estivemos reunidos con eles hai un par de semanas e dixéronnos que nunca as *ratios* foron tan baixas, que nunca houbo tan pouco persoal e que nunca se prestou tan mala calidade asistencial. Dito polos profesionais, que están alí queimados de ver que mala asistencia sanitaria prestan e en que condicións traballan.

Polo tanto, transparencia, señor conselleiro. Díganos que está negociando con Povisa; garranta que o aumento dese —como mínimo—16 por cento vaia para aumentar a calidade asistencial...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas...



A señora PRADO CORES: ...e as condicións laborais dos traballadores e traballadoras. Remánguese e pónase a traballar xa para que, ao rematar estes dous anos de contrato —se é que o acaban asinando—, vostede teña creadas as condicións para que a toda a poboación da Área Sanitaria de Vigo se lle poida prestar...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...asistencia sanitaria hospitalaria nun centro público e deixe de ter que ir a Povisa. Faga o seu traballo. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora Prado, non me vou poñer aquí a discutir con vostede do que é unha vía rápida de cancro nin de como son os circuitos asistenciais de derivación en atención primaria e atención especializada, máis que nada por cuestións de tempo.

En relación a Florentino Pérez, a única relación que teño eu con el é que é o presidente dun club que, bueno, me cae ben; cáeme ben ese club. E nada máis... (*Aplausos.*) ¡E nada máis! ¡As cousas claras! (*Aplausos.*) É a única relación que teño. (*Aplausos.*) Vale. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Insisto, é a única relación que teño, para que quede claro, por se as moscas.

Repítolle outra vez que o noso máximo interese como Administración sanitaria é garantir a mellor asistencia aos pacientes, e isto responde ao novo contrato de servizos para a prestación desa atención sanitaria; un novo contrato que recolle melloras para os pacientes, que ven optimizados todos os recursos asistenciais que teñen ao seu dispor, que poden elixir libremente —ninguén vai obrigado a Povisa— e que disporán de instalacións e equipamentos de vangarda grazas á obrigatoriedade de que o investimento de cando menos o 3 por cento anual do contrato vaia a esas melloras en tecnoloxía; tamén a melloras para aos traballadores de Povisa, xa que a adxudicataria ten a obriga de aplicar os incrementos retributivos pactados no convenio colectivo; e tamén a melloras para a Administración pública, que pasará a pagar en función dos procesos efectivamente realizados e non per cápita, sen esquecer as melloras previstas relacionadas coa incorporación da historia clínica Ianus e a integración da información do Rexistro de Pacientes na actividade asistencial no sistema de información corporativo do Servizo Galego de Saúde. Son melloras que vostedes nunca se dignarán a recoñecer publicamente pola súa política partidista e do «non polo non», pero que realmente impactarán positivamente na calidade da asistencia especializada na área de Vigo. A vostedes iso realmente dálles igual, a vostedes polo único que lles importa a sanidade é porque cren que lles permite seguir na pomada.

Pero, ademais, son pouco transparentes e un pouquiño tamén hipócritas. ¿Por que non din que foi o Goberno bipartito, do que vostedes formaban parte, o que blindou Povisa? (*Aplau-*



sos.) ¿Por que non o din? *(Aplausos.)* Si, si, señora Prado, blindaron Povisa en virtude dun acordo ao que chegou o Bipartito en 2006. E blindárona incluso por lei coa Lei de saúde de Galicia do ano 2008, porque esa lei estableceu o encontro e a complementariedade do sistema público e do sector privado na atención sanitaria. Unha fórmula administrativa da que o Servizo Galego de Saúde pode facer uso lexítimo, si, como ferramenta para complementar a súa atención aos pacientes. E tamén foi o Goberno bipartito o que formalizou no ano 2006 un documento denominado «Acordo básico pola saúde da Área Sanitaria de Vigo» entre a Consellería de Sanidade, a dirección de Povisa e tamén representantes de diferentes organizacións sindicais, incluíndo a CIG. ¡Non se lembran diso! Unha CIG que cando gobernaba o BNG parecía estar bastante a favor dos concertos, e agora non, agora dedícase a facer outras cousas —como todos sabemos—.

Señoría, ese documento do Bipartito recollía o compromiso de manter un concerto con Povisa para garantir a actividade da calidade necesaria e para manter o nivel de emprego existente en todas as especialidades ou servizos. O propio Consello de Contas argumenta que ese é o principal motivo polo que, a pesar da construción do Álvaro Cunqueiro, segue a existir Povisa en Vigo, porque a blindaron realmente vostedes. E reflicte, tal e como quedou acreditado na Comisión de investigación, que se vostedes seguiran gobernando, manterían Povisa, por moito que agora a critiquen.

En canto ao custo, caen vostedes nunha contradición: por un lado, din que non é posible coñecer a opacidade, cantos cartos se destinan a Povisa; e, ao tempo, sinalan que cada ano se dedican máis cartos. Unha cousa ou outra, non son compatibles. Non, non, non. Mire, ao longo do anterior contrato —desde o 2014 ata o 2022—, o custo real foi un cen por cento inferior á dotación orzamentaria prevista para o concerto con Povisa. E non, non foi aumentando, senón que ao longo de todo o período se mantivo a cápita. Señoría, non están para dar leccións, porque o gasto do Servizo Galego de Saúde en concertos con medios alleos supón o 4,7 por cento do seu gasto real. ¿Saben a canto equivalía cando vostedes gobernaban? Era un 48 por cento maior, superando o 6 por cento do gasto real total; non só iso, senón que vostedes non apoiaron unha resolución neste Parlamento a favor de limitar ao 6 por cento a actividade concertada con medios alleos.

En todo caso, nós seguiremos traballando para ofrecer a mellor asistencia sanitaria aos cidadáns da área de Vigo. Seguiremos traballando para incrementar a actividade cirúrxica e reducir os tempos de espera e seguiremos traballando para destinar inxentes recursos, como os 1.000 millóns que dedicamos este ano, a mellorar a sanidade pública viguesa.

Moitas grazas pola vosa atención. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Continuamos... *(Murmurios.)* Non sei que se escoita por aí... *(Risos.)*

Continuamos coa seguinte interpelación.



Interpelación de D. Paulo Ríos Santomé e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados que está a ter o último plan do Goberno galego de transporte público por estrada e o grao de cumprimento dos contratos por parte das empresas concesionarias

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación e por tempo de dez minutos ten a palabra o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidenta.

Boa tarde xa, conselleiro.

Hoxe formulámoslle unha interpelación bastante parecida á anterior que nesta mesma lexislatura lle traíamos aquí. E despois de estar revisando a transcripción da súa intervención naquel momento de finais do ano pasado, a verdade é que vemos que non fai máis que reafirmarnos no que viñamos dicindo. O que pediamos na anterior interpelación —e na moción que se derivou da anterior interpelación— era que a Xunta de Galiza aportase a este Parlamento a información á que temos dereito como deputados e deputadas en relación a varias cuestións dos contratos de transporte público, concretamente facendo máis fincapé en todo o que ten que ver cos expedientes sancionadores dos últimos tempos. Vostede na súa intervención nesa interpelación dicía que non tiña ningún tipo de problema en aportar esa documentación, pero se imos á moción, apenas quince días despois —onde pediamos que se entregase esa información ao Parlamento—, vemos que o seu grupo votou radicalmente en contra de aportar esa información.

A pregunta, señor conselleiro, que lle quero formular —cando menos, a primeira de hoxe— é: ¿a que lle teñen medo? Porque, se vostedes non tivesen absolutamente ningún tipo de tacha nesta situación, entregarían esa documentación. Porque esa interpelación vai tamén de dúas cousas, de dous conceptos que deberan de ser básicos en calquera estado ou institución minimamente democrática, que son o dereito e o deber. Os deputados e deputadas temos o dereito de que se nos entregue a información requirida, neste caso, vía artigo 9; e vostedes incumpren sistematicamente esta obriga que teñen, e ese dereito, polo tanto, que temos nós. E tamén están a faltar ou a intentar coartar o noso deber de controlar, de fiscalizar a acción do Goberno. E non é unha cuestión persoal ou de desagravio a este grupo político, é que vostedes lle están negando a información á sociedade galega do que vostedes fan cos cartos dos galegos e das galegas, señor conselleiro.

Neste caso, véñolle falar de algo moi similar —podo ser repetitivo, pero é que, ao final, a realidade se impón e obríganos a volver traer aquí esta cuestión—. Pouco tempo despois da interpelación que lle facía eu a vostede en novembro do 2024 atopámonos cunha nota de prensa —neste caso, de *La Opinión*, da Coruña— que dicía así: «Alerta en el transporte escolar: el 60 por ciento de los buses controlados son multados. La flota de Galicia suma cada día casi cien denuncias, el 14 por ciento de España. La tasa infractora en la comunidad aumenta más de 10 puntos en apenas un año, y en A Coruña alcanza el 80 por ciento».

Señor conselleiro, eu creo que este tipo de notas de prensa, sustentadas na realidade, neste caso nunha campaña da Garda Civil de Tráfico, de control dos autobuses e do transporte es-



colar, choca frontalmente co que vostedes levan aquí anos dicindo; aludindo a eses casos puntuais, a eses casos illados de incumprimentos, de deficiencias no servizo. Lémbrollo de volta: o 60 por cento dos vehículos controlados foron multados, 10 puntos máis de taxa infractora en apenas un ano, e na Coruña, o 80 por cento. Señor conselleiro, creo que esa cuestión dos «casos illados» non se sostén.

E non só nós dende o BNG, non só unha parte importante do sector lle está pedindo esa transparencia para saber que está acontecendo coa execución dos contratos e co cumprimento dos contratos do transporte público do noso país, neste caso, do transporte escolar, senón que tamén llo vén de pedir —máis ben, non de pedir, senón de exixir— o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (*O señor Ríos Santomé mostra un documento.*) nun auto recente, do 25 de febreiro do ano 2025 —apenas hai unhas semanas—, onde cualifica as escusas do Goberno galego para non dar esta información de «escusas de mal pagador». Isto é o que pon a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, xa que, ante a petición desta información e doutra máis, vostedes alegaban que tiñan que levar a cabo un proceso de reelaboración de toda esa documentación, e que ademais podería ser obxecto de incumprimento da Lei de protección de datos; ao que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza di que «se trata de una excusa de mal pagador; no se necesita reelaboración sino, como mucho, recopilación para remitir el listado de vehículos y los expedientes sancionadores a los adjudicatarios».

O que está claro é que vostedes en ningún momento queren poñer luz sobre o que está pasando co transporte público neste país; non queren que saibamos a quen se está sancionando, cal é a resolución deses expedientes sancionadores e cal é a contía. Nós témolo falado aquí en moitas ocasións. Necesitamos saber —e temos o dereito e a obriga de sabelo— se estas empresas, se estas liñas nas que hai probados incumprimentos —recoñecidos incluso pola súa parte, cando nos falaba nesta interpelación dos 70 expedientes sancionadores impostos no ano 2024, que hoxe, apenas catro meses despois, deberan ser cincocentos e pico, polas noticias que saían na prensa—... Nós temos o dereito e a obriga de saber a quen se lle están poñendo esas penalidades, en base a que e cal é a gradación desas sancións. Porque, claro, podemos chegar a unha situación en que ás empresas de transporte lles sexa rendible incumprir se a Xunta non toma de verdade medidas exemplarizantes.

Como vostede ben sabe, nos pregos administrativos dos contratos de transporte público isto é unha gravación, un réxime sancionador, que avalía diferentes tipos de sancións, desde as leves ata as moi graves, que poden chegar ata a rescisión do propio contrato, ata a resolución do propio contrato.

¿Pódeme dicir vostede se hai algunha vía no día de hoxe, algunha sanción que se poida cualificar como grave ou moi grave? Porque nós non o sabemos. A resposta que vostede deu ao artigo 9 é unha resposta totalmente lamentable e que cerna por completo os dereitos e as obrigas que temos como deputados e deputadas, cando simplemente se lles pedía que especificasen cales eran eses expedientes sancionadores, a quen, como, por que, a contía e se a resolución era favorable ou non favorable. Vostedes limitáronse a mandar que había «x» expedientes, pero sen ningún tipo de información máis. E vostede tivo a pouca sorte —por dicir algo— de dicirme na súa interpelación que o cen por cento dos artigos 9 estaban con-



testados. Si, claro. (*Risos do orador.*) Poderían ter posto: «bos días, mañá vai chover», e para vostede estaría contestado, pero para nós non estaría absolutamente contestado.

O Partido Popular estase movendo e móvese como peixe na auga na opacidade, na falta de transparencia, na negación de dereitos e deberes que temos os deputados e deputadas e está caendo en actuacións totalmente antidemocráticas, impropias dunha institución como deba ser o Parlamento de Galiza. E dígolle que non é simplemente unha cuestión de desagravio a este grupo ou a este deputado, que ese non é o problema; o problema é que lle están faltando aos dereitos á sociedade galega, señor conselleiro.

Polo tanto, onde hai ocultación, onde non hai transparencia, onde hai opacidade, o que hai —e non pode ser doutra forma— son sospeitas. E eu creo que vostede isto pode entendelo. Se nós estamos apoiándonos, neste caso, na prensa, nos tribunais, sobre cuestións que están acontecendo, e vostedes negan a maior, pero se negan despois tamén a darnos a información, ¿que quere que pensemos, señor conselleiro? ¿Que está pensando o sector? ¿Que van pensar os usuarios e usuarias do transporte público cando ven estas cousas na prensa?

Diciame vostede que a Xunta de Galicia é a primeira interesada en que todo isto saia ben, en que non haxa incumprimentos. Entón, ¿cal é o problema? ¿Cal é o problema de remitir a este Parlamento —como temos dereito e vostedes a obriga—, cando se lles piden, estas cuestións?

Pasa exactamente igual e é o mesmo caso que cando nós lle pediamos a asignación de matrículas por concesión e finalmente tivo que ser a xustiza quen os obrigase a dar esta información; para que despois vostedes, loxicamente, cando non lle gustan as resolucións xudiciais, collen, cambian todo o sistema á asignación dinámica de vehículos e *aquí circulen, que aquí no ha pasado nada.*

En vez de enfrontar un problema real que ten este país no transporte público, aquí cadaquén fai o que lle peta; pero sobre todo uns máis ca outros: quen ten máis capacidade fai máis o que lle peta.

E que non haxa ningún tipo de información ao respecto, que non haxa ningún tipo de consecuencia ao respecto, significa que, señor conselleiro —enténdame, e entenda a sociedade galega, que está reclamando esta información—, non caben máis que sospeitas ante a falta de transparencia e ante a falta de opacidade. Sabemos que o Partido Popular aquí se move moi ben, pero eu creo, de verdade, señor conselleiro, que é momento de poñer luz sobre o que está acontecendo cos incumprimentos, cos expedientes sancionadores, dentro do transporte público deste país.

E xa remato dicindo que ten unha parte moi importante do sector —vostede sábeo incluso mellor ca min— agardando a ver se rectifican neste novo procedemento, nesta nova licitación do transporte escolar que se vai iniciar dentro de moi pouco tempo. A súa persistencia, a súa pervivencia, a súa supervivencia no propio sector depende de que vostedes deixen de seguir alimentando o monopolio dos grandes grupos e de que realmente se poñan ao servizo dos usuarios e usuarias e das pequenas e medianas empresas do sector, que son quen garantan un bo servizo.



Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Señorías.

Señor Ríos Santomé, a verdade é que estaba expectante por saber a pancarta coa que viñan hoxe a esta interpelación: se era a da opacidade, a dos incumprimentos, se me ía acusar de patrocinador dos monopolios, de dismantelador de empresas... Creo que foi un pouco de todo. Vostedes, coma sempre, escollen o bufé libre; todo vale, ¿non? E todo vale para tratar de trasladar o que vostede insinúa constantemente nas súas intervencións: isto é opacidade, aquí hai algo escondido... —que o facía tamén a voceira anterior do seu grupo, falando doutro asunto—; opacidade, colaboración, isto é todo un contubernio no que todos están de acordo para fastidiar os galegos. Porque vostedes é o que sosteñen: aquí este grupo parlamentario —que ten o maior apoio nas eleccións— ponse de acordo sempre en todos os ámbitos da súa xestión, porque o obxectivo noso é axudar a non sei quen a fastidiar a todo o mundo. Ese é o seu *leitmotiv* en todas as intervencións, ¡en todas! Dá igual que falemos de transporte, dá igual que falemos de sanidade, dá igual que falemos de xustiza, dá igual... Iso no fondo é o «Manual de boas prácticas parlamentarias e políticas da UPG», que, na súa última versión, é o que lle mandan, ¿non? É o que dá resposta e o que explica os comportamentos que vimos de que cando hai que opoñerse ou dicir que estamos en contra dalgunha cousa, se o fixo a CIG, calamos, e se os voceiros, portavoces ou concelleiros do BNG van á casa da conselleira non pasa nada. E cando un voceiro pon a foto da casa —«esta é a verxa da entrada da casa da conselleira»— da conselleira en redes, non pasa nada, porque eses xa non teñen que ver co BNG. (*O señor Ríos Santomé fai acenos coas mans desde o seu escano.*)

Pois, ¿que quere que lle diga, señor Ríos? ¿Que quere que lle diga? Nós levámoslle dicindo durante todas... (*Murmurios.*) —agora tócame a min— as intervencións que os máis interesados en que o sistema de transporte funcione somos nós. É un sistema de transporte que deu un paso adiante moi grande. E tamén lle vou dicir: non é perfecto, porque coa cantidade de liñas, paradas e servizos que se fan é imposible que sexa perfecto. Sempre hai desaxustes, sempre hai cousas que mellorar e sempre hai cousas que cambiar. E proba diso é que o acabamos facendo. Moitas veces cámbianse horarios de liñas porque nolo piden e porque é posible, hai outras veces que piden cambio de horarios de liñas e non se fai porque non é posible. Neses casos, vostedes tampouco o entenden nunca. Hai veces que se crean liñas novas porque hai unha demanda ou porque hai unha petición dun concello, dun colectivo, dunha ANPA, de veciños... E hai outras veces que non se pode facer. E todo iso é o que levamos facendo durante os últimos anos, sobre todo desde que se botou a andar.



Fala vostede das sentenzas e de todos os recursos, porque parece ser que na licitación e contratación anterior houbo todo un metido aí..., como se houbera escurantismo. Sempre están coa mesma, ¡sempre! E sempre buscan o puntiño non sei onde e de aí, desa escusa, e montan unha categoría de problema. Non é certo.

Mire, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia desestimou a práctica totalidade dos recursos. Presentáronse 60; 58 foron desestimados e 2 estimados, un por unha simple corrección nos pregos e outro por unha revisión dunha documentación. Ben, non está mal, ¿non? De 60, non está mal.

Os contenciosos que se presentaron en vía xudicial resolvéronse todos a favor da Xunta, 40-0. Ben, oia, eu ¿que quere que lle diga? Creo que non está mal o traballo que se fixo.

Polo tanto, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública e o Superior de Xustiza avalan a xestión da Xunta nese sentido en toda a tramitación, porque todos os recursos foron tomados.

Falan vostedes sempre da famosa sentenza contra Alsa e Monbus. Pero esa non vai contra a Xunta, esa é contra a práctica de dúas empresas. Esa non vai contra a Xunta. En ningún caso cuestiona o Plan de transporte público de Galicia, señor Ríos. Non é certo. Esa non é unha sentenza contra a Xunta, que quede claro.

E fala do transporte escolar. Houbo 11 recursos. Efectivamente, está próxima a licitación do próximo concurso, onde probablemente temos moitos grupos —sábeo vostede—, e o que tentaremos é crear máis grupos, probablemente. Pero ¿sabe para que? Para que as licitacións sexan máis pequenas e se poidan presentar máis licitadores.

¿Ou vostede cre que para presentarse máis licitadores e licitadores máis pequenos temos que facer menos número de contratos? Explíqueo. Dígame cal é a súa opinión. ¿Cre vostede que ter máis contratos facilita que se presenten máis licitadores pequenos ou, pola contra, quere menos? Nós cremos que, tendo máis licitacións, haberá máis posibilidades de que se presenten máis licitadores. (*Murmurios.*) ¿Non? Pois a min gustaríame saber cal é a súa opinión.

No transporte escolar tivemos 11 recursos, 5 están relacionados co exceso de lotes; unha sentenza favorable á Xunta de Galicia; unha en que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia admitiu a incidencia en nulidade e ditou unha nova sentenza desestimadora do recurso; dous pendentes de firmeza no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e dous pendentes de resolución do Tribunal Supremo, un por falta de xustificación de solvencia técnica, que foi estimada e que a Xunta xa executou a sentenza, e dous por documentación insuficiente de base operativa pendente de sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Bueno...

Fala vostede —e sempre volve co mesmo— do seguimento do cumprimento dos contratos. Pero, ¿que pensa?, ¿que non viviamos que se cumpran os contratos? ¿Non o sabe?

Ben, pois nós toda a información que temos podémoslla pasar, e o que non se pasa é por protección de datos. Pero, fíxese, facémolo por responsabilidade, porque, primeiro, é un ser-



vizo esencial e queremos que funcione, e, en segundo lugar, porque os recursos técnicos e económicos que destinamos ao transporte público son importantes: 150 millóns de euros este ano 2025; ¡150 millóns de euros! E di vostede que xogamos con eses cartos e que llelos ocultamos aos galegos. ¿Pero como pode dicir iso así alegremente e quedar tan tranquilo? Ese é o manual, jese é o manual que teñen vostedes! (*Aplausos.*)

Temos ferramentas para detectar os desaxustes, temos queixas e peticións de usuarios, colectivos, asociacións e administracións locais. Temos o Sistema de axuda á explotación, que nos permite saber a xeolocalización do autobús en cada momento. Por certo, fomos a primeira comunidade autónoma de toda España en ter en toda a súa flota este sistema. E temos inspeccións na estrada, señor Ríos. A metade dos controis no transporte de pasaxeiros pola estrada que se realizan en España —a metade— facémolos en Galicia. Vostede poderá dicir: non son suficientes. Pois, ao mellor, si, pero realizamos a metade; non pode dicir que se fan poucos.

E tamén campañas con Tráfico. No 2024 realizáronse preto de 1.400 inspeccións en ruta de autobuses interurbanos e no que vai de 2025 fixéronse máis de 180 en 25 contratos diferentes.

Resultados: no 2024, 364 infraccións e no 2025, no que vai de 2025, 19.

Hai que salientar que nos datos do 2025 —comparados cos do 2024— hai unha tendencia á baixa no número de infraccións no que vai de ano. Xa veremos se se confirma a final de ano, pero no que vai de ano é á baixa. E a maioría, señor Ríos, son infraccións formais ou administrativas, porque igual non levan enriba —por exemplo, maioritariamente, non todas— toda a documentación que ten a obriga de levar o condutor do autobús. Loxicamente, esa é unha infracción, e segue o seu procedemento.

No transporte escolar as inspeccións que realizamos dende a Xunta complementáanse coas campañas de control da Garda Civil de Tráfico. No pasado curso Tráfico fixo controis en 592 rutas de transporte integrado, en máis do 26 por cento das rutas. No que respecta aos controis realizados no 2024, case 240 expedicións de transporte integrado. E no que vai de 2025, 40.

E no transporte escolar a Garda Civil fixo controis en máis de 1.300 vehículos durante o curso pasado, á parte dos 120 da Xunta de Galicia. Polo tanto, si que facemos controis e, ademais, cada vez facemos máis.

Fala vostede das actuacións. Pois xa llo dixen, abrimos expedientes ás empresas para garantir o cumprimento das condicións. No que vai de ano incoamos 53 expedientes de penalidades contractuais —53 no que vai de ano— e resolvéronse 144 expedientes pendentes de anos anteriores. A maioría deses 144 —107— coa imposición de sancións a 60 concesionarios por un importe cercano aos 200.000 euros.

No que respecta ás infraccións na prestación dos servizos no ano 2024, a Inspección de transportes abriu 532 expedientes ao transporte interurbano. No transporte escolar, 20 expedientes de penalidades contractuais, incluída unha, na que deu positivo o condutor



por alcohol. Supoño que non fará responsable á Xunta; jata aí chegamos!, porque xa o vexo vir. Por infraccións detectadas na prestación de servizos no ano 2024 abrimos 159 expedientes. Polo tanto, hai un seguimento da prestación de servizo e contempla mecanismos reguladores. E sempre que hai desaxustes e os podemos corrixir, corrixímoslos.

Nada máis e moitas grazas nesta primeira intervención. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, vamos ver, hai varias cuestións. Respecto de que eu lle falei pouco ou nada, eu creo que a pregunta que lle fixen ao principio segue sendo totalmente vixente: ¿por que non entregan a documentación que se lles pide en relación aos contratos e aos expedientes sancionadores? (*Aplausos.*) Vostede di que ten que ver cunha cuestión de privacidade ou da Lei de protección de datos, cuestión que, cando ao demandante, ás persoas demandantes desta última sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, o propio Tribunal de Xustiza de Galicia lles di que rexeita esta escusa, e de feito di literalmente, na páxina 4: «*Se trata dunha escusa de mal pagador*».

Señor conselleiro, isto non llo digo eu, dillo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Vostedes, loxicamente, recorrerán a sentenza, e cando o Supremo decida ratificala ou non, poderemos seguir falando. Pero vostede o que non quere facer é explicar nin dar os detalles dos procedementos sancionadores que se levan a cabo na súa consellería, na Dirección Xeral de Mobilidade, concretamente. Ese é o gran problema. Vostede disto non me falou absolutamente nada e moito menos me contestou á pregunta que eu lle fixen.

Pero, mire, para que vexa que no BNG hai algo que nos diferencia de vostede, voulle contestar á pregunta que me fixo, a varias das preguntas que me fixo. Por un lado, non, loxicamente, non lle boto a culpa á Xunta de que o condutor dese positivo en alcoholemia. Creo que iso como chascarrillo está ben, pero, fóra desa cuestión, non ten máis percorrido.

Despois, benvidos, señor conselleiro. Señor conselleiro, vexo que as cousas, ao final, van caendo polo seu propio peso. ¿Cantos anos levaremos nós pedindo que se revise o sistema de lotes e que se fagan máis pequenos? ¿Cantos anos levamos pedindo que os lotes sexan máis pequenos para que as pequenas e medianas empresas poidan concorrer a eses concursos dun xeito máis viable? ¿Cantos anos levamos pedíndoo? Perfecto. (*Aplausos.*) Díciame vostede: ¿está vostede de acordo con isto? Si, levámolo pedindo anos, porque unha parte de romper coa situación de monopolio que nos veu ata aquí é ter lotes máis pequenos e que empresas con menor capacidade de disposición de vehículos, de persoal, etcétera, poidan presentarse aos contratos, lles sexan minimamente rendibles e que teñan capacidade técnica para poder concorrer a eses contratos.

E, entón, si, señor conselleiro, segunda pregunta contestada das que me formulou vostede a min. Eu pensaba que era unha interpelación miña a vostede, pero, bueno, ímonos ama-



ñando. Entón, si, perfecto, que sexan lotes máis pequenos levámosllo pedindo anos. Perfecto, non hai ningún tipo de problema.

Despois, co tema dos cambios de horarios e de liñas, non viña ao caso, porque estamos falando doutra cuestión, pero aí eu creo que hai moito que revisar, señor conselleiro. Non sei se é que vostedes lles fan caso a uns alcaldes ou a outros, a uns sectores ou a outros, pero en moitas partes deste país, cando se fan cambios, déixase o servizo en peores condicións de como estaba e é moi difícil —jé moi difícil, teño que dicilo— que a Xunta de Galiza rectifique cambios que fixo.

O seguinte caso —polo menos do que eu teño constancia— ou o máis inmediato é, por exemplo, o que está acontecendo desde hai pouco tempo no concello de Vedra cos cambios nas liñas e nos horarios do transporte. A veciñanza de Vedra, aínda que teña a sinatura, a aceptación do alcalde destes cambios nas liñas, estase revolvendo contra estes cambios, señor conselleiro, porque fan os cambios ao albur moitas veces de sabe Deus que intereses, pero dos veciños e das veciñas —que ao día seguinte xa se están queixando dos propios cambios, e vostedes non tiñan a capacidade de rectificar— non o fan. Sente cos veciños do concello de Vedra e, ante este cambio de liñas, se teñen que rectificar, rectifiquen, e falen con todos os sectores da sociedade alí, señor conselleiro.

Sinceramente, este mantra ou esta cuestión do «manual de actuación política», etcétera e demais, saben vostedes que si que o teñen, e bastante ensaiado; só hai que ver as intervencións de cada deputado ou deputada ou de cada conselleiro ou conselleira que pasa por esa tribuna para saber que teñen o discurso e a mensaxe ben aprendidiña, sen problema ningún, e con esas cortinas de fume que intentan facer con todo e con nada. Eu, sinceramente, non creo que o fin último sexa fastidiar os galegos e as galegas; eu creo que neste punto, incluso en moitos sectores, lles dá igual esa cuestión. A cuestión é beneficiar a quen hai que beneficiar, como fin último; non fastidiar os galegos como fin último, senón beneficiar a quen hai que beneficiar, caia quen caia, señor conselleiro.

Eu respecteí as preguntas que vostede me fixo, creo que llas contestei. Se non, se ten algunha máis, pódolle pasar a resposta por escrito sen ningún tipo de problema e con detalle. Eu píddolle, señor conselleiro, que responda a única pregunta que lle fixen hoxe aquí: ¿por que se nega o Partido Popular a dar información detallada, á que...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: ...ten vostede a obriga e nós o dereito a coñecer, señor conselleiro? Esa é a única pregunta que ten que contestar hoxe aquí.

Eu cumprín a miña parte; espero que vostede cumpra a súa. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno.



Ten novamente a palabra o señor conselleiro. (*Murmurios.*)

¡Silencio, por favor!

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Faime graza porque di vostede: os cambios, cando se fan... Seguen coa mesma teima. Iso forma parte do seu ADN. Nacen coa pancarta e todo está mal. Iso é o que sempre pasa coa xente do Bloque ou con algúns do Bloque maioritariamente. Din vostedes: non, é que os cambios que se fan e tal son para prexudicar. Pero, ¿vostede realmente cre que cando se fai un cambio é para prexudicar os usuarios? Pero, realmente, ¿vostede cre iso? Aínda que eu sexa o do PP, ¿cre que facemos iso? Pois mire, cando se fai un cambio nunha liña, favorece algunha xente. Indubidablemente, hai algún usuario que seguro que se ve prexudicado polo cambio de horario; iso, sempre. (*Murmurios.*) ¡Non, sempre! A maior parte das queixas que temos en transportes é porque queren adiantar ou atrasar o bus 10 minutos, porque lles convén máis a un grupo de usuarios —que teñen toda a súa lexitimidade—, pero ese adianto ou ese atraso conleva moitos cambios ao longo da liña que afectan tamén moitos máis usuarios, señor Ríos.

¿Vostede cre que nós non analizamos e que hai algunha persoa da Consellería que di: non, porque isto beneficia a xente, e nós estamos aquí para non beneficiar a xente? ¿Vostede cre realmente iso? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, ¿que non o fan? ¿Non miran o papel, entón? Iso é o que cre vostede, que alí na Consellería chega unha queixa, pero non a miran. Pois, mire, cada vez que chega unha queixa, sexa de quen sexa, mírase, analízase e inténtanse ver os pros e contras de cada decisión, indubidablemente. E pódolle asegurar que no cen por cento dos casos seguro que non acertamos, pero no cen por cento dos casos queremos o mellor para o servizo. Seguro, señor Ríos, ¡seguro! Polo tanto, cando vostede vén aquí e di: non, é que os cambios que fan prexudican, fale co alcalde... Falamos con todos, cos do Bloque tamén, e cando teñen algo de que queixarse, ás veces podémolo ter en conta e outras veces non, señor Ríos.

Mire, dende o ano 2020 pasamos de 3.379 liñas a 3.600 liñas actuais; pasamos de 51.461 paradas a 58.505 paradas. Non sei se somos capaces de facer unha imaxe do que significa ter todas esas liñas e todas esas paradas. Polo tanto, temos que ser conscientes de que vai haber retrasos e cousas que mellorar. Claro que si, por iso é dinámico e por iso llo estamos dicindo, pero xa está ben de estar continuamente falando de que intentamos beneficiar no transporte. Di vostede: benvido ao cambio. ¡Oia!, houbo só unha licitación. ¿Como iamos cambiar de opinión se houbo unha licitación no seu día de 127 lotes? ¿Parécelle a vostede que 127 non son suficientes? Pois, ao mellor, habería que facer 140, non o sei, pode ser, pero, ¡oia!, estamos falando de 127 lotes, onde en máis do corenta e pico por cento dos lotes non se exixía ter máis de 10 autobuses. Non é unha práctica que favoreza o monopolio. Vostede pode dicir: non, é que os efectos foron que unha empresa ten máis de non sei canto... Pode ser, pero, dende logo, os pregos non estaban preparados para iso, e iso non o pode discutir, ¡iso non o pode discutir!

¿Que hai que aumentar os lotes? Incrementarémolos, a ver canto, porque aínda que incrementemos os pregos, os lotes do transporte escolar, nuns cantos, xa veremos o que pode ocorrer e xa veremos se despois é a causa ou non, como di vostede.



Porque, miren, as licitacións do transporte interurbano establecéronse. Presentáronse 196 empresas, das que 194 tiñan consideración de pemes. Delas resultaron adxudicatarias 166 individualmente, ou en UTE. O 85 por cento das pemes que se interesaban no procedemento e formularon unha oferta foron adxudicatarias dalgún contrato. Participaron máis de 150 pemes que non pertencen a grandes grupos empresariais. Estes son os datos. E respecto da licitación do transporte escolar, xa llo expliquei, pero para explicarlle cal é o comportamento do Bloque Nacionalista Galego en termos do contrato voulle poñer o exemplo de Lugo, da última semana.

En Lugo, fixemos un novo contrato do transporte do grupo que vai dende A Coruña cara a Lugo, e fíxese vostede o que supón: ese novo contrato, de 4,7 millóns de euros, conta con 21 liñas e dá servizo a 47 concellos; pois ofrecemos no novo contrato un 25 por cento de servizos máis que o contrato anterior. (*Murmurios.*) Non, non, escoite, escoite. Hai un novo autobús de Viveiro á Coruña os domingos ou as fins de ponte ás 18 horas para facilitar a mobilidade dos estudantes; un novo servizo de Vilalba-Lugo á primeira hora da mañá, ás 7.15, e prolóngase a Burela a liña que conecta Viveiro-Lugo pola Gañidoira, con catro servizos ao día de luns a venres. E puxemos en marcha un servizo directo entre A Coruña e Lugo con 92 (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) —si, aí está, a iso vou chegar, señora Rodil, escoite— frecuencias á semana.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Xa remato, presidenta, porque isto creo que interesa, xa que teñen a opinión cambiada. Son 92 liñas, señor Santomé, e hai unha liña dos 596 buses que entran á semana en Lugo —¡596!—. Hai un autobús que vai de Lugo á Coruña directo, un autobús á semana, e que despois de parar na estación da Coruña colle xente tamén na estación da Coruña e segue a Marineda. ¿Cal é a reacción do Bloque?: a Xunta leva á xente de Lugo a Marineda. ¿Pero, vostede cre que iso é certo? ¿Vostede cre que iso é certo? ¿Creo? (*Murmurios.*) ¿Creo realmente, de verdade? ¿Esa é a forma de pensar do Bloque e a política que intentan facer?

Por certo, coas asociacións de comerciantes foi perfectamente aclarado, e dixeron: perdoa, porque a información que nos deron outros grupos políticos non era esta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

¡Silencio, por favor!

Interpelación de D. Carlos López Font e de D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a xestión das políticas de vivenda por parte da Xunta de Galicia, especialmente das dirixidas á mocidade

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten a palabra o señor López Font.



O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e todos.

Bo día, conselleira.

Conselleira, na data de hoxe vostede xestiona a maior preocupación dos galegos e das galegas. A vivenda converteuse na primeira preocupación, por diante da sanidade, o que supón un salto cualitativo moi importante. Este dato reflicte a deterioración progresiva de todo o relacionado coas políticas públicas, neste caso da Xunta de Galicia, que non dan resposta ás necesidades da cidadanía. Como vostedes son mestres en tapar ou en ocultar as competencias propias e en moitos casos llelas asignan aos demais —iso si, sen a correspondente achega económica—, en todo debate sobre vivenda debemos empezar sinalando que a competencia sobre a vivenda é exclusiva da Xunta de Galicia, para non perdernos en divagacións; pero o exercicio desta competencia exclusiva ten, no caso da vivenda, un ingrediente moi importante, e que son as achegas económicas que o Goberno do Estado transfere —¡si!, transfere— de forma directa á Xunta de Galicia para a execución de determinados programas; por tanto, a execución desta competencia exclusiva nótrese, no ámbito orzamentario, das partidas que o Goberno galego fixe nos seus orzamentos anuais e das partidas que recibe do Estado. Concretamente isto é moi importante porque non en todas as competencias é así.

E se nos detemos nas cifras concretas da achega de cada administración, a análise da situación require importantes conclusións. Segundo os datos facilitados recentemente pola Delegación do Goberno en Galicia, 2 de cada 3 euros investidos en vivenda, en Galicia, foron achegados polo Estado. Para ser unha competencia exclusiva do Goberno galego, o dato resulta certamente desalentador, porque, a pesar dos discursos do presidente Rueda e das mareantes cifras que vostede, conselleira, adoita presentar en cada comparecencia, o achegado polo Goberno galego non se corresponde coa implicación que sería necesaria —sigo lembrando— na primeira preocupación da sociedade galega. Os datos referidos ao período 2021-2024 cifran un gasto en vivenda en Galicia, executados polo seu Goberno, de 564 millóns de euros mentres que as achegas do Estado foron de 350 millóns de euros; isto representa que a achega do Estado foi do 62 por cento. A primeira conclusión é moi sinxela: se o lóxico sería que, polo menos, as dúas administracións achegasen cantidades idénticas, estaríamos a falar de que Galicia investisen, nese período, 700 millóns de euros; e dicir, a Xunta debería achegar 136 millóns de euros máis para igualar a achega do Estado. Esta inxección é evidente que contribuiría, de forma moi notable, para o incremento de políticas públicas de vivenda en Galicia. Centro trinta e seis millóns de euros, conselleira, que permitirían incrementar programas actuais, non deixar tirados miles de cidadáns sen a correspondente axuda, e que posibilitarían a creación doutros novos programas, como os que propuxemos os socialistas. Reitero, novamente, a nosa aposta por un banco público de alugueiro de 20 millóns de euros.

Merece a pena deterse, aínda que sexa brevemente, nalgunhas cifras que contextualizan o que fai o PP en materia de vivenda, cando goberna, e o que fan os gobernos socialistas na mesma materia. Entre os anos 2018 e o 2025, o Goberno do apreciado —tan apreciado—, por vostedes, Pedro Sánchez, comprometeu 526 millóns de euros para mobilizar a construción de 1.406 vivendas públicas e a rehabilitación de 18.000 vivendas en Galicia. O anterior



Plan estatal de vivenda 2018-2021 do PP, tiña como grande obxectivo, a rehabilitación de 5.000 vivendas; é dicir, o Goberno actual triplicou as cifras de Rajoy. Das cifras, tamén a necesario apuntar que, do compromiso de 526 millóns de euros ata outubro de 2024, xa se transferiron á Xunta o noventa por cento do importe comprometido, é dicir, 472 millóns de euros. Todo o anterior, ten unha incidencia moi importante sobre a situación en que se atopan os nosos mozos en materia de vivenda.

A preocupación dos mozos pola vivenda é porcentualmente maior que no resto das idades porque incide directamente sobre a súa emancipación e sobre o seu proxecto de vida. Afirma, nesta fin de semana, o noso portavoz, o señor Besteiro, que esta xeración de mozos, leva camiño de ser a xeración sen casa. Esta alarmante situación require políticas activas e comprometidas, e aquí incide, dunha forma directísima, o Programa do bono alugueiro mocidade, que ascende a unha contía de 250 euros mensuais, para os mozos de entre 18 e 35 anos. Este programa do Goberno de España, constitúe unha axuda moi importante para a política de emancipación dos mozos ao permitir o acceso á vivenda. A xestión e as cifras do programa deixan en moi mal lugar o Goberno do PP en Galicia. A Xunta efectuou unha primeira convocatoria no ano 2022, coas transferencias comprometidas polo Goberno de España; esta convocatoria permitiu conceder finalmente 5.253 axudas sobre un total de 14.000 solicitudes.

Como queira, Xunta non achegou fondos adicionais para esa convocatoria, o que supuxo que 8.700 solicitudes quedasen sen atender. Se a Xunta realizase a mesma achega que o Estado, poderíase chegar á atención plena aos solicitantes, o que suporía unha gran mellora na situación de miles de mozos, pero o Goberno do PP rexeitouno. Esta xestión da convocatoria do programa 2022 preocúpanos moito como precedente porque o pasado 20 de febreiro abriuse unha nova convocatoria cos fondos achegados polo Estado, que representa o noventa por cento e, pola Xunta, o dez por cento. O propio presidente Rueda daba conta desta convocatoria de 13 millóns de euros, cunha distribución de achegas entre o Estado e a Xunta de 11,4 millóns de euros por parte do Estado e de 1,5 millóns por parte da Xunta, que, encima, proveñen de remanentes do exercicio de 2022, o que significa que a Xunta non puxo nin un só euro do orzamento de 2025. E novamente repítese a mesma situación. A prensa titulaba: *(O señor López Font mostra un recorte de prensa.) «Los bonos alquiler joven vuelan.»* E voan, dado que, durante o primeiro día tras a apertura da convocatoria, 3.186 galegos solicitaron a axuda. A primeira conclusión é a confirmación no acerto do programa impulsado polo Goberno de España, que debe xestionar o Goberno de Galicia. A convocatoria do ano 2025 leva o mesmo camiño que a do ano 2022, é dicir, deixa miles de mozos fóra do programa pola falta de implicación da Xunta de Galicia, que só achega o dez por cento. Están vostedes expulsando das axudas miles de mozos.

Falando de mozos, este bono é fundamental, e vostedes deben facer un esforzo orzamentario para que todos aqueles que o soliciten poidan acceder ao mesmo. Non teñen xustificación para negalo. O Goberno galego debe achegar, cando menos, un corenta por cento máis dos seus fondos para igualar o compromiso do Estado. Vostede, que sempre reclama máis e máis fondos ao Goberno do Estado, debe aplicarse o mesmo criterio.

E queremos seguir interpelando o Goberno galego en materia de execución dos seus orzamentos en vivenda. No pasado pleno, preguntabamos pola partida do programa 451B. Vos-



tede respondeu cunchas cifras que só vostede debe coñecer. Nós coñecemos as cifras que se deron como execución; polo tanto, se tivesen outros datos, bo sería que nos facilitasen; non son datos inventados por este grupo.

O lamentable de todo isto é que hai unha inexecución de...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor LÓPEZ FONT: ...partidas orzamentarias —conclúo, presidenta— destinadas á vivenda, mentres que se deixan tirados, no ano 2022 e leva o mesmo camiño no ano 2025, miles de mozos no Programa bono alugueiro mocidade —que antes detallabamos— e que certamente é tan importante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidenta.

Señor Font.

Señorías.

Chámame moitísimo —jmoitísimo— a atención que, na súa exposición, xulgue as medidas do Estado como «exemplares» para dar as respostas que a nosa mocidade precisa en materia de vivenda; e chámame a atención que, dende Madrid, se estea a impulsar un intervencionismo nunca endexamais visto, demonizando os propietarios, protexendo a ocupación, estrangulando a oferta e con medidas ineficaces que no dan a resposta que precisa a situación extraordinaria que atravesamos o noso país en materia de vivenda.

A mocidade, en particular, e toda a sociedade en xeral, precisa respostas que o Estado non está a dar, e xa estamos perdendo a esperanza de que o faga. Non ocorre así en Galicia. En Galicia, as cousas facémolas doutro modo ou doutro xeito. Galicia é diferente e sábeo ben, porque en Galicia si que temos un Goberno estable; un Goberno comprometido cun programa, que pon a vivenda entre as nosas políticas de alta prioridade, e así o estamos a demostrar con feitos: triplicamos os orzamentos destinados á construción de vivenda pública; artellamos medidas para axilizar trámites; artellamos medidas para facilitar a posta á disposición de novo solo para construír vivenda; creamos e puxemos a funcionar a nova sociedade de vivenda pública de Galicia (Vipugal), porque o acceso á vivenda é un dos desafíos máis importantes ao cal nos temos que enfrontar. (*Aplausos.*)

Somos plenamente conscientes da realidade, e, por iso, estamos a traballar e a actuar con medidas concretas, efectivas e adaptadas ás necesidades reais: construímos vivenda pú-



blica—imos duplicar o parque de vivenda nesta lexislatura—; desenvolvemos solo para facilitar a construción de novas vivendas; adquirimos e rehabilitamos inmobles en cascos históricos; artellamos medidas novidasas, lexislativas e referentes para axilizar os procedementos, e tamén, por suposto, con axudas directas aos concellos, aos promotores, aos cooperativistas e tamén aos particulares, é dicir, axudas á compra e axudas ao alugueiro. O noso compromiso vai máis aló do presente. Traballamos con visión de futuro, asegurando que as vindeiras xeracións teñan tamén oportunidades reais para acceder a un fogar digno, ofrecendo máis vivendas aos galegos e ás galegas.

Pero vostede quere falar de alugueiro, pois falemos de alugueiro. Non é a primeira vez que comparezo na Cámara para subliñar o esforzo autonómico que estamos a facer para apoiar o alugueiro entre a mocidade. Temos adxudicadas, no día de hoxe, o cento por cento das axudas de alugueiro inseridas ao abeiro do Plan estatal para a convocatoria 2024-2025, para a cal destinamos 20 millóns de euros. (*Aplausos.*) A metade dos 20 millóns de euros, é dicir, 10 millóns de euros son de aportación autonómica; cofinanciamos o cincuenta por cento. No ano 2024, case cinco mil persoas se beneficiaron destas axudas, con posibilidade de solicitar a prórroga neste ano 2025. Por outro lado, estamos a xestionar —non sen dificultades—, o Bono alugueiro mocidade sobre o cal vostede parece ter tanto interese.

Falamos dun bono regulado fóra do Plan estatal de vivenda, que é onde se atopa nos programas que teñen que cofinanciar as comunidades autónomas; bono que chega, neste ano, coa metade dos fondos do ano 2022, e, por suposto, con escasos fondos estatais, como estamos a advertir todas as comunidades autónomas dende hai tempo. Aínda llo lembramos, precisamente o pasado 3 de marzo, á ministra, nunha carta remitida na cal, efectivamente, dabamos conta de que, tan só horas despois de abrir o prazo da convocatoria, xa duplicabamos o número de solicitudes posibles para os orzamentos asignados. No día de hoxe, son xa 5.603 o número de solicitudes acadadas e o prazo remata o 28 de marzo. Non podemos xogar coas expectativas da nosa mocidade e lanzar medidas cunha disposición orzamentaria que non coincide coa realidade.

Na última convocatoria, o Ministerio de Vivenda asignou a Galicia soamente 11,4 millóns de euros para dúas anualidades, 2025 e 2026; é dicir, asignou pouco máis de 5 millóns de euros para cada anualidade. Ademais de ser escaso para as necesidades da mocidade galega, o crédito chega tarde para un programa que —como xa nos ten afeitos o Goberno Sánchez— se diseña sen escoita ningunha a través dun real decreto improvisado, fóra do Plan estatal de vivenda e de costas ás comunidades autónomas —que somos as que temos que xestionalo con enorme dificultade—.

Señorías, o Ministerio programou este bono para as anualidades 2022 e 2023 e, nesta ocasión, para o 2025 e o 2026, pero, ¿que pasou coa anualidade de 2024? Non pode pretender, señoría, que paliemos con fondos propios, unha e outra vez, o despropósito coa repartición e co deseño dun programa, cuxas bases non compartimos —nin nós nin o resto das comunidades autónomas—, como ben o sabe a ministra.

Aínda así, permítame indicar que a Xunta fixo e está a facer unha xestión exemplar do Bono alugueiro mocidade; na anterior edición optimizamos estes fondos, ao máximo, e chegamos



ao máximo número de beneficiarios posible. Ese é o único balance real. ¿De onde saca que só executamos o dez por cento? ¿Por que se empeña, señor Font, unha e outra vez, en terxiversar os datos de maneira reiterada e torticeira?

O Bono alugueiro, efectivamente, foi anunciado no ano 2022. Galicia recibiu os fondos en maio do ano 2023. A nosa comunidade foi a terceira en convocar as achegas. O número de axudas concedidas superou os cinco mil duascenas, estando a totalidade dos bonos pagados ao cento por cento no día de hoxe. Na actual convocatoria, os fondos chegan tarde, mal e escasos; chegaron en decembro do ano 2024, e o 20 de febreiro xa convocáramos, no *Diario Oficial de Galicia*, a posibilidade de solicitar a axuda. En canto á súa solicitude de informar perante este Parlamento, esquece que xa o fixen na interpelación 2.116, respondida por min neste mesmo Pleno, nesta mesma Cámara, o pasado 14 de maio, e xa lle indiquei que se executara ao cento por cento.

Quere que volvamos falar do programa 451B, orzamentario, —do cal xa falamos hai quince días no pleno pasado— sobre o cal vostede ten un interese especial. Non parece moi enterado, pois neste programa orzamentario do Instituto Galego da Vivenda e Solo —que é moi amplo— o ano pasado non se incluíu nas actuacións do Bono alugueiro mocidade, pois —como lle acabo de dicir—, o Goberno estatal saltou a anualidade de 2024.

Falemos, entón, de fondos, señor Font — que ten vostede un interese reiterado acerca desta cuestión—. Eu estou encantada de vir aquí as veces que faga falta para pór luz sobre este asunto. O orzamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo para o ano 2025 é de 221,3 millóns de euros, o máis elevado da nosa historia; (*Aplausos.*) dese orzamento, menos do dez por cento procede de fondos do Estado. ¿E pide vostede que cofinancemos un programa do Estado, se é mínima —para non dicir ridícula— a aportación do Estado aos nosos programas de vivenda en Galicia? Non nos vale a maquillaxe permanente á cal nos ten habitoados. Esta é a única realidade: soamente o 9,6 por cento do total do orzamento do IGVS provén do Estado.

—E remato xa—.

A Xunta está a referendar o seu compromiso, día a día, para brindar oportunidades de vivenda á nosa mocidade, con apostas claras e con resultados que xa estamos a vislumbrar. Señorías, non pode haber en Galicia unha xeración perdida para a vivenda nin a emancipación pode ser unha mera quimera. Non o queremos, e, por iso, traballamos para evitalo con todas as nosas forzas, artellando todas as medidas necesarias e exercendo unha escoita activa e permanente co sector, cos concellos e, por suposto, coas persoas, que son as que inspiran as nosas políticas de vivenda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do señor Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, conselleira.



Esta mañá, o presidente Rueda mostrábase moi feliz. El dicía que por varios motivos, pero non creo que vostede se atope na mesma situación, despois da publicación, no DOG de onte, que denega 12.300 solicitudes para percibir o Bono de alugueiro no caso dos colectivos con maiores necesidades. *(O señor López Font mostra un recorte de prensa.) (Aplausos.)* ¿Son medidas exemplares, conselleira? Pois leva vostede un camiño tremendo *(Aplausos.)* porque nun ano conseguiu que a vivenda pasase a ser a maior preocupación dos galegos e das galegas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Mire, conselleira, a nosa interpelación é moi sinxela. *(Aplausos.) (Murmurios.)* O problema da vivenda en Galicia necesita dunha maior implicación do Goberno galego; dunha maior implicación e de menor confrontación co Goberno de España. A colaboración coa Administración do Estado que, de forma tan importante, achega fondos, debe ser correspondida con lealdade.

Mire, o seu patinazo notable foi nunhas declaracións en Vigo, nas cales manifestou que o Goberno de España só achegaba o dez por cento ao programa do Bono alugueiro mocidade; e isto tivo que ser corrixido cunha nota posterior da súa consellaría, na cal fontes do departamento sinalaban que a conselleira se expresara mal; *(Murmurios.)* non se expresou mal a conselleira. Teñen vostedes tan interiorizada a confrontación co Goberno de Pedro Sánchez que lles traizo a subconsciente.

Quedou demostrado o esforzo investidor do Goberno de España. A todos nos gustaría que fose maior —xa o dixo o propio presidente Rueda— con respecto aos seus orzamentos. Das cifras globais en materia de vivenda, conselleira, débese romper co sucedido no período 2021-2024 —en que a Xunta só achegou o 35 por cento— porque así daríamos resposta aos mozos, que deben ser unha preocupación central.

No programa Bono alugueiro mocidade, o Goberno galego, conselleira —gústelle ou non lle guste—, debe comprometerse a atender todas as solicitudes, incrementando a súa achega económica —aínda que non lle guste— ao Programa do Estado. Vostedes incrementan os fondos para o que queren, por exemplo, para os avais, sen límite de idade, o cal ten un custo económico. ¿Por que, conselleira, non fan o mesmo no Bono alugueiro mocidade? ¿Por que non atenden ás demandas dos mozos, en concreto? A partida 451 —insisto: *(O señor López Font mostra un documento.)* este é o grao de execución que nos facilitaron aos grupos parlamentarios—, polo tanto, estaba, ao finalizar o terceiro trimestre, no 10,3 por cento.

Mire, conselleira, debe velar pola xestión correcta do Programa alugueiro mocidade para que non pase o mesmo que no ano 2022. Certamente é que vostede non dirixía a Consellería, pero queremos que se comprometa a presentar un informe detallado ante o Parlamento, nun prazo razoable de tres meses, sobre as solicitudes presentadas, que xa elevou vostede a 5.000 —o Bono alugueiro—; sobre as pendentes, sobre os fondos executados e sobre os prazos de resolución. Ten que entender que a xestión de 2022 nos obriga a esta solicitude, pero, sobre todo facemos esta solicitude para que a transparencia —da cal tanto presumen vostedes— chegue aos solicitantes para que non se atopen na incerteza de se terán dereito ao solicitado, porque, no ano 2022, este Goberno causoulles a moitos solicitantes un prexuízo económico moi importante;; non se pode volver repetir.



En suma, coa nosa interpelación, conselleira, pretendemos que a Xunta deba cofinanciar, con fondos propios, o Bono alugueiro mocidade. Non pode negarse para non deixar tirado ninguén, e, pode facelo con cargo a unha partida que vostedes non executan na súa totalidade.

E tamén debe informar ao Parlamento —como dicía anteriormente—, de forma detallada, sobre as solicitudes por transparencia e para non prexudicar os solicitantes, como xa fixeron de forma reiterada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, señora presidenta.

Señor deputado, a pesar do debate —creo—, todos os aquí presentes compartimos que o acceso á vivenda é un dos principais desafíos que ten a nosa xente moza.

Xa saben que temos un forte compromiso de lexislatura que imos cumprir e polo cal duplicaremos o parque público de vivenda. Destas novas vivendas, o 40 por cento que construíamos, en réxime de alugueiro, serán para mozos menores de 36 anos, (*Aplausos.*) e o 25 por cento, en venda, serán tamén para menores de 36 anos. Temos xa máis de dúas mil novas vivendas en marcha: en Navia, en Vigo, en Valdecorvos —en Pontevedra—, Garabolos —en Lugo—, en Ourense, en Santiago, en Xuxán —na Coruña— ou no Bertón —en Ferrol—, entre outros.

Ademais, estamos a ofrecer alternativas novidasas por e para a mocidade, coa construción dun primeiro inmovible que levantaremos aquí, en Santiago, cuns sesenta aloxamentos compartidos para a mocidade. Acabamos de licitar o proxecto de redacción e recibimos 23 ofertas, que xa estamos a valorar, e xa traballamos para contar con máis aloxamentos compartidos en Lugo e en Vigo.

Ademais de construír novas vivendas, tamén estamos a adquirir e a rehabilitar inmobles, no marco do programa Rexurbe, nos cascos históricos de Betanzos, de Ferrol, da Coruña, de Mondoñedo, de Lugo, de Viveiro, de Vilalba, de Ourense, de Tui e de Ribadavia. Destinamos estes inmobles a alugueiro asequible entre os inscritos no noso rexistro de demandantes de vivenda.

Estamos tamén a traballar con preto de quince concellos para a cesión de solo urbano consolidado porque necesitamos máis espazo para ampliar a oferta de vivenda na comunidade autónoma galega. Xa temos avanzados os procesos en Pontevedra, na Coruña, en Santiago de Compostela, en Teo, na Estrada, en Lalín e en Lugo. Seguimos redobrando esforzos para desenvolver solo en que se poida construír máis vivendas, tanto vivenda pública, como vivenda protexida ou como vivenda libre. Estamos a identificar, de feito, nunha acción sen



precedentes, os ámbitos onde se concentra a maior demanda para desenvolver estes solos a través dos nosos proxectos de interese autonómico. *(Aplausos.)*

Ademais, creamos xa unha sociedade pública de vivenda (Vipugal) para promover e para construír máis vivenda de promoción pública. Xa está plenamente operativa, non como a que saca da chistera Sánchez, sobre a cal aínda non sabemos nada. O problema, señoría — non desvío o foco—, é a falta de oferta de vivenda. E con gobernos como os que levan os seus en Madrid é case imposible, por exemplo, mobilizar vivendas baleiras. A actual inseguridade xurídica ante fenómenos como a «inquiocupación» non ten precedentes na nosa historia.

O avanzado pola Xunta demóstrase con feitos, e o camiño que levamos andado nestes once meses de lexislatura é esperanzador. En vivenda, as cifras de licitación superan os douscentos millóns de euros. Temos en marcha —acabo de dicilo— máis de dúas mil novas vivendas públicas. Máis vivenda, señoría, equivale a ofrecer máis oportunidades para todos os galegos, para as familias e, por suposto, tamén para a mocidade.

Non parece estar na mesma onda o Goberno do Estado cando desatende a demanda da nosa sociedade e da nosa mocidade. Non imos permanecer impasibles ante a discriminación que están a sufrir os galegos ante esas concesións directas de subvencións en materia de vivenda por parte do Ministerio, mediante o Real decreto 1029/2024, do 8 de outubro, a concellos como Barcelona, Ibiza ou a Área Metropolitana de Barcelona. É un insulto que teñamos que pasar polo aro do financiamento singular de Cataluña, cando o resto das comunidades autónomas temos que estar continuamente demandando o que é de xustiza. *(Aplausos.)*

Seguimos lamentablemente á espera da resposta que nos debe a ministra, desa misiva que lle remitimos en que pediamos explicacións e idéntico trato para Galicia. Desoír as demandas das comunidades autónomas, de xeito reiterado, en materia de vivenda é de moi mala práctica democrática. Na nosa comunidade autónoma estamos a facer un grande esforzo orzamentario —como lle acabo de redactar—, e lémbrolle que soamente o 9,6 por cento dos fondos do Instituto Galego da Vivenda e Solo procede do Estado. Son datos reais, constatables, efectivos...

Non nos cansamos tampouco de reclamar a cesión gratuíta das vivendas e dos solos da Sareb. Estou convencida de que concellos, como Ribeira ou como Cangas, estarían encantados de que nos cedesen eses solos que quedaron agora vacantes no concurso, porque agora xa terían iniciada a construción de vivenda pública.

Pedimos, ademais, aos seus compañeiros en Madrid, señor Font, un plan estatal de vivenda que naza do consenso de todas as comunidades autónomas, con encaixe para cada un dos territorios.

—E remato xa—

Dende o 2009, apoiamos 163.000 familias galegas para acceder ou para rehabilitar a súa vivenda habitual. Seguiremos a apostar por unha estratexia integral con recursos propios, optimizando os fondos recibidos e desenvolvendo novas solucións para a nosa mocidade.



Queremos máis vivenda en Galicia e máis vivenda —reitero— son máis oportunidades para os mozos e para as mozas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, conselleira.

Rematada a interpelación, suspendemos a sesión, que será reanudada ás dezaseis horas.

Bo proveito a todos e a todas.

Suspéndese a sesión ás dúas e dezaseis minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Lara Méndez López e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os eventuais estudos ou informes dos que dispón a Xunta de Galicia respecto do alcance dos estragos que está a producir o crecemento da poboación de xabaril

O señor PRESIDENTE: Señora Méndez López, cando queira.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señorías.

Conselleira.

Nos últimos tres anos foron capturados 56.900 xabarís, o que supón unha media de 20.000 xabarís ao ano, o que é evidentemente, insuficiente. Só nun ano houbo 3.767 accidentes en Galicia. As perdas nas colleitas e nos pastos do ano pasado, valorados polo sector, chegaron a 12 millóns de euros, e isto tamén supuxo un custo para a Administración de 3 millóns de euros ao ano —son cifras do ano pasado—, tamén en temas de indemnizacións.

Evidentemente, hai moitos motivos polos cales prolifera o xabaril, entre eles, o abandono que está sufrindo o rural, a política forestal levada a cabo tamén pola Xunta de Galicia, que merma a biodiversidade desta; todo iso implica que as políticas non funcionen, é dicir, as políticas que leva a cabo o Partido Popular.

Os danos xa non só se producen na zona rural, senón que están chegando tamén ás zonas periurbanas e urbanas, e isto, evidentemente, trae grandes riscos, entre eles, xa para as propias persoas e para a saúde das propias persoas, incluso das mascotas. Tamén trae problemas



por accidentes porque se converten en reservorio de enfermidades e porque as persoas poden ser tamén atacadas polos xabarís.

Na agricultura e na gandaría, acabo de dar o dato de 12 millóns de euros, os cales afectan substancialmente o sector primario e que veñen engrosar as dificultades adversas que xa teñen en moitos casos, algunhas alleas, como pode ser a climatoloxía, pero outras tamén polas prácticas e polas políticas que leva a cabo a Xunta de Galicia. E tamén afecta nos espazos protexidos porque os xabarís convértense tamén en depredadores de especies en perigo de extinción.

E a Xunta de Galicia leva feito algunhas medidas. Algunhas xa non se están aplicando ou, polo menos, non temos coñecemento, como poden ser os arqueiros con batidas nocturnas que se facían, ou agora decidiu non ampliar ou non prorrogar a declaración de emerxencia cinexética; segue coa instalación de xaulas, coa instalación de vallas ou co uso de repelentes; e, como novidade, tamén vai facer agora esas batidas preventivas que a Consellería anunciou recentemente.

A pregunta que nos facemos é se estas medidas son efectivas e se se conseguen os obxectivos. E, polo tanto, nós o que queremos saber é se a Xunta dispón dun estudo ou vai facer un estudo, ou un informe en que se poida valorar o alcance dos danos e efectos do xabaril, así como a efectividade das medidas, co obxectivo de acadar un maior control e tamén...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...así de poder diminuír o gasto que supón á Administración.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señora Méndez, o problema do xabaril non é so galego, senón que hai problemas en Barcelona, hai problemas en Oviedo, hai problemas en Madrid e en calquera cidade; é dicir, isto é un problema de carácter nacional.

E claro que a Xunta estuda e claro que a Xunta manexa informes referentes á situación do xabaril en Galicia, e, por suposto, a Xunta traballa neste asunto porque nos preocupa e nos preocupa moito. Non é nunha cousa de agora; comezamos no ano 2017, no cal constituímos un grupo de traballo para a xestión desta especie. Reúnese de maneira periódica e está integrado por distintas administracións, por titulares de estradas de Galicia, por titulares de estradas a nivel nacional, pola Garda Civil de Tráfico, polo Seprona,



pola Unidade de Policía adscrita de Galicia, polas consellerías do Medio Rural e de Medio Ambiente, pola Fegamp, polos sindicatos, polas organizacións agrarias, pola Federación Galega de Caza... Eu teño que agradecerlles a todos eles o seu labor porque isto non é doado.

Lembren os datos oficiais e, efectivamente, as capturas están incrementándose. No período 2020/2021 houbo un total de 17.827 capturas; isto foi grazas á solidariedade dos cazadores, que algúns critican, pero despois ben que os necesitamos. E no último período 2023/2024 houbo 18.283 capturas, é dicir, produciuse un 2,5 por cento de incremento. Agradézolles a eles, os cazadores, e tamén ao sector primario, os agricultores e os gandeiros, que reciban tamén positivamente o novo protocolo que a Xunta activou o día 1 de marzo para axilizar a tramitación das batidas en só 24 horas, sendo a gran novidade que, neste tempo, se poden conceder batidas preventivas.

Máis polo miúdo, este procedemento inclúe medidas de actuación e de reforzo durante os vindeiros catro meses e ata o 30 de xuño, época máis crítica porque non só crían os xabarís, senón que cría o resto das especies, e, polo tanto, temos a obriga de conservar e de preservar. Por outro lado, tamén é unha época crítica porque coincide coa sementeira e co período de reprodución das especies silvestres. Rematada a emerxencia cinexética —saben que o 85 por cento do territorio de Galicia está nela—, comezamos unha nova etapa —esta estivo ata o día 23 de febreiro—, e comeza ese control especial.

É certo que tiñamos arqueiros en Lugo, pero tamén é certo que hai irresponsables. E cando hai irresponsables e van facer barullo onde están os arqueiros, nós non podemos poñer en risco os arqueiros e o que poden facer. Non só pasa cos arqueiros, senón que tamén pasa incluso coas xaulas que se poñen en certos lugares. Cando saben que alí están as xaulas, estas acaban desaparecendo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): E, polo tanto, eu o que pediría, neste sentido, sería responsabilidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Lara Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Conselleira, son galega e son de Lugo, e en ningún momento dixen que fose nin doado nin exclusivo. Xa lle puxen, de antemán, as medidas que estaban levando a cabo.

O que queremos saber é o alcance das medidas: se son efectivas ou non o son; se vale a pena seguir con algunha, ou hai que reforzar outra, ou hai que buscar alternativas. Hai empresas que si están facendo este traballo, incluso se probou con feromonas, viron que non eran efectivas e descartaron a medida, e puxéronse a traballar noutras, a reforzar ou a meter outras iniciativas, como pode ser a utilización de fibra óptica.



E, polo tanto, o que queremos saber é se a Xunta ten, quere ou vai facer —e que pedimos que o faga— un estudo ou un informe para valorar precisamente todo iso, é dicir, para valorar o alcance das medidas; un estudo en que poidamos ver os efectos reais que produce o xabaril e en que poidamos ver se as medidas que se están levando a cabo funcionan ou non, ou se hai que descartalas, ou se hai que facer outro tipo de medidas e a efectividade destas.

É o que pedimos, porque aquí do que se trata, conselleira, é de aumentar o control, de minimizar os danos e de minimizar, con iso, tamén os gastos. E, ¿con isto que conseguiríamos, conselleira? Consecuiríamos mellorar no número de accidentes e nas afectacións a un sector tan importante como é o sector primario —a agricultura, a gandaría...—. ¿Que conseguiríamos tamén, con isto, señora conselleira? Pois que non afectase á saúde das persoas; que non afectase á cotiandade das persoas; e que non fose un reservorio de enfermidades que, despois, poderían tamén atacar a gandaría.

E, polo tanto, o que queremos é preguntar á Xunta —reitero—: ¿está a facer o informe ou o estudo —como lle queiran chamar—?; ¿está a valorar e a avaliar o alcance das medidas?; ¿está a poñer medidas correctoras, por se non son efectivas, para que consigamos o obxectivo real —que é un maior control, un menor gasto e unha maior natureza na súa totalidade?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Medio Ambiente e cambio climático.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):

Grazas, señor presidente.

Señora Méndez —eu creo—, non puiden ser máis clara. Dende o ano 2017 hai un grupo de traballo que se reúne e no cal estamos as distintas administracións. Faise e avalíase, e, grazas a esa avaliación, decretamos a emerxencia cinexética no 85 por cento do territorio galego. Non só iso, senón que tamén se puxo o orzamento enriba da mesa, porque, efectivamente, había danos: 2,5 millóns de euros no ano 2024 e 16,8 millóns de euros dende o ano 2016.

Pero, ben o dicía vostede, isto pode chegar a ser un problema sanitario e un problema gordo dende o punto de vista económico; e aí temos a peste porcina. Este é o motivo, polo cal, de xeito reiterado, vimos pedindo ao Goberno central que, ao tratarse dun problema nacional, ten que actuar, cousa que non está facendo.

Recentemente, eu reuníme co secretario de Estado de Medio Ambiente, Hugo Morán e, entre outras cuestións, trasladeille a necesidade de que se elabore un censo nacional, porque é certo que cada comunidade autónoma está facendo distintas cousas: Cataluña, por exemplo, empezou coa esterilización de xabaris e agora existe unha gran polémica porque se demostrou que as femias vacinadas, ao final, son moito máis agresivas e, efectivamente, están nas cidades.



Ese tipo de cousas avalíanse cientificamente e, por suposto, descártanse; e vaise cara a cousas novas. ¿Porque se vai cara a cousas novas? Entre outras, porque estamos moi preocupados polos accidentes, á parte de toda a problemática cos gandeiros e cos agricultores, e de toda a problemática que pode ser a peste porcina ou outro tipo de enfermidades. Déanse conta de que, dende o ano 2009 ata agora, incrementáronse, e moito, o número de accidentes: pasouse, no ano 2009, de ter 2,4 accidentes, a na actualidade, máis de 10 accidentes rexistrados diariamente.

E aí estamos traballando; e estamos traballando con estradas do Estado, porque, se é unha autovía ou unha autopista do Estado, é responsable o Goberno central; se é unha nosa, é responsable a Xunta de Galicia. E estamos traballando tecnicamente con varias e distintas opcións científicas, como pode ser o caso dos repelentes. E facémolo, ademais, con todos os colectivos implicados.

O que lles podó asegurar, señorías, é que a Xunta de Galicia está a facer todo o posible, e máis, para que os efectos provocados por esta especie sexan os menores posibles, e aínda así non se acaba de conseguir. Pero vendo todas as accións que levamos a cabo, e sendo máis que áxiles, agradecéndolles, entre outros, aos arqueiros, pero tamén ao persoal que coloca as xaulas nos distintos concellos, cos cales, ademais, temos convenios. Non nos queda outra máis que reivindicarlle ao Goberno central que mire por toda España e tamén por Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a xestión do tratamento dos residuos sólidos urbanos na planta de Nostián, na Coruña

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moi boas tardes, señorías.

Boas tardes, conselleira.

Creo que a esquerda galega iniciou unha deriva moi preocupante, pero bueno, alá eles. Pero si que quería transmitirlle que non está vostede soa, que o pobo galego está con vostede e que, sobre todo, ten o apoio do grupo maioritario desta Cámara. *(Aplausos.)*

Señorías, pídolles tamén un pouco de atención porque, aínda que isto ocorre na Coruña —e sei que a moitos de vostedes non lles preocupa o que ocorre nesa cidade—, si que creo que como galegos debemos polo menos coñecer e saber o que está a ocorrer alí. Porque seguramente moitísimos de vostedes nin sequera intúen a xestión tan nefasta que se está a facer dos residuos desa cidade, e as consecuencias que iso ten.

A planta de tratamento de residuos de Nostián púxose en marcha no 1999, tres anos despois dunha catástrofe ambiental —a do vertedoiro de Bens, que supoño que moitos de vostedes



coñecen, porque custou, ademais, a vida dunha persoa— e cuxo principal obxectivo era evitar que xurdise outro vertedoiro na cidade. O sistema de tratamento dos residuos que se elixiu foi o de húmido-seco e a planta presta servizo tanto aos cidadáns da Coruña como aos do Consorcio das Mariñas, agás os da cidade de Arteixo.

Na teoría, a nova planta diferenciaba entre os residuos orgánicos e inorgánicos, elaboraba *compost* e favorecía a reciclaxe, pero a realidade é que esa planta nunca funcionou correctamente e, ao pouco de poñerse en marcha, rebentou un dos biodixestores e xa nunca máis se arranxou e os outros tres quedaron colmatados e inutilizados ao pouco, tardando décadas despois en selarse e xerando un problema medioambiental coa emisión de gases e tamén de lixiviados inmenso.

Ademais, a colmatación destes dixestores e o deficiente deseño desa planta impediron almacenar os refugallos na propia planta e fixeron que practicamente a totalidade dos residuos da cidade da Coruña se depositasen nun vertedoiro, despois dunha peregrinaxe dos residuos por Cerceda, por Santiago de Compostela —en concreto en Grixoa, no sitio de Miramontes, que seguramente moitos de vostedes xa coñecen— e despois levouse a Sobrado dos Monxes.

O contrato da planta expirou a finais de 2019, levando desde entón o contrato vencido nunha situación de inseguridade legal e xurídica, provocando un déficit de investimento no mantemento e na modernización desas instalacións, facendo aínda máis ineficiente a xestión deses residuos. Cada vez menos separación de residuos e cada vez peor esta separación, o que provoca que cada vez maior porcentaxe dos residuos se envíen directamente ao vertedoiro, incluíndo o *compost*, que é de tan mala calidade que tamén se leva ao vertedoiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señor Trenor, eu queroo deixar claro, clarísimo, neste Parlamento: levo en política dende o ano 1999, con cargos de responsabilidade, como muller e como profesional nunca obedecín nin vou obedecer a ningún tipo de presión, pero tamén co equipo de xente que eu traballo poden estar seguros de que estarei ao seu carón se os seguen presionando deste xeito. Ao mesmo tempo direilles que, se respectan as súas familias —se teñen pais, nais, se teñen fillos—, que respecten tamén a familia dos demais, porque non se poden nin imaxinar o dano que poden facer. (*Aplausos.*)

Dito isto, despois de recibir esas mostras e incluso aceptar esas desculpas, tamén lles direi: segue habendo unha persoa vinculada a un grupo político que segue tendo no *Maps* as coordenadas da miña casa, como se chega, como se entra pola cancela e polo lugar. Que os retire, porque, de non facelo, créanme que en 12 horas eu si recorrerei ao xulgado. (*Aplausos.*)



Ante a pregunta de se o Goberno galego está preocupado polo que ocorre nunha das grandes cidades, como é o caso da Coruña, en relación ao tratamento de residuos, eu dígolle que estamos preocupados. Estamos máis preocupados porque, se a Coruña non cumpre, dificilmente podemos cumprir a nivel autonómico. E, se non cumprimos, ao final o resultado é que acabaremos sendo sancionados. E estou moito máis preocupada como conselleira de Medio Ambiente dende o momento en que se nos traslada que é a única cidade, é o único concello de toda España que non ten a recollida separada. É dicir, non ten o contedor para que se separen os *briks*, o cal non é admisible a nivel autonómico, a nivel nacional nin a nivel europeo. Falo do contedor amarelo, que me dá o mesmo de que cor o poñan na Coruña, pero si é certo que os plásticos e os *briks* teñen que ir separados, e non poden ir xunto co resto do lixo.

A partir de aí, Bruxelas avisou o Goberno central, avisou o Concello da Coruña, nós avisamos o Concello da Coruña e eu descoñezo cales son os motivos que os levaron a esta situación. O caso é que, lonxe de poñerse a traballar, o único que fan é desculparse. Pero esa desculpa ao final é que os coruñeses están preocupados, van ter que acabar pagando aquilo polo que eles non poden facer nada, porque se non teñen onde depositar o lixo de maneira separada eles non son capaces e non deben ir a outros concellos a realizalo. Polo tanto, isto xa non pode demorarse máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois. Grazas.

Réplica, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitísimas grazas, conselleira.

Pero é que non só é que o esforzo que facemos os coruñeses para ser máis respectuosos co medio ambiente, para separar mellor os nosos residuos e para reciclar máis caia en saco roto pola falta absoluta de implicación por parte do Concello da Coruña; e que ademais os coruñeses imos ter que facer fronte a unha sanción de 100.000 euros, por culpa dun Partido Socialista e dun Bloque Nacionalista Galego responsables da peor desfeita medioambiental de Galicia e que nunca se tomaron en serio o tratamento dos residuos sólidos urbanos da Coruña e da área.

Estase a enviar máis do cincenta por cento dos residuos directamente ao vertedoiro; máis que o resto de toda Galicia xunta. Non hai quinto contedor, como ben dicía a conselleira, para os envases lixeiros, o *compost* está tan contaminado que vai ao mesmo vertedoiro que van tamén os refugallos. Estamos a falar de que o oitenta por cento dos residuos da cidade da Coruña e da súa área van directamente ao vertedoiro, case o cen por cento dos residuos sólidos que entran en Nostián saen tal cal como entran e lévanse ao vertedoiro de Sobrado dos Monxes. E, señorías, como dicía, case o cen por cento do que entra en Nostián sae tal cal como entra.

Pero o peor de todo é que esta terrible situación medioambiental non vai mudar nas próximas décadas, porque o modelo de Nostián, o húmido-seco, é un modelo falido, nunca funcionou e nunca vai funcionar. Pero o Partido Socialista non é capaz de recoñecelo e está



disposto a seguir contaminando, prexudicando non só os veciños da Coruña, senón tamén os de toda a área e, por suposto, os de toda Galicia.

Señora conselleira, ¿pode a Xunta de Galicia facer algo máis para que o Concello da Coruña cumpra coa legalidade medioambiental? ¿E pode explicar, por favor, como afectan estes incumprimentos a todos os galegos?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Goberno central, lei estatal, unha data: 31 de decembro do ano 2023; todos os concellos galegos han de ter implantada a recollida selectiva de envases lixeiros. Estamos en marzo do ano 2025 e seguimos sen ter resposta. A todos os concellos se lles dan as mesmas oportunidades.

Recentemente enviouse á alcaldesa unha carta para dicirlle que nos facilite que accións vai levar a cabo e, lonxe de responder, o que fixo foi cargar contra outros sistemas. Eles teñen que adaptarse ao sistema que lles dea a gana, pero teñen que cumprir. O sistema húmido-seco xa non está en Europa, xa non está contemplado; tampouco a nivel nacional. Quedan os dous casos: Barbanza e o caso de Nostián, e á cabeza está a Coruña. Unha carta similar enviouse tamén ao presidente do Consorcio das Mariñas e aí tivo a ben responder á batería de actuacións realizadas e previstas, que, ao igual que o resto dos concellos, irase verificando se isto se leva a cabo ou non se leva a cabo.

Pero o que si está claro é que o incumprimento por parte dunha cidade que ten unha serie de habitantes provoca o arrastre de todos os concellos galegos. Aquí non pode haber concellos de primeira e de segunda. Entón, despois de tender a man, despois de dicirlles que tiñan axudas, agora só nos queda sancionar. Esa non é a fórmula que temos nós de actuar; esa é a fórmula que ten de actuar o Goberno central, que, por certo, agora di que a todas as comunidades autónomas se nos vai abrir un expediente sancionador porque Europa llo abriu a España no ano 2021.

Os concellos saben que teñen unha competencia, eles non están sós; a Xunta de Galicia está a carón. Créanme que a gran maioría dos concellos galegos está facendo o indicible. Estalles custando adaptarse á lei, pero estano facendo, e no caso da Coruña non.

Pero ollo, é que vén aí o 10 de abril e vai entrar en vigor o taxazo do señor Sánchez. Unha taxa que obriga ao cumprimento que vai repercutir na economía de todos os galegos, porque lles ten que repercutir todo o custo que ten un concello a través dun imposto. E aí non só é a recollida, senón tamén a limpeza viaria. E, ademais, téñeno que poñer diferenciado. Eu non sei como vai actuar a Coruña se nin sequera empezou por ter o máis básico.



O que si lles podo dicir é que un total de 280 concellos dos 295 que están adheridos a Sogama nos pediron a bonificación. Comprométense a que van diminuír o número de residuos e comprométense tamén a incrementar a reciclaxe. Por favor, que o faga o resto tamén. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Patricia Iglesias Rey D^a María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o tempo que tardará a Xunta de Galicia en aceptar o plan de condonación de débeda pública que lle propón o Goberno central

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Señor Corgos, xa llo dixen onte: a posición do Goberno galego de confrontación e de boicot ante o plan de condonación do Goberno de España, que implica para Galicia unha quitación de 4.000 millóns de euros, non o entende ninguén. Os seus argumentos, baixo o halo de experto de política financeira, non os entenden nas conversacións dos bares, nas nosas casas. ¿Quen no seu sano xuízo non vai recoller un premio de lotería cando lle toca, señor Corgos?

¿É unha proposta beneficiosa para Galicia? Si, radicalmente si, sen condicións e sen matizacións. E, se vos negades a aceptar a quitación de 4.000 millóns de euros, evidenciará ante todos os galegos e as galegas que, evidentemente, tanto o señor Rueda como vostede son uns mandadiños do xefe de filas, do señor Feijóo, que cremos nós que pensa nel e despois dun rato segue pensando nel, segundo Corgos.

Sexan valentes. Se non aceptan esa quitación, como dicía hoxe o noso voceiro, José Ramón Gómez Besteiro, será «un erro histórico». Señor Pazos, non o primeiro erro histórico, pero si será un dos máis colosais e inxustificables ante a cidadanía galega. Erro que amosará que non teñen a Galicia na cabeza e tampouco no corazón.

Xa sabiamos que a sombra de Feijóo era moi longa, pero ¿tanto, señor Corgos? ¿Vale a pena este teatro? Xa lle dixen onte que non me esperaba, dada a súa traxectoria profesional, que actuase así, con esa estampida liderando o Consello de Política Fiscal e Financeira; que, por outra parte, facilitaron con esa abstención que se aprobouse. Poña o gorro de conselleiro de Facenda, que non é o portavoz do PP.

Señor Corgos, sabe tan ben coma min que creo que é de EXB, e criámonos con Barrio Sésamo e tamén co Xabarín. ¿Lembra «arriba e abaixo, esquerda e dereita, pasivo e activo»? Voulle dar unhas leccións de sentido común para que se acepte esta quitación. A quitación proposta é dun 33 por cento da débeda total de Galicia, un de cada tres euros que asumirá agora o Estado e xa non será débeda galega; menos débeda, máis estado de benestar, señor Corgos. E voten cando se poña enriba da mesa no Congreso a favor da axenda de estabilidade orzamentaria. Tres veces votou o PP en contra no Congreso dos Deputados, como tres veces negou o Apóstolo Pedro a Xesús. *(Murmurios.)* É un plan de condonación feito en clave de



Estado para todas as comunidades autónomas en réxime común. Faise en termos de solidariedade e equidade; non pensando en territorios, pensando en persoas.

¿Lembra o que fixo Zapatero e lembra o que fixo M. Rajoy? Nada. Evidentemente, é rotundamente falso que se faga por unha soa comunidade autónoma. Xa lle dixen onte que as máis beneficiadas por este plan de condonación son Andalucía, Murcia e Valencia. E incluso sabe ben, señor Corgos, que Galicia sae máis beneficiada que Cataluña: un vinte por cento de condonación para Cataluña, o 33 por cento para Galicia; menos débeda, menos xuros. Utilízase como criterio, o que vén tamén...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora IGLESIAS REY: ...defendendo como vostede, que di...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten outro turno despois. Grazas.

A señora IGLESIAS REY: ¿Vai aceptar si ou non o plan de condonación? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidente.

Grazas pola súa pregunta outra vez. Despois do debate de onte penso que vou ser un pouco aburrido porque, evidentemente, a miña postura non vai mudar. Xa me preguntou, pero xa que ten esta encomenda de facer de enlace entre Pedro Sánchez e o Goberno da Xunta, pois eu tamén lle mando unha mensaxe de volta, e é que lle diga que pague dunha vez as entregas á conta do sistema de financiamento; que non son súas, son de todos os galegos e as galegas e estanos a deber 1.600 millóns de euros este ano. *(Aplausos.)*

Xa indicamos que non nos interesa esta proposta. Non se poden comparar magnitudes absolutas de débeda entre economías de tamaños tan diferentes como a andaluza ou a catalá e a galega, porque estamos a falar de economías que son dous ou tres veces de diferente dimensión. Por iso se relativizan sempre en función da poboación e do PIB. Pois, se di así, non fale dunha rebaixa do 30 por cento, porque non é o mesmo rebaixar un 30 por cento de 90.000 millóns, como ten de débeda Cataluña, que de 12.000, como ten a Comunidade Autónoma de Galicia. Iso tamén o entende calquera cativo, dona Patricia.

Non é a nosa prioridade este sistema de financiamento. A nosa prioridade, a prioridade de Galicia e a axenda de Galicia que marca o Goberno de Galicia e os galegos é un financiamento suficiente, que é o que precisamos nós para prestar de xeito correcto os servizos públicos



fundamentais que ten encomendada a Comunidade Autónoma de Galicia. Esa necesidade de aumentar a solvencia doutros territorios será a prioridade deses territorios que se sobreen-debedaron, pero non de nós, que soubemos manter o noso autogoberno e a nosa solvencia, como dixen onte.

Tampouco nos interesa esta proposta porque non xera capacidade adicional de gasto en servizos públicos fundamentais, como esta mesma mañá indicou o presidente. Se eses 4.000 millóns se puidesen empregar en mellorar a sanidade, en mellorar os servizos da dependencia e en mellorar as prestacións aos galegos e ás galegas, evidentemente mañá iamos a Madrid por eles. Pero non é así. O único que fai —como quedou ben clariño onte— esta proposta é aumentar a solvencia por unha débeda que se mutualiza entre todas as comunidades autónomas. Nós cedemos solvencia, porque somos solventes dabondo, e tomamos a insolvencia doutras comunidades autónomas. Por tanto, non conleva ningunha vantaxe para a nosa comunidade autónoma nin para os galegos.

A proposta do Goberno é un traxe a medida non pensado para Galicia, xa que non é equitativo o seu resultado. E, se o ponderamos en función de variables obxectivas, a propia que elixiu a ministra, a variable «habitante axustado», vemos que o resultado final é que 4.000 millóns, entre os 83.000 que se condonan, son un 4,8 por cento para a nosa comunidade autónoma, inferior a calquera parámetro polo que poidamos medir obxectivamente o que nos corresponde. Por habitante axustado corresponderíanos un 6,7 por cento, 1.532 millóns de euros máis. Por habitante...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): ...corresponderíanos un 5,5 por cento, 500 millóns de euros máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Ou por PIB...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois.

(O señor Corgos López-Prado pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Conselleiro, ten outro turno despois. Grazas.

Réplica, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Prefiro ser o enlace de Pedro Sánchez que o enlace de Feijóo, señor Corgos; así llo digo co corazón na man.



Números e máis números, excusas de política financeira; números é máis números, excusas de mal pagador, que non son cribles. Xa llo dixen, non as entende ninguén. E falta á verdade cando di que o plan de condonación do Goberno de España vai beneficiar a Cataluña, que se fai para beneficiar a Cataluña. Iso simplemente é mentir, señor Corgos, porque é así. Evidentemente que o sabe, que as comunidades autónomas, as primeiras da fila, son comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular. É evidente —como dicía onte—: intereses contrapostos, a ver que vai facer Feijóo cando se lle poña enriba da mesa a Murcia, Andalucía ou a Galicia esa proposta formal. ¿Que vai facer o señor Rueda?

De acollerse ao modelo, a débeda baixará en 4.000 millóns de euros nas contas públicas; negar isto é mentir, evidentemente. Cando recibimos fondos europeos tamén son públicos, ou cando hai investimentos. Pero a débeda deixará de computar para Galicia e poderá reducir amortizacións e terá 4000 millóns de euros menos que devolver e non pagará intereses por ela. Menos débeda, menos xuros; menos débeda, menos riscos financeiro e, por tanto, máis solvencia financeira —acaba tamén de dicilo vostede—. Por tanto, señor Corgos, de verdade que o sistema de condonación dos 4.000 millóns de euros é xa financiamento.

Non se neguen a negociar; será o primeiro paso para falar do sistema de financiamento autonómico. É o primeiro paso, non son incompatibles, poden ser sucesións. ¿Por que se levantan da mesa? Negocien. ¿Quere que o acompañe tamén a Madrid? (*Murmurios.*) Non, dígoo con todo o chascarrillo. Negocie. Poña o gorro de conselleiro e traia boas novas para Galicia, señor Corgos. Deixe de ser o portavoz do Partido Popular. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas. Grazas, señora Iglesias.

Non nos imos poñer de acordo porque, evidentemente, se nega a aceptar a realidade. Unicamente acode ao argumentario do partido e non entra no fondo dos números. Eu son o conselleiro de Facenda e teño que falar de números, como ben entenderá.

Os galegos saen perdendo coa súa proposta. Unha proposta que non parte nin tan sequera do propio PSOE; parte de Esquerra Republicana de Cataluña, e sábeo ben, señora Iglesias. Sábeo ben vostede e toda España. E reitero: Galicia non pode aceptar esta proposta porque supón aumentar a débeda dos galegos en 220 euros por habitante ou 600 millóns de euros, en total, para a nosa comunidade autónoma. E non diga que si, porque esta mesma mañá, despois de dicir que era mentira —como vostede mesma—, a ministra de Facenda, a unha pregunta de Bildu —que lle dicía que eles, como comunidade que ten menos débeda que a media, como Galicia, non tiña por que soportar o sobreendebemento do resto das comunidades autónomas— dicía que xa os compensarían rebaixándolles as aportacións do cupo. ¿Ve como recoñecen que non se reparte por igual entre todos os españois a débeda? (*Aplausos.*) Por tanto, non minta. ¡Non minta! Non minta e non diga falsidades. Pode defender a



súa posición política, pode defender a Pedro Sánchez todo o que queira, pero non trate de enganar os galegos, porque os galegos non son parvos.

Queda claro que vostedes defenden este trato discriminatorio para Galicia e non lles importa nada. A súa prioridade é defender o señor Sánchez para que siga uns días máis alí sentado na Moncloa. Sempre elixen a Pedro Sánchez. Entre Galicia e Pedro Sánchez, sempre van elixir a Pedro Sánchez. Bueno, problema seu. Eu o que teño que facer é o meu traballo, a min páganme o salario para iso —a vostede tamén, pero non o está a facer— e para defender Galicia e os intereses dos galegos. Este acordo é prexudicial para Galicia, acabo de dicilo. Díxoo esta mesma mañá tamén o presidente e deixou ben clara a postura de Galicia fronte a esta proposta.

Non nos vale que nos diga que logo se vai revisar o sistema. Non nos vale por dous motivos. En primeiro lugar, porque a nosa prioridade, a prioridade de Galicia, é que se revise primeiramente o sistema de financiamento. Nós non temos que ser un segundo prato de ninguén e as nosas prioridades tamén deben poñerse na senda do presidente do Goberno, aínda que está ben claro que non están, como tamén hoxe pola mañá se puxo de manifesto. En segundo lugar, porque a palabra de Pedro Sánchez vale ben pouco, señora Iglesias. Por tanto, non nos vale que se nos diga «asina aquí, campión, que logo xa che revisaremos o sistema de financiamento». (*Risos.*) Iso non nos vale. (*Aplausos.*)

Remato xa, señora Iglesias. Póñanse do lado dos galegos, pídanlle ao Partido Socialista de España, a Pedro Sánchez e á señora ministra que retiren este despropósito de acordo e presenten unha proposta de revisión do sistema de financiamento autonómico. Mire, en vez dos 83.000 millóns de euros, con menos dunha cuarta parte do sistema de financiamento, asinan todas as comunidades autónomas. Podo asegurarllo. ¿Por que non o fai? Porque saben que isto non vale para nada. Polo tanto, é unha cuestión de prioridades: ¿primeiro Galicia ou primeiro Pedro Sánchez? Vostede decide. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Formúlanse agora de xeito acumulado dúas preguntas: unha de dona María Elena Espinosa, do Grupo Parlamentario Socialista e outra de dona María Encarnación Amigo Díaz, do Grupo Parlamentario Popular.

Pregunta de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que está disposta a adoptar a Xunta de Galicia orientadas a afrontar o incremento de casos de agresión ao persoal sanitario

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a adopción de medidas para mellorar a seguridade do persoal sanitario e dos usuarios do Servizo Galego de Saúde

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta a señora Amigo Díaz. (*Pausa.*) Déanlle voz ao escano da señora Amigo. (*Pausa.*) A ver se hai un botón aí... ¡Aí está!



A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Grazas, presidente.

Señor conselleiro, a pregunta que hoxe formulamos en pleno é de vital importancia para todos os galegos, e aos que exercemos a medicina aféctanos de maneira especial. Ser médico é unha vocación, un compromiso que require anos de esforzo e de formación. Cada día nas consultas enfrontámonos á enorme responsabilidade de escoitar, de explorar e de diagnosticar con precisión. Porque detrás de cada consulta hai unha persoa enferma, vulnerable, que confía en nós no momento máis fráxil: a enfermidade. E para sandar necesitamos exercer con tranquilidade, coa seguridade de que somos respectados. Non podemos aceptar a violencia en ningún caso —en ningún— e menos contra os que nos dedicamos na nosa vida a sandar. Protexer os médicos, protexer os sanitarios en xeral, é protexer a saúde de todos.

O Sergas conta cunha media diaria de máis de 45.000 profesionais que traballan no seu día a día por e para a sanidade pública galega, ofrecendo a quen o precisa, con profesionalidade e vocación de servizo, a mellor atención sanitaria, como reflicten as enquisas de satisfacción.

Con todo, a tensión inherente á atención médica pode derivar en situacións de conflito, como a recente agresión a un enfermeiro e a un garda de seguridade no CHUAC. Desde este grupo parlamentario, o Grupo Popular, defendemos e defenderemos sempre a necesidade de medidas firmes para minimizar estes incidentes e garantir a seguridade tanto de profesionais como de pacientes. E esta loita require unha resposta coordinada que inclúa sanidade, xustiza, emerxencias e forzas de seguridade. Os ataques aos sanitarios en Galicia non só prexudican os profesionais, senón que poñen en risco a calidade do sistema sanitario galego.

Por iso hoxe, señor conselleiro, dende o noso grupo parlamentario queremos preguntarlle: ¿que medidas ten previsto levar a cabo o Executivo autonómico para mellorar a seguridade do persoal sanitario e dos usuarios do Servizo Galego de Saúde?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pido desculpas, porque cometín un erro. Erro achacable a que, claro, como vostedes non nos din quen intervén, aquí aparéceme en branco e levoume... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, non pasa nada, levoume á confusión. Entón, caben dúas opcións: que rectifique na segunda e fale vostede primeiro e despois ela. Pero o erro é meu e pido desculpas.

Señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, as e os socialistas condenamos rotundamente calquera agresión que se produza a calquera persoa, e hoxe toca falar das agresións ao persoal sanitario. E facémolo



hoxe, que se conmemora o Día Europeo contra as Agresións aos Médicos e Profesionais Sanitarios.

Profesionais que veñen demandando da Xunta de Galicia desde hai anos a necesidade de adoptar medidas contra as agresións que veñen sufrindo, porque o número de agresións aumenta mentres a Xunta mira para outro lado. Estamos falando dunha agresión cada vinte días, e sabemos que hai unha infranotificación de incidentes violentos, especialmente cando se refiren a insultos e ameazas, que non se denuncian. O epicentro sitúase nas urxencias e todo apunta a que as agresións prodúcense maioritariamente polas deficiencias do sistema sanitario: listas de espera inasumibles, demoras na atención, déficit de médicos e enfermeiras e, en definitiva, pola saturación e colapso do noso sistema sanitario.

Vou intuír a súa resposta e adiantarme e dicirlle que as medidas que propuxeron non son suficientes; e cito algunha delas. O botón SOS non sempre pode activarse e non están hoxe todos os botóns instalados. Pero, ademais, deberían pensar en solucións máis prácticas e tecnoloxicamente máis avanzadas. Señor conselleiro, non aumentaron a seguridade privada, o que fixeron foi mover xente duns servizos a urxencias e só nalgunhas áreas sanitarias e durante unhas horas. A formación non se completou e o protocolo da Fiscalía vén do ano 2015, que non é novo. Falaráanos tamén da reforma da lei da saúde. Non nos negamos a calquera axuda, se está ben plantexada, pero intuímos que vai ser unha mera propaganda.

Señor conselleiro, sabe que o problema principal é a impotencia que senten os pacientes e os familiares polos déficits en atención sanitaria e que, efectivamente, dirixen cara aos traballadores, porque son aos que chegan, os que ven, aos que poden acceder e aos que moitas veces responsabilizan das deficiencias do sistema, cando en realidade son vítimas da nefasta e interesada xestión do Partido Popular en sanidade. Hai que atacar a orixe das agresións. Por iso lle preguntamos se está disposto a incrementar os efectivos de persoal para evitar demoras e así sumar esta axuda máis ás outras que ten pensadas a Xunta de Galicia e desta forma diminuír o máximo que poidamos as agresións ao persoal sanitario. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Camaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Moitas grazas, presidente.

Boa tarde.

Señorías, agradézolles que me brinden a oportunidade de falar nesta Cámara sobre as agresións ao persoal de Sanidade, porque, como ben se dixo aquí, hoxe celebramos o Día Europeo contra as Agresións a Médicos e Profesionais Sanitarios e resulta acaído condenar estes episodios de violencia verbal ou física e concienciar toda a cidadanía sobre a necesidade de respectar e coidar a quen coida todos os días da nosa saúde. De maneira que, de entrada, a todos os traballadores da sanidade pública galega quero trasladar a máxima admiración e respecto polo labor que realizan.



A propia Organización Internacional do Traballo e a Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo recoñecen que os profesionais da sanidade están especialmente expostos a sufrir agresións e situacións de violencia. Isto vén motivado pola natureza en si da atención sanitaria, debido á exposición de cara ao público e a que en determinados momentos do servizo poidan darse circunstancialmente situacións de elevada tensión e estrés. En todo caso, nin isto nin nada xustifica ningún tipo de violencia, nin verbal nin física; e, por suposto, é intolerable, incomprendible e inadmisíbel que os profesionais da sanidade pública teñan que sufrir este tipo de situacións. (*Aplausos.*) Polo que o primeiro que cómpre é condenar publicamente, sen ningún tipo de titubeo, todos os casos de violencia sufridos polos profesionais sanitarios.

Os últimos acontecementos e feitos acaecidos fannos ir máis aló: avaliar a fondo a situación e establecer unha serie de medidas de maior envergadura que permitan paliar estas situacións e incrementar a protección aos profesionais. Neste sentido, no Consello da Xunta da semana pasada avaliamos un informe con todas as novas medidas que queremos pór en marcha nesta materia. Revisaremos todos os protocolos fronte á violencia externa no Servizo Galego de Saúde; farémolo contando con distintos axentes implicados, colexios e organizacións profesionais, xestores sanitarios, persoal do 061, persoal de emerxencias, forzas e corpos de seguridade..., para o que estamos xa coas reunións dos grupos de traballo que creamos para tal efecto.

Tamén estenderemos a novos espazos a plataforma Acode, o botón de alerta instalado actualmente en 15.700 equipos informáticos. Imos amplialos a outros dispositivos como os móbiles e a outras áreas como as urxencias. Imos axilizar a tramitación das denuncias e a comparecencia da Administración autonómica nas causas xudiciais derivadas das agresións. Implantaremos as medidas acordadas coa Fiscalía Superior de Galicia no encontro mantido hai unhas semanas, aproveitando a experiencia de traballo previa. Do mesmo xeito, nesa reunión tamén acordamos avaliar en profundidade o convenio entre Fiscalía e o Servizo Galego de Saúde en materia de violencia no ámbito sanitario, para reforzalo de forma que, ante a existencia dunha agresión, o Ministerio Fiscal actúe de oficio.

Comentaremos tamén os cursos sobre situacións de emerxencias provocadas por persoas usuarias con condutas violentas e afrontamento de condutas desafiantes para o manexo destas situacións. Tamén temos en marcha unha campaña de concienciación entre a cidadanía; algo esencial, porque esa situación require unha acción conxunta entre administracións, institucións e sociedade en xeral.

Pero, sen lugar a dúbidas a medida de maior calado que estamos a impulsar é a reforma da Lei de saúde de Galicia, para introducir medidas lexislativas que dean maior protección e garantías aos nosos profesionais. Nesta modificación buscamos introducir no apartado relativo respecto ao persoal, que xa existe, o de respecto á súa dignidade e integridade persoal e profesional. Do mesmo xeito, establécense as infraccións correspondentes. Dar un tratamento específico e distinto ás agresións das demais actitudes, como é a resistencia, a coacción ou o desacato, que se individualicen, tipifiquen e sancionen de maneira singularizada de acordo á súa gravidade. Establecerase o deber das xerencias das áreas sanitarias de comunicar de oficio todos os casos de agresión dos que teñan coñecemento á Fiscalía Superior



de Galicia para o exercicio da acción penal, con independencia de que exista ou non denuncia da persoa agredida. Ademais, a Asesoría Xurídica da Xunta personarse nos procedementos penais por delitos de atentado ao persoal do Servizo Público de saúde. Para tal fin, xa comezamos a traballar no incremento do persoal da Asesoría Xurídica da Consellería que se está a negociar cos sindicatos para a súa inclusión na RPT. Con este plan de medidas, señorías, dende a Xunta buscamos elevar ao máximo nivel a protección do persoal da sanidade pública.

Señora Espinosa, en relación ao que vostedes plantexan, teño que insistir que considero que parte dunha análise perversa; non sei se por equivocación ou por intentar desviar do asunto fundamental desta cuestión. Tentar ligar a demora como orixe das agresións e empregar ese argumento como xustificación demostra pouca sensatez. Que vostede diga nesta Cámara que a motivación das agresións vén das listas de espera ou da situación da sanidade demostra un fondo descoñecemento, ademais de ser unha absoluta irresponsabilidade.

Señora Espinosa, a seguridade do persoal sanitario debe ser prioritaria, e non se pode tolerar ningún tipo de agresións nin físicas nin verbais; nin xustificar esas actitudes en ningunha situación. Señora Espinosa, nunha cuestión de suma importancia como é a seguridade e o benestar do persoal sanitario non caben medias tintas. Non se pode falar por falar. Pídlle máis respecto á hora de facer certas afirmacións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Señor conselleiro, sei que é un tema complexo, pero eu tamén me preocupo por ir ao fondo da cuestión e hai moitos estudos que din que a primeira causa é a ansiedade, a desesperación e a frustración da xente (*Aplausos.*) pola gravidade da situación sanitaria, pola demora a unha resposta ou por non ter xente que poida facer unha contención cando chega alguén cunha actitude violenta por trastornos ou por defectos de intoxicacións.

Os plans actuais non nos negamos a que os poña en marcha, pero digo que, se non fan o que lle propomos dende o Grupo Socialista, serán soamente parches. Porque o sistema, para protexer os profesionais, debe adecuar as necesidades de persoal ás novas demandas sanitarias. Porque vostedes falan moito dos sanitarios, pero non os escoitan. Porque non está nas mans do persoal sanitario a solución. Os sanitarios non son responsables das listas de espera, non son responsables da falta de recursos; non son responsables, son sufridores. E unha agresión para calquera profesional supón unha frustración, unha preocupación, porque pode afectar a forma de desenvolver a actividade; porque pensa que o fixo mal, cando realmente a situación nada ten que ver coa súa profesionalidade, senón coa ansiedade que sofre o enfermo ou enferma ou os familiares porque as súas expectativas non se ven cumpridas.

Porque non hai nada que xustifique, efectivamente, en ningunha ocasión nin en ningún ámbito laboral, unha agresión, e loxicamente tampouco se xustifica con quen coida da nosa



saúde. E os socialistas defendemos tolerancia cero fronte á violencia, sexa verbal ou física. O mínimo que esperamos da Xunta de Galicia é que se poña a carón dos profesionais e que os axude con recursos e con protocolos efectivos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, señor conselleiro, pola súa resposta, que pon de manifesto unha vez máis que a Consellería que vostede dirixe con acerto está a carón de todos os galegos e dos sanitarios en particular.

Destacaba antes que a medicina é unha profesión de gran responsabilidade, vocación e esforzo. Para practicala con seguridade e proporcionar coidados de calidade os sanitarios necesitamos un ambiente tranquilo e respectuoso. A meirande parte do persoal sanitario estamos de cara aos cidadáns prestando a mellor das atencións e coidado aos pacientes; pero, para prestar esta atención que precisan os usuarios da sanidade, precisamos estar protexidos. E a violencia, como vostede dixo, nin física nin verbal se pode aceptar en ningún caso. Os ataques aos sanitarios son intolerables. É urxente garantir a seguridade.

Somos conscientes, porque hai moitas situacións nas que a atención sanitaria pode implicar situacións de alta tensión, de estrés, desde o coidado de pacientes críticos ata a xestión de emocións con familiares cando un dá unha noticia que non é precisamente agradable. Pero isto nunca pode xustificar de ningunha maneira unha agresión. Por iso é fundamental un marco legal sólido que garanta a protección dos profesionais. Sen seguridade, señorías, non hai saúde, e a reforma da Lei de saúde que vostede acaba de anunciar virá dar unha maior protección que é moi necesaria.

Nesta segunda quenda, señor conselleiro nós desde o noso grupo queremos saber se estas medidas que vostedes acaban de implementar veñen precedidas dalgunha que xa estaba vixente anteriormente e tamén se nos pode dar datos certos sobre as agresións sufridas no Sergas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, señora Amigo.

A violencia sobre o persoal do sistema público de saúde deu lugar a que nos últimos anos se deseñasen protocolos e se implementasen distintas medidas para atallar estas situacións. As medidas que lle comentei na miña primeira intervención, que imos implementar e reforzar, veñen engadirse ás postas en marcha no pasado. Entre estas destacan: un plan específico de prevención da violencia externa no ano 2015, o observatorio sobre a violencia do



contorno laboral, a instalación nos centros de saúde dun dispositivo de seguridade nos equipos informáticos de todas as consultas e en todas as categorías profesionais, a plataforma Acode, que imos estender, un procedemento específico de prevención de riscos laborais en casos de violencia externa e a colaboración estreita cos corpos e forzas de seguridade do Estado no caso de que se solicite asistencia e en calquera centro de saúde ou PAC. Isto representa parte do traballo realizado; traballo que agora se vai ver reforzado con novos protocolos, medidas disuasorias, reforzos e apoio legal.

Estas medidas, que xa estaban establecidas, resultaron ser de grande utilidade se atendemos aos datos publicados pola Organización Médica Colexial. Galicia está entre as tres comunidades con menos agresións rexistradas no pasado ano. Se prefiren os datos do Ministerio, os datos publicados en 2023 demostran como en Galicia as agresións a sanitarios foron moi inferiores á media estatal, concretamente un sesenta por cento inferior; mentres que a media no conxunto do sistema nacional de saúde é de 24 agresións por cada mil profesionais, os datos en Galicia nos últimos anos oscilaron en torno ás dez agresións por cada mil profesionais. Estes datos demostran que tomar medidas, dotar de ferramentas legais a administración e protexer o persoal ten bos resultados.

Señora Espinosa, pór o grito no ceo e reclamar medidas cando un caso salta aos medios demostra que só lles interesan as agresións aos profesionais cando acadan relevancia e cando consideran que poden sacar rendibilidade política. Sinto dicirlle que a Xunta leva moitos anos traballando a diario para reducir este problema e que non todos os casos son iguais. Traballamos proponendo medidas, escoitando os profesionais implicados e estudando cada caso acontecido para tratar de aplicar as decisións correctas, que nos permiten garantir a seguridade dos nosos traballadores. Vir aquí e suxerir que o problema é orixinado pola situación da sanidade e propoñer como solución máxica contratar máis médicos deixa moito que desexar de vostedes. Máis, porque non parece entender que o problema dos médicos non é meu; é do Goberno central. As súas propostas demostran un profundo descoñecemento da realidade dos sistemas sanitarios, non só do galego, senón tamén de todo o Estado. Non sei como explicarlle que hai un problema en toda España de escaseza de médicos; paro cero en moitas especialidades, sobre todo en atención primaria. Se de verdade cre que esa é a solución, fale co seu partido e pídalle ao señor Sánchez que actúe desde o Ministerio de Sanidade.

Señora Espinosa, quero pensar que os dous estamos de acordo en que debemos facer dúas cousas: en primeiro lugar, censurar e condenar toda agresión; e, en segundo, mellorar e fortalecer os mecanismos de prevención, a atención e apoio aos profesionais do Servizo Galego de Saúde para evitar as agresións e, no caso de que se dean, facilitarlles todos os recursos dispoñibles para a súa atención e a súa defensa. Neste Día Europeo contra as Agresións a Profesionais Sanitarios, pídolles unidade de acción para acabar con situacións de violencia fronte aos que coidan da nosa saúde. E pídolles isto porque hai unhas semanas o seu partido rexeitou no Congreso dos Deputados unha proposición de lei relativa á violencia no ámbito sanitario, por proposta do Partido Popular. Era unha iniciativa na que se pedía maior protección para o persoal do sistema sanitario público de saúde. E ¿que votou o PSOE e o BNG? En contra de defender os profesionais sanitarios.



Eu so lles pido unha cousa: deixen de lado os intereses partidistas e, cando a modificación da lei de saúde que propoñemos chegue a esta Cámara, fagan achegas construtivas que nos permitan mellorar entre todos o texto de cara a establecer medidas efectivas, realistas e viables para protexer os profesionais do sistema galego de saúde. Agardo que non repitan ese «non» en contra da protección dos profesionais sanitarios que PSOE e BNG emitiron en Madrid.

Estou seguro de que todos buscamos o mellor para os nosos profesionais, e no apoio a estas medidas porase de manifesto a vontade política de cada un de nós.

Moitas grazas pola vosa atención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Pablo Ríos Santomé e D^a María Monserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a dotación do novo centro de saúde de Moaña do servizo de urxencias sanitarias e doutros servizos incluídos no convenio asinado entrambas as administracións, autonómica e local

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra don Pablo Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Boa tarde.

Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Permítame que nesta primeira quenda saúde a veciñanza de Moaña, os veciños e veciñas que están aquí hoxe con nós, case cincuenta persoas que se desprazaron hoxe ata o Parlamento e están na sala Domingo Fontán. Convídoos a que despois, cando remate aquí a súa quenda, poida vir falar con eles e elas, que seguro que llo agradecen.

Porque esta semana cúmprense cinco anos dende que o Concello de Moaña quedou sen o seu servizo de urxencias. Nun primeiro momento, como todo o mundo sabe, a escusa foi a covid. A xente entendía que así podía ser; a xente entendeuno e así o fixo saber. E cinco anos despois a xente de Moaña, a veciñanza e Moaña non ten un servizo de urxencias aceptable; nin non aceptable, directamente non o ten na súa localidade.

E vostedes, lonxe de poñer solucións enriba da mesa, o que buscaron foron responsables e culpables sempre, sempre, fóra da súa propia administración. En primeiro lugar, loxicamente era a covid; en segundo lugar, era que os profesionais non querían volver ao seu posto de traballo no PAC de Moaña. Chegaron mesmo a criminalizar a quen se leva manifestando 175 semanas continuas de mobilización heroica, de loita heroica polos dereitos sanitarios da súa vila, a veciñanza de Moaña, nesta loita. Chegou tamén a criminalizar e botarlle a culpa ao propio Concello de Moaña por non ter esas urxencias.

No día de hoxe a veciñanza está máis que farta. A veciñanza xa non entende, por moitas escusas que vostedes poñan, por que seguen sen urxencias no día de hoxe. Non hai xustifica-



ción posible para que no día de hoxe a Casa do Mar de Moaña non teña as súas urxencias, como as veu tendo antes da covid.

Señor conselleiro, non é só a cuestión das urxencias, sabe vostede que en Moaña houbo e hai outras deficiencias, como en moitos outros sitios do país. Hoxe en día, consultando hai dez minutos a próxima cita, a cita máis próxima para medicina de familia está en sete días hoxe. Non foi dos días peores, nin moitísimo menos, que temos falado de 10, 12 e ata 15 días de agarda para poder recibir unha consulta na atención primaria. A veciñanza de Moaña non entende tamén por que a Xunta de Galicia, por que o Partido Popular a castiga deste xeito e a fai vivir nun pesadelo constante. Son cinco anos de batalla, de loita e de moitísimos inconvenientes e moitísima tortura por non ter as urxencias na nosa vila.

Hoxe vostede ten unha oportunidade aquí, ten unha oportunidade de cesar o castigo, de que este pesadelo remate dunha vez e de comprometerse hoxe aquí a que van garantir o servizo de urxencias ao PAC de Moaña no novo centro de saúde; sen medias tintas, sen ningunha outra cuestión. O convenio que asinou a Xunta co Concello de Moaña para a cesión dos terreos para o novo centro de saúde tiña uns servizos moi claros postos por escrito. Hoxe preguntámoslle, conselleiro: ¿vai vostede garantir todos e cada un dos servizos ao Concello de Moaña? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señoría, antes de nada permítanme unha aclaración, que non é menor: a atención sanitaria de urxencias dos veciños de Moaña está plenamente garantida, tanto agora como no futuro. Iso é unha realidade incuestionable. Ningunha urxencia de Moaña queda sen atender.

Dito isto, permítanme que difira completamente do que vostede acaba de relatar. A implicación da Xunta coa sanidade pública de Moaña e a mellora da asistencia sanitaria da comarca do Morrazo queda acreditada con feitos e con investimentos. Feitos e investimento, señoría, como as obras que estamos a acometer no consultorio de Domaio: 400.000 euros da Xunta. Feitos e investimentos, señoría, como a construción do novo centro de saúde de Moaña: 8,3 millóns de euros da Xunta; un novo centro que triplicará a superficie actual, pasando de mil a cerca de tres mil metros cadrados e cuxas obras rematarán en maio para, a partir de aí, organizar o traslado de cara á súa posta en servizo tras o verán. De feito, os investimentos demóstranse cunha nova ambulancia de soporte vital avanzado de enfermaría con base en Moaña, que se vén sumar á ambulancia de soporte vital básico que xa viña operando e coa que reforzamos a capacidade asistencial da sanidade pública de urxencia e emerxencias en Moaña.

Pero non só iso, señoría, senón que no Goberno galego temos o compromiso de impulsar o equipamento sanitario de vangarda na comarca do Morrazo. Trátase da construción dun centro integral de saúde que centralizará a atención primaria e a hospitalaria nun espazo



moderno e accesible. Lamentablemente, este proxecto está bloqueado, á espera de que o Concello de Cangas poña á disposición os terreos para a súa execución. Se vostedes queren contribuír realmente á mellora da sanidade pública do Morrazo, o que lles pido é que traballen da man da Xunta pedíndolle ao Concello de Cangas que axilice a cesión dos terreos para que poidamos traballar nese CIS do Morrazo. Pídanlle ao Concello de Cangas que non obstaculice esa infraestrutura sanitaria de vangarda, agora que a Xunta deu o visto bo á modificación urbanística da rúa; que o Concello ceda o terreo para comezar a traballar e que os veciños poidan dispoñer deste novo centro canto antes.

Fronte ás súas acusacións, señoría, nós poñemos enriba da mesa compromiso, traballo e investimentos para garantir a mellor asistencia sanitaria aos veciños do Morrazo. Temos o compromiso de impulsar ese centro integral de saúde da comarca do Morrazo, ao igual que temos o compromiso —e quero reiteralo hoxe nesta Cámara— de avaliar as urxencias sanitarias en Moaña cando se poña en servizo o novo centro de saúde de Sisalde, tal e como acordamos coa alcaldesa, sempre tendo en conta a opinión dos facultativos e sempre atendendo á premisa de garantir a mellor asistencia sanitaria aos veciños.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, vostede seguramente non vai vir falar cos veciños e coas veciñas, porque o que lles está dicindo é que non van ter urxencias en Moaña. Iso é o que hoxe lle está dicindo vostede a toda a veciñanza, á que está aquí e á que está seguindo este pleno dende a súa casa: que non as vai ter. (*Aplausos.*)

Porque, señor conselleiro, o convenio asinado entre o Concello de Moaña e a Xunta de Galiza di exactamente —e hai un informe da Secretaría do Concello de Moaña que así o acredita— que o Concello de Moaña non pode —non podía, naquel momento— ceder ningún espazo público que supuxese perda de servizos. Naquela altura, o Concello de Moaña... Que Moaña non ten un centro de saúde, non se equivoque, ten unha casa do mar. A débeda histórica da Xunta con Moaña, co centro de saúde, veremos se se acaba de saldar este ano; verémolo. Van vinte anos de atraso, señor conselleiro. Nese convenio asinábase que o Concello de Moaña non ía ter co novo centro de saúde nin un servizo menos dos que tiña naquela altura. Naquela altura tiña o seu PAC funcionando, tiña as súas urxencias funcionando. E hoxe vostede di que en todo caso «haberá que avalialo». Vostedes non teñen ningún tipo de palabra nin se pode confiar absolutamente nada en vostedes. ¿Como que «avaliar»? Vostedes o que teñen que poñer no novo centro de saúde é o Servizo de Urxencias, o PAC que a Moaña lle corresponde, que tiña antes da covid e que é o que teñen asinado co Concello de Moaña. (*Aplausos.*) Iso é o que teñen que facer, iso é o que vostede ten que vir dicir aquí; falar coa veciñanza de Moaña e dicirlle: «unha vez que abra a porta o novo centro de saúde en maio teredes asistencia de urxencias no Concello de Moaña as 24 horas do día». Iso é o que vos-



tede ten que vir dicir aquí; non inventar que imos ter as urxencias, polo que vostede di, cando o CIS estea construído. Iso é ciencia ficción, señor conselleiro. A xente necesita urxencias hoxe, non dentro de cinco ou dez anos ou dos que sexan que estea construído unha imposible estrutura comarcal. Hoxe a xente de Moaña ten que ir a urxencias, a xente de Moaña quere urxencias xa e na súa vila. Garántaas ou asuma as consecuencias, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Señoría, non vou permitirles a vostedes que falen de inacción, cando estamos a facer un esforzo sen precedentes para mellorar a atención sanitaria dos veciños da comarca do Morrazo. Investimos case 9 millóns de euros na mellora do consultorio, o novo centro de saúde de Moaña. Estamos comprometidos coa construción do centro integral de saúde do Morrazo.

O vindeiro 1 de abril comezará a prestar servizo a nova ambulancia de soporte vital avanzado de enfermaría con base en Moaña, como tiñamos comprometido. Esta ambulancia non só se virá sumar ao soporte vital básico que xa vén operando en Moaña, senón que se verá complementada cun reforzo de enfermaría especializada na valoración de urxencias. Isto a vostedes pode sóalles a chinés, pero desde o punto de vista asistencial podó asegurarlles que este novo reforzo de enfermería con capacidade resolutiva no centro de saúde de Moaña permitirá evitar desprazamentos innecesarios ao hospital. Ese reforzo de enfermería e a nova ambulancia de soporte vital avanzado de enfermaría permitirán solucionar moitas das asistencias de urxencias que se producen no municipio, garantindo unha correcta continuidade de asistencia entre os diferentes niveis asistenciais, con beneficios para os pacientes e con beneficios para os propios profesionais sanitarios.

E, de igual xeito, señoría, fieis á palabra dada, cando se poña en servizo o novo centro de saúde de Moaña avaliaremos a posibilidade das urxencias. Como antes lle dicía: as obras do novo centro de saúde de Sisalde rematarán no mes de maio. A partir de aí, comezaremos co equipamento e a organizar o traslado, que faremos tras o verán por motivos asistenciais claros. Nunca se realiza un traslado na época estival, porque é máis complexo desde o punto de vista asistencial.

En todo caso, agardamos que o novo centro de saúde estea en funcionamento tras o verán, e será entón cando faremos esa análise de necesidades e dispoñibilidade de persoal para avaliar a posibilidade de dispoñer as urxencias en Moaña.

Iso si, dixémolo sempre e reitéroo agora: non debemos confundir accesibilidade con calidade na prestación da asistencia sanitaria. Se temos que elixir entre unha das dúas, o noso deber é sempre garantir a mellor calidade na atención sanitaria. Por iso, insisto en que cando se poña en marcha o novo centro de saúde faremos esa avaliación en relación ás urxencias, sempre primando a garantía de mellorar a atención sanitaria aos veciños e respectando a opinión dos profesionais. Ese é o noso compromiso de antes e ese é o noso compromiso de agora.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Acaban de entrar no hemiciclo —estanse sentando aínda— os alumnos de primeiro da ESO do Colexio de María Auxiliadora Salesianos de Ourense, a quen saúdo. Benvidos ao Parlamento, e tamén ao profesor.

Pregunta de D^a Carmen María Pomar Tojo e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións que leva a cabo a Xunta de Galicia co fin de elaborar o plan de usos do Teatro Cine Fraga, de Vigo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidente.

O compromiso do Goberno galego coa preservación da riqueza cultural de Galicia é patente, e proba diso foi o compromiso do presidente Alfonso Rueda, antes das eleccións do 18 de febreiro, de incorporar o teatro Cine Fraga nesa cidade.

O obxectivo da reapertura deste edificio histórico é ser un referente cultural na cidade olívica, como motor dinamizador dun proxecto de grande envergadura e que tamén teña continuidade no tempo. Un edificio con amplas posibilidades que se pretende recuperar e adaptar para a súa futura apertura ao público, despois de case vinte e catro anos pechado e despois de ser un referente para a cidade tras a súa apertura no ano 1948, que foi o ano no que se inaugurou. Foi o 28 de xuño de 2001 cando o Cine Fraga pechou as súas portas da man de películas como *Tomb Raider* ou *O Regreso da Momia*, encargadas de clausurar esa espléndida etapa do cine en Vigo.

En xuño do 2001 Caixa Galicia adquiriu o inmovible co fin de establecer en Vigo unha sede permanente onde desenvolver actividades de carácter sociocultural. No ano 2005 aprobouse un proxecto de reforma da man do prestixioso arquitecto pontevedrés César Portela, e o que ocorreu foi que esas obras de rehabilitación non chegaron a rematarse.

Tómase como punto de partida, efectivamente, ese proxecto existente para o Teatro Cine Fraga no momento en que a Xunta e a Deputación se fan coa propiedade do inmovible e, tras revisar o seu estado arquitectónico —que tras a paralización das obras no ano 2011 parece que ten un estado de conservación bastante razoable— e despois de revisar como está agora mesmo esa adaptación e tamén de asegurar a seguridade física e a funcionalidade, pois parece que ese proxecto pode servir como base para atar as obras e que o proxecto ao que se poida facer respecte ese proxecto orixinal que xa estaba iniciado. En consecuencia, a programación vai adaptarse a esta configuración arquitectónica e espacial.

Unha vez que a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra anunciaron esta compra, o seguinte paso para a súa posta en valor foi determinar os seus posibles usos, a través dun proceso participativo aberto realmente exemplar, neste caso co sector cultural e coa cida-



danía en xeral, para recoller as demandas e crear un espazo que fortaleza o compromiso cultural coa cidade. Baixo a denominación de «O mellor espazo busca o mellor contido», ese proceso participativo desenvolveuse nos últimos meses e o seu resultado presentouse no Consello da Xunta esta mesma semana e onte mesmo en Vigo, para dar conta e coñecer as propostas que a sociedade, neste caso a de Vigo e galega en xeral, fixo ao longo deste tempo.

É por iso que os deputados do Grupo Popular lle preguntamos, señor conselleiro: ¿que accións desenvolveu o Goberno galego para elaborar ese plan de usos do Teatro Cine Fraga de Vigo?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías. Boa tarde tamén aos alumnos que hoxe nos acompañan nesta sesión de control ao Goberno.

Como ben apuntaba don Julio, a Xunta ten un firme compromiso adquirido coa cidade de Vigo, e así o demostrou en moitos dos proxectos que leva posto en marcha nos últimos anos: o Hospital Álvaro Cunqueiro, o centro de saúde que está próximo ao seu remate, por ese compromiso coa sanidade pública, como é o centro Olimpia Valencia, a Cidade da Xustiza, que tamén desde logo é unha das grandes infraestruturas feitas nestes últimos anos en Vigo ou mesmo a promoción de vivenda pública ou outro exemplo, como as obras que se están acometendo na ETEA.

Ademais de todos estes proxectos que ten en marcha o Goberno galego —como o firme compromiso con Vigo e a súa cidade e a súa cidadanía—, hai un ano, despois do proceso electoral das eleccións autonómicas —que, como ben saben, avalaron o proxecto político do presidente Rueda por ampla maioría—, ese compromiso recollía tamén unha folla de ruta con novos compromisos para a cidade. Como pode ser o centro do asociacionismo que a Xunta de Galicia quere poñer en marcha na cidade e que desgraciadamente temos paralizado por esa falta de colaboración por parte do Concello de Vigo. Un investimento non menor, de máis de 19 millóns de euros, que ía supoñer a incorporación de 134 novos espazos para as asociacións viguesas e un auditorio para máis de catrocentas persoas. Imaxinen vostedes calquera outra cidade, de feito algunhas cidades xa o teñen manifestado, se rexeitarían dalgunha maneira un proxecto destas características.

Pois á par, simultaneamente e de forma complementaria a este proxecto, o Goberno da Xunta de Galicia está poñendo en marcha esta gran obra do Teatro Cine Fraga. Este proxecto que onte demos a coñecer á cidadanía, á sociedade viguesa, contempla un plan de usos con novos



espazos e con novos usos culturais e foi un proceso completamente aberto á cidadanía, como ben apuntaba vostede. É un proceso participativo, no que recibimos máis de trescentas propostas diferentes —por parte, sobre todo, de colectivos e entidades vinculadas cos usos culturais— e se fixeron máis dunha ducia de reunións presenciais para escoitar de primeira man a opinión do sector cultural vigués.

Creo que é importante agradecer ese proceso participativo exemplar, creo que Vigo respondeu de forma clara e contundente a este proxecto. Esperamos e desexamos que ese plan de usos que onte se presentou, que foi ao Consello da Xunta a pasada semana, cumpra coas expectativas dunha infraestrutura altamente demandada e, desde logo, que vén recuperar un espazo icónico, un espazo simbólico, unha infraestrutura fundamental e necesaria para a cultura viguesa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, conselleiro.

Ben, falando de cultura, e cultura en Vigo, o pasado domingo podíamos ler en *La Voz de Galicia* este artigo onde se recollía o seguinte titular: «*Vigo casi ausente en los eventos más destacados de la cultura gallega. Un informe destaca los artistas locales, pero también la falta de espectáculos*». O Consello da Cultura Galega emitiu, precisamente a semana pasada, o informe que recolle os eventos e as accións máis destacadas da cultura galega durante o ano 2024. É un documento que se contempla cos resultados dunha enquisa, neste caso a xestores e profesionais das entidades culturais de Galicia. O resultado, efectivamente, é que Vigo está practicamente ausente. A cidade destaca polos seus artistas, efectivamente, pero non polos seus eventos e dende logo non pola súa programación cultural. Para encontrar algunha iniciativa organizada na cidade hai que baixar ata o número 40 da relación que recolle o Consello da Cultura Galega e ademais é a única representación viguesa que hai na lista.

Os xestores culturais si colocan artistas vigueses e eventos da área metropolitana no máis alto desa lista. O listado en axuda á cultura volve deixar a estratexia cultural de Vigo nun lugar malo, despois de que a principios deste mesmo ano a Fundación Contemporánea sinalara a cidade por debaixo da Coruña —neste caso no posto número once— ou Santiago —no posto número catorce—. Por certo, toda a comunidade autónoma galega figura nese listado no lugar número seis. Ese listado valora a calidade e a innovación de oferta cultural das cidades españolas e, ademais das grandes cidades, que por suposto superan a Vigo, por diante dela sitúanse urbes máis pequenas en número de habitantes, como Avilés, Mérida, Cuenca ou Cáceres. Este informe tamén recolle a actividade das comunidades autónomas e, no que corresponde a Galicia, entre as dezaioito que figuran no listado, dende logo non aparece Vigo por ningún lado; aínda que si, por certo, a súa área metropolitana: aparecen o Festival de Cans ou o Festival Sinsal nese listado.



Neste contexto a pregunta é, señor conselleiro: ¿como valora os últimos datos coñecidos sobre a calidade da programación cultural en Vigo?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señor presidente.

Señor Julio García Comesaña, vostede apunta perfectamente cal é, desde logo, a situación. Fai unha análise da situación actual no ámbito cultural en Vigo. Un, que vai habitualmente a esa gran cidade, a cidade máis poboada de Galicia, percibe e ve como hai unha gran preocupación por parte do sector cultural pola perda de prestixio e a evidente perda de programación cultural que ten esta cidade. E non o di este Goberno, non o di este conselleiro ou non o di o voceiro, neste caso, do Grupo Parlamentario Popular; dío a sociedade, dío a cidadanía e corrobóranos, desde logo, informes e estudos como o que acaba de nomear vostede. Nomeou vostede dous deles. Poderían ser máis, pero os últimos e máis recentes son o informe da prestixiosa Fundación Contemporánea e o informe do nada sospeitoso —entendo, polo que escoito por detrás— Consello da Cultura Galega. Creo que tampouco será nada sospeitoso de poder facer informes en relación a aspectos culturais, ao tratarse, por suposto, do Consello da Cultura especificamente. Estes informes destacan claramente e evidencian de forma clara un enorme retroceso na calidade da programación cultural da cidade. O *ranking* das cidades españolas en calidade cultural 2024, como ben apuntaba vostede, elaborado por ese observatorio da Fundación Contemporánea, constata que Vigo descende; é a única cidade, pero a cidade que máis descende, do posto 26 ao posto 41. O último posto desa listaxe, por debaixo de moitísimas cidades galegas e españolas de menor relevancia. E o Consello da Cultura Galega vén falar tamén desa ausencia absoluta nos grandes eventos destacados no ámbito cultural no ano 2024.

Ante esta situación, creo que o Goberno galego acerta de pleno se seguimos centrando os esforzos en que Vigo volva ser esa gran cidade referente no eido cultural, deixando atrás esta época de inexistente política cultural e materializando un proxecto, o Teatro Cine Fraga, que vén ocupar ese espazo perdido dentro do liderado cultural da cidade de Vigo.

Ademais disto, ademais de posicionar a Vigo como un gran espazo, preténdese recuperar tamén unha obra que está no imaxinario colectivo de todos os vigueses e viguesas; que forma parte do ADN de todos os vigueses e as viguesas. E ímolo facer cun novo espazo que vai contar cun uso escénico, como uso principal na sala de teatro, de concertos ou de proxeccións audiovisuais, un uso expositivo de creación literaria, un uso administrativo e un uso museístico, para encamiñar este proxecto a conseguir recuperar esa conexión e ese diálogo entre a cidadanía viguesa e a nosa cultura.



Ese é o noso compromiso firme con Vigo: a sensibilidade pola recuperación deste patrimonio histórico, a aposta pola cultura e, por último e non menos relevante, cumprir coa palabra dada, que eu creo que é unha cuestión transcendente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o procedemento seguido pola Xunta de Galicia nas axudas ás explotacións afectadas pola enfermidade hemorráxica epizoótica

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Ariadna Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidente.

Señorías.

Hai case setecentas notas de prensa na páxina da Consellería de Medio Rural dende que se detectou o primeiro caso de EHE en Riós no 2024 ata hoxe. ¿Saben cantas fotos da conselleira hai cos gandeiros e gandeiras afectadas nesas setecentas notas de prensa? ¿Cantas hai? ¡Pois cantas cámaras se levaron ás explotacións afectadas naquel momento, no momento da crise sanitaria que estabamos vivindo! Pois si, efectivamente: cero. Cero fotos coa conselleira nas explotacións afectadas.

¿Onde estaba vostede, señora conselleira, onde andaba daquela? Porque no 2023 xa nos quedou claro que non estaban preparados para gobernar e ter unha opción solvente para o rural galego. No 2024 volveunos quedar claro, coa radiografía do seu comportamento, que agora vostede e a súa consellería tampouco teñen unha opción solvente para o sector gandeiro galego.

Morreron máis de oitocentos animais, houbo máis de cinco mil trescentos casos diagnosticados como positivos e, mentres, vostedes non eran capaces de entender que indemnizar con 400 euros un animal morto era unha burla. Non foron capaces de entender que a desgraza que tiñamos no sector ía moito máis alá das baixas dos animais. E aínda hoxe non foron capaces de actuar coa responsabilidade que se lle supuña a un goberno.

Pero, no seu feudo da propaganda, o que si entenderon e rápido, despois de que o BNG trouxese aquí a problemática da EHE, era que necesitaban un lavado de cara urxente diante do sector e diante dos gandeiros e das gandeiras. E, fíxese, en tres horas dende a nosa intervención, nesa mesma tarde, sacaron unha nova liña de axudas para indemnizar as explotacións coas perdas millonarias que sufriran por parte da EHE. Entón hai dúas opcións, señora conselleira: unha é a que non se enteren do que pasa no país no que gobernan e a outra — non menos mala — é que non lles importe solucionar os problemas dos gandeiros e gandeiras do país que gobernan. Entón, escolla cal escolla, sempre vai ser mala, pero tamén é mala a súa xestión da EHE.



¿Non é que lle quere tanto vostede ao sector gandeiro galego? Pois mire, doulle un consello así de aldea: quéiralle menos e quéiralle mellor. *(Aplausos.)* Porque, díganos, señora conselleira... *(Interrupción.)*

O señor PRESIDENTE: Perdón, pensei que rematara, como houbo esa interrupción... Contínúe.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Non. Daquela díganos, señora conselleira: ¿por que non se nos dixo en ningún momento que o número de casos diagnosticados de EHE ía ser un criterio para calcular a contía das axudas? Díganos. ¿Íanse indemnizar as explotacións afectadas tivesen o número de positivos que tivesen ou íase ter en conta o número de animais diagnosticados por parte da Consellería? Eu dígolle que non nolo dixeron así claramente porque formaría un lío de tal calibre nas oficinas agrarias, peor do que xa se formou, que non foi pouco. Entón, como non tiñan medios humanos para facer as probas, calaron; calaron, ocultaron esa información adrede e nós ¿que fixemos? Pois aguantar.

Entón, máis da metade das explotacións galegas teñen diagnosticado un só positivo; explotacións con 100 animais, 200, 300... É curioso. Eu creo que os gandeiros, señora conselleira, non a entenderon mal; é que vostedes explicárono mal. *(Aplausos.)* ¡Vostedes explicárono mal! Entón, xeraron unha falsa... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grazas. Ten outro turno.

Resposta da conselleira do Medio Rural, María José Gómez Rodríguez.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Dende o momento en que se declarou a EHE, desde esta Consellería actuouse con total transparencia, poñendo ao dispor profesionais, información e, finalmente, recursos económicos. Guiámonos por criterios obxectivos e non arbitrariamente; dun xeito ordenado, tal e como lles vou explicar e xa coñecen. En primeiro lugar, informouse o sector de todos os protocolos a seguir por varios medios: pola Oficina Agraria Virtual, a través dos colexios veterinarios oficiais, a través das ADS ou a través das oficinas rurais.

E despois centrouse en determinar o número de casos positivos por EHE a partir das mostras obtidas. Para facelo, evidentemente, contamos co persoal propio da consellería; pero, dada a situación, tamén se autorizou que persoal alleo —como veterinarios clínicos privados ou as ADS— puidese tomar esas mostras. É dicir, en todo momento se facilitou tanto a declaración de sospeitas como a toma de mostras. De feito, dende o 16 de abril ata o 5 de decembro tomáronse mostras a case 7.000 animais sospeitosos de padecer EHE, dos cales resultaron positivos 5.371 e negativos 1.444. Houbo 407 animais sen mostra, 210 corresponderon a animais mortos nos que na inmensa maioría a persoa gandeira declarou directamente a morte



sen comunicar previamente a existencia de sintomatoloxía compatible coa enfermidade e ás veces mesmo cando xa fora recollido o cadáver. Isto impediu realizar a toma de mostras ou comprobar os síntomas do proceso do animal. Aínda así, 178 foron indemnizados ao existir outros casos positivos na explotación e considerar que existía unha dúbida razoable de que as mortes se produciran pola EHE.

Con todos estes datos sobre a mesa, iniciamos o sistema de indemnizacións para os afectados, que quedou do seguinte xeito: 20 euros por animal censado naquelas explotacións onde houbera algún caso positivo para tratamentos preventivos e desinsectantes e cen euros para os custos de tratamento veterinario, evidentemente, dos animais positivos. ¿O importe das axudas?, Pois xa as coñecen, as máis cuantiosas do Estado: 400 euros para bovinos menores de catro meses; para aqueles de catro a 18 meses, 900 euros; para os de 18 a 120 meses, 1.600 euros; e para os bovinos de máis de 120 meses, 1.000 euros.

E, por último, comezamos coa tramitación, que non se tramita en tres horas. Ben vexo o que coñece vostede a administración, señora Fernández. En tres horas non se saca ningunha orde de axudas. *(Aplausos.)* ¡Por favor, un pouquiño de responsabilidade! *(Aplausos.)* A Orde saíu o 27 de xaneiro e rematou o prazo o 27 de febreiro para aceptar esas axudas. Teremos un máximo de tres meses para que os afectados perciban os importes das axudas.

Moitas grazas. Nada máis polo de agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Fernández González.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidente.

Mire, unha orde de axudas non se saca en tres horas, pero unha nota de lavado de cara si que se saca en tres horas. Porque si que se sacou, evidentemente. *(Aplausos.)*

E voulle dicir, mire, na súa resposta escrita —que era practicamente o que me acaba de dicir agora, que ma mandou ao correo electrónico— recordáronnos que os gandeiros e as gandeiras tiñamos por lei a obrigaçión de comunicar os casos sospeitosos de EHE polo artigo 5 da Lei 8/2003, de sanidade animal. Ben, nós temos que comunicar os casos e vostedes teñen que proporcionar os medios para saber se son positivos ou non, para diagnosticalos. E iso non foi así, señora conselleira, porque eu mesma chamando á Oficina Agraria recibín como resposta: «sacade vós a mostra porque nós non temos capacidade». Os propios profesionais recoñecían que non eran capaces de levar a cabo o diagnóstico; vostede, se non quere recoñecelo, pois será que non está moi en contacto con eles. Nós avisamos e vostedes teñen que garantir o diagnóstico.

Nós non temos que pagarlle a un profesional privado que veña á nosa casa tomar a mostra; non temos que facer iso, iso é a súa función. Nós non lle temos que explicar que os estudos din que de cada cen animais sete están afectados, porque en Galiza de cada cen afectoulle a tres. ¡Que curioso! ¿Non sería que non se diagnosticaron todos, señora conselleira? *(Aplausos.)*



E nós non lle temos que explicar tampouco que centrar a prevención nas granxas afectadas única e exclusivamente deixa fóra o noventa por cento das granxas do país, fóra de calquera axuda para a vacinación; señora conselleira, quedan sen un euro para a prevención do 2025. Nós non tiñamos que saber como proceder e vostedes non informaron como foi debido. E nós non temos que revisar as contías das indemnizacións —que, por certo, xa teñen reclamacións— porque iso é función súa. Nós non lle temos que facer os cálculos para dicirlle que cen euros por animal e tratamento é outra burla ao sector, porque é catro veces inferior ao real.

Nós o que lle somos, élle gandeiros, e vostede, conselleira. ¡Actúe como tal! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Xa actúo como tal, señora Fernández. (*Murmurios.*)

Vostede xa vexo que está moi preocupada polo sector, acabo de comprobalo agora mesmo. Véñse de votar no Senado de España unha moción para sacar o lobo do Lespre por riba do río Douro. Un lobo que está matando centos e centos de poldros e de animais en extensivo e o que lle preocupa ao BNG é votar en contra de sacar o lobo do Lespre e en contra dos nosos gandeiros e gandeiras, que están reclamando todos os días os danos que lles está a facer nas súas explotacións. (*Aplausos.*) Iso é o que lle preocupa ao BNG. Curiosamente, incluso Bildu —fíxense o que digo— abstívose e o PNV votou a favor. (*Murmurios.*) Pero a representante do BNG no Senado deulle hoxe un gran apoio ao sector gandeiro galego, poden estar contentos. Felicítóos.

En canto ao de pagar cen euros por animal diagnosticado positivo, comprenderá vostede que o tratamento se aplica a un animal que estea diagnosticado e os cen euros foron acordados cos colexios veterinarios e cos profesionais do sector. Se vostede non está de acordo, pois será a súa opinión. E os vinte euros polo censo total dos animais das explotacións, evidentemente que se pagaron —ou se pagarán— a todas aquelas explotacións que teñan animais diagnosticados positivos, como non pode ser doutra maneira. Insisto: considero que as indemnizacións que van chegar aos gandeiros son bastante —non digo que cubran os custos totais dos danos dunha pandemia; e digo pandemia, como foi a EHE—, pero creo que son, desde logo, os máis cuantiosos deste país.

E eu ben sei que foi unha situación complicada e que os veterinarios oficiais da Xunta de Galicia non deron chegado a todas as explotacións. Precisamente por iso se pediu aos veterinarios das ADS e autorizouse a que calquera outro veterinario puidese sacar esas mostras para chegar á maioría das explotacións. Desde o Goberno da Xunta de Galicia puxemos todos os medios que tiñamos ao noso alcance. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, o de poucos ou moitos é unha consideración persoal na que eu non vou entrar.

Pero eu digo que, en canto ao de ir en contra desta conselleira... Non me dirá, señora Fernández, que eu non coñezo o sector e que non visitei explotacións. Precisamente este verán estiven en Quiroga...,



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): ...nunha de moitas explotacións...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): ...en extensivo de cachena...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grazas, conselleira. *(A señora Gómez Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Grazas.

Pregunta de D. Secundino Fernández Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia verbo da situación do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo denunciada polo seu propio persoal investigador

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra don Secundino Fernández Fernández, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidente.

Conselleira, ¿considera que o sector agrario é importante para o noso país? ¿Parécelle necesaria e importante a investigación agraria en Galiza? ¿Coñece o CIAM, o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo? ¿Visitouno algunha vez como conselleira? ¿Coñece a súa traxectoria centenaria? ¿Sabe vostede que o CIAM era un dos centros referenciais na investigación agraria? ¿Coñece que foi exemplo para toda a Península Ibérica no tocante á investigación en pasto, sistemas agrarios da franxa atlántica e producións agrícolas e gandeiras? ¿Sabe que era un centro investigador de referencia para os centros universitarios relacionados co agro? ¿Dáse conta de que o CIAM era un orgullo para todas as persoas relacionadas co sector agrario de Galiza? ¿Imaxínase por que lle falo en pasado?

Señora Gómez, ¿ten algo en contra da investigación agraria en Galiza? ¿Por que levan anos cun desmantelamento progresivo dos centros de investigacións agrarias de Mabegondo? ¿Por que os gobernos do PP menosprezan deste xeito a investigación agraria, concretamente Mabegondo e as estacións experimentais do Marco da Curra, a Pobra de Brollón e Salceda de Caselas? ¿Non lle parece que a investigación agraria é fundamental para este sector tan importante na Galiza?

Conselleira, ¿que opinión lle merecen as demandas públicas comunicadas á Consellería do Medio Rural polo persoal investigador do CIAM? ¿Parécenlle importantes estas demandas asinadas por 21 dos 23 investigadores e investigadoras do centro? ¿Que lle parece a falla de criterio nas liñas de investigación que denuncia o persoal investigador? ¿Que opinión ten sobre que se prioricen sen ter en conta a experiencia e o criterio do persoal investigador?



¿Por que non hai transparencia na xestión dos recursos da Agacal? ¿Por que non se publican convocatorias oficiais e criterios de selección? ¿Parécelle adecuada a intromisión nos proxectos de investigación? ¿Ten algo que comentar das intervencións arbitrarias nalgúns proxectos de investigación denunciados polo persoal e polas persoas investigadoras? ¿Considera que dende a Agacal desprezan ou hai desprezo pola experiencia dos investigadores? ¿Como xustifica a actitude de menosprezo cara ao seu traballo e á súa experiencia? ¿Coñece o trato denigrante cara ao persoal que denuncian nese escrito? ¿Coñece os informes emitidos con valoracións injuriosas? ¿Que opinión lle merecen estas demandas nas que expresan o profundo descontento cos xestores responsables da Agacal?

En resumo, como responsable da Consellería do Medio Rural, fágolle unha pregunta: ¿ten previsto resolver a situación denunciada polo persoal investigador do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas, presidente.

Moi bo día a todos de novo.

Señor Fernández, dixo unha pregunta; eu non as contei, pero dúas ou tres ducias deberon ir. (*Risos.*) Non sei a cal delas lle teño que responder. (*Aplausos.*)

Mire, antes de nada, déixeme dicirlle que non existe ningunha situación alarmante, nin caída en picado, nin desmantelamento do CIAM nin de ningún outro centro. O centro segue sendo un referente na investigación tanto en Galicia coma no resto de España e tamén fonte de orgullo para o Goberno da Xunta e para a Consellería do Medio Rural.

Actualmente, contamos con doce centros de investigación e formación que participan en accións de I+D+i, para os que destinamos partidas orzamentarias moi destacadas. No orzamento de 2025 establecéronse no ámbito dedicado ao investimento preto de 7,3 millóns de euros para I+D+i, dun total orzado de máis de 13,3 millóns, o que supón máis da metade da asignación dos recursos da axencia. E, no que se refire ás transferencias, máis de 4,5 millóns de euros dun orzamento que supera os 7,3. Estamos a falar, señores e señoras do BNG, do 61,77 por cento destinado á investigación. Como ven, apoio firme; nada de caída en picado. Estes son datos obxectivos; non pensamentos, nin sentimentos nin cousa que se lle pareza.

E, por outra banda, volven tocar de oído cando afirman que non valoramos os investigadores do CIAM. Mire, das 30 prazas posibles de cubrir, están 27 cubertas dentro dos investigadores e tecnólogos, e 3 están en comisión de servizo.



E claro que se fan investigacións, por suposto. ¿Investigacións que corren a cargo desta consellería? Por suposto. Pois mire, en accións de cooperación hai oito proxectos, cun importe de 1.348.000 euros. En proxectos europeos, cinco, cun importe de 1.758.000 euros. En recursos agrarios, outra liña de traballo interno, dez proxectos cun importe de 580.000 euros. En proxectos de convocatorias nacionais, dous, por valor de 354.000 euros. En proxectos Feader piloto e proxectos de grupos operativos, quince, cos que colaboramos cun total de 232.000 euros. E na convocatoria de proxectos de xeración de coñecementos, dous, para os que aportamos 316.000 euros. Máis de corenta proxectos nos que estamos implicados.

Así que, polo tanto, creo que nin desmantelamento sistemático, nin situación crítica, nin falta de investigación nin de investigadores. Eu creo que o orzamento é quen mellor dá conta de que non é verdade nada do que acaba de dicir. A realidade é investimento e apoio, e son contratacións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Conselleira, o persoal investigador comunicou coa dirección da Agacal a vontade de xuntarse e de trasladar as súas inxerencias sobre o progresivo desmantelamento do CIAM. A resposta dos responsables da Consellería foi o silencio. Agora parece que xa os convocaron para este luns.

Señora Gómez, as deficiencias, a degradación e o progresivo desmantelamento é un fito constatábel no CIAM de todos e todas. Se falamos de materiais e equipos e instalacións, é un sistema opaco, con múltiples deficiencias e no que non hai resposta ás mínimas demandas, só un abandono: equipos obsoletos, sen mantemento, temos o exemplo do banco de xeromoplasma, laboratorios danados e non arranxados...

Falaba vostede no tocante ao persoal. Aquí a actuación é nefasta e con premeditación. Amortizáronse e elimináronse prazas de investigadores e de persoal de apoio á investigación. Desapareceron catro prazas de investigadores e sete de apoio á investigación valoradas nun montante de 350.000 euros/ano. E non acaba aquí a cousa: teñen en previsión máis amortización de prazas.

Por outra banda, tampouco cobren todas as prazas vacantes existentes. Aí temos, por exemplo, o xefe de departamento de Pastos e Cultivos que non se cobre. Tamén agora estamos sen director, que está cesado. E imos, pois parece, cara a un centro de investigación sen investigadores e sen persoal de apoio no campo. De feito, no respecto ao persoal de apoio, ten que ir atender o gando no seu tempo libre para garantir a súa supervivencia. ¡O nunca visto, ter que ir no tempo libre!

E, no referente aos proxectos de investigación, falan —e falan nos medios de comunicación— de 35 proxectos. Pero resulta curioso que o CIAM non pode participar nestes proxec-



tos. Tería que figurar como colaborador externo; non ten capacidade de *[Inaudible.]* e intervención directa no proxecto. É un mero executor do que manda o beneficiario.

Conselleira, non mintan, non manipulen. A responsable da Consellería...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...é vostede, e, polo tanto, tamén...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...é responsable do que acontece nese centro.

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo. Grazas.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ¡Basta xa de escusas! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas, presidente.

Está claro que vostedes apúntanse e apuntan a todo, a ver se nunha destas soa a fruta.

O labor desta consellería e desta conselleira é responder sobre as cuestións técnicas de investimentos e de contratación, e non opinar sobre as sensacións persoais de ningunha persoa que traballe para esta Consellería. Por suposto, confío plenamente en que o trato que se dispensa a todos e cada un dos funcionarios e traballadores desta casa polos equipos directivos é exquisita. Porque, entre outras cousas, son compañeiros e funcionarios todos.

En canto ao que di do director. Mire, o director estaba en comisión de servizos. Pertence a outra consellería e, se fai falta na consellería de referencia, revógase unha comisión porque o necesitan no seu posto. Esta semana convocarase de novo esa praza. Pode estar totalmente tranquilo e seguro, que dende esta Consellería actuamos con total transparencia.

E a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, da que depende o CIAM e o resto de centros de investigación, ten varias canles para informar das convocatorias que se publican. Non hai escurantismo ningún. Dunha banda, hai unha aplicación, da que dispón a Axencia, na que se difunde toda a información relativa a convocatorias, resolucións das accións de cooperación e transferencia. Estou segura de que todos os investigadores e tecnólogos se desenvolven como peixes na auga nesa aplicación. E, por outra parte, están as comunicacións persoais, que se envían a todas as unidades mediante o correo electrónico que deixa un rastro sinxelo de comprobar. E, a maiores, periodicamente mantéñense reunións de coordinación con todas as direccións das unidades da Agacal, polo que poden preguntar sobre calquera cuestión e información de primeira man. De feito, a proba de que esas canles de comunica-



ción funcionan é que ata a data todas as accións de cooperación e transferencia solicitadas foron promocionadas e aprobadas.

E, en canto ás adxudicacións, as instalacións vanse dotando e renovando ano tras ano en función das prioridades establecidas e segundo os criterios de transparencia, que están sometidos aos órganos de control e auditoría pertinentes.

E, polo tanto, non é certo que se estean desmantelando os centros de investigación. En concreto, imos investir na súa mellora e dotación este ano 3.976.000 euros. E iso é unha realidade, non é unha apreciación. Sen contar os gastos de persoal, evidentemente, destinado ao capítulo de investimentos e transferencias.

Tampouco é que non se aposte pola investigación. Temos investigación propia, colaboramos coas universidades, con organismos europeos estatais e outros axentes. Por citar algúns: as ADS, LIGAL, Xenética Fontao, a Fundación Juana de Vega, CLUN... E moito menos que non se conte cos investigadores e tecnólogos, aos que se mantén puntualmente informados de todas as convocatorias e aos que se anima a participar en todas as iniciativas ao alcance.

Vostedes queren arrimar sempre a ascua á súa sardiña. Pero mire, xa non lles funciona. O que falan son os datos, non as especulacións, e en 2025 estamos a investir máis de once millóns en investigación.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Non hai máis asuntos. Remata aquí o pleno.

Boa tarde a todos e a todas.



Remata a sesión ás cinco e cincuenta e cinco minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereá Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

